PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 8

Sesión Plenaria
14 de decembro de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA (Continuación)

Punto 4. Interpelacións

4.1 791 (10/INT-000013)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre a política do Goberno galego en relación coa igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres
Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

4.2 995 (10/INT-000026)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

4.3 1315 (10/INT-000045)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín, e Pérez Seco, José Manuel
Sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza enerxética
Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

5.1 1979 (10/POPX-000004)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre os resultados que o Goberno galego pretende obter para Galicia na revisión do modelo de financiamento autonómico
Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 07.12.2016

5.2 2104 (10/POPX-000005)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre os acordos de país anunciados polo Sr. presidente da Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 07.12.2016

5.3 2119 (10/POPX-000006)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre a decisión de Pemex de abandonar o proxecto anunciado no porto exterior da Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 07.12.2016

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 1061 (10/POP-000095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos convenios asinados por Augas de Galicia cos concellos no segundo cuadrimestre de 2016
Publicación da iniciativa, BOPG nº 18, do 23.11.2016

6.2 1150 (10/POP-000101)

Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento no proxecto denominado Centro de Xestión Ambiental de Lousame das normativas europea, estatal e autonómica vixentes no referido á xerarquía do tratamento de residuos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 18, do 23.11.2016

6.3 1484 (10/POP-000161)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia, e dous deputados/as máis
Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do estado medioambiental da ría de Arousa
Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

6.4 736 (10/POP-000117)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín, e catro deputados/as máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do funcionamento da implantación da Tarxeta Xente Nova desde a súa activación
Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

6.5 1320 (10/POP-000146)

Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón, e trece deputados/as máis
Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística en relación coa pobreza enerxética
Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

6.6 2090 (10/PUP-000035)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa
Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co incumprimento pola empresa Pemex dos seus compromisos de construción naval nos estaleiros de Barreras, así como as posibles consecuencias para o sector naval galego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 07.12.2016

6.7 2118 (10/PUP-000036)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis, e Lago Peñas, José Manuel
Sobre a deterioración existente en Galicia na distribución do emprego por idades
Publicación da iniciativa, BOPG nº 26, do 07.12.2016

6.8 1250 (10/PUP-000034)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa xestión que está a levar a cabo a Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG nº 19, do 24.11.2016

6.9 1371 (10/POP-000150)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique, e tres deputados/as máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da posible incidencia do Brexit no sector pesqueiro galego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os resultados que o Goberno galego pretende obter para Galicia na revisión do modelo de financiamento autonómico. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Leiceaga Fernández (S).* (Páx. 9.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 10.)
Réplica do autor: *Sr. Leiceaga Fernández (S).* (Páx. 12.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os acordos do país anunciados polo Sr. presidente da Xunta de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 14.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 15.)
Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 17.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a decisión de Pemex de abandonar o proxecto anunciado no porto exterior da Coruña. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 18.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 19.)
Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 21.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 22.)

Interpelación de Dª Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Verao (EM).* (Páx. 24.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 27.)
Réplica da autora: *Sra. Vázquez Verao (EM).* (Páx. 29.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 31.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e Dª Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 32.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 36.)
Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 39.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 41.)

Interpelación de D. Abel Fermín Losada Álvarez e D. José Manuel Pérez Seco, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza enerxética. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 43.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 46.)
Réplica do autor: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 49.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 51.)

Pregunta de Dª Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego respecto dos convenios asinados por Augas de Galicia cos concellos no segundo cuadrimestre de 2016. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 53.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 54.)
Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 55.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 56.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García, do G. P. En Marea, sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento no proxecto denominado Centro de Xestión Ambiental de Lousame das normativas europea, estatal e autonómica vixentes no referido á xerarquía do tratamento dos residuos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Cal Ogando (EM).* (Páx. 57.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 58.)
Réplica do autor: *Sr. Cal Ogando (EM).* (Páx. 59.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 60.)

Pregunta de Dª Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do estado medioambiental da ría de Arousa. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 61.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 63.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 64.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 65.)

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e catro deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do funcionamento da implantación da Tarxeta Xente Nova desde a súa activación. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Antón Vilasánchez (P).* (Páx. 66.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 67.)
Réplica da autora: *Sra. Antón Vilasánchez (P).* (Páx. 68.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 69.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística en relación coa pobreza enerxética. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 70.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 72.)
Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 73.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 74.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente anuncia unh modificación na secuencia do punto de preguntas ao Goberno, coa anticipación da que figura como número 8. (Páx. 75.)

Pregunta de Dª Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego en relación coa xestión que está a levar a cabo a Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 75.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 76.)
Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 78.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 79.)

Pregunta de Dª Noa Presas Bergantiños, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co incumprimento pola empresa Pemex dos seus compromisos de construción naval nos estaleiros de Barreras, así como as posibles consecuencias para o sector naval galego. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 80.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 81.)
Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 82.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 82.)

Pregunta de D. José Manuel Lago Peñas, do G. P. de En Marea, sobre a deterioración existente en Galicia na distribución do emprego por idades. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lago Peñas (EM).* (Páx. 83.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 84.)
Réplica do autor: *Sr. Lago Peñas (EM).* (Páx. 84.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 85.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia a retirada da derradeira pregunta da orde do día. (Páx. 86.)

Declaración institucional en relación cunha petición do indulto a dous traballadores condenados por sucesos acaecidos nunha folga do sector do transporte do ano 2008

O señor presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, sobre a petición de indulto para dous traballadores condenados por sucesos acaecidos nunha folga do sector do transporte do ano 2008, que se aproba por asentimento. (Páx. 86.)

Remata a sesión ás dúas e oito minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto quinto da orde do día, que se corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os resultados que o Goberno galego pretende obter para Galicia na revisión do modelo de financiamento autonómico

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Leiceaga.

O señor LEICEAGA FERNÁNDEZ: Señor Núñez Feijóo, imos hoxe debater de financiamento autonómico. Normalmente este é un debate —digamos— árido e pouco interesante, pero, non obstante, para os cidadáns debería de ser un debate de enorme importancia, porque ao final o financiamento autonómico é o que nos di canta actividade vai ser capaz de soportar establemente a Xunta de Galicia, é dicir, cantos servizos básicos imos poñer á disposición dos cidadáns, en que medida somos capaces de investir en actividades produtivas ou en infraestrutura necesaria.

Como ben sabe vostede, este modelo debía de estar revisado ao cabo de cinco anos, por tanto, en 2014. Non se fixo. O ministro do ramo explicou que había dificultades económicas evidentes e dificultades políticas, seguramente tamén evidentes, para que isto se producira.

Pero, non obstante, no ano 2017 hai un compromiso deste mesmo ministro de facer a revisión, e eu creo que é razoable, despois de oito anos, facer unha revisión deste modelo. Ademais, debería ser unha revisión —supoño que vostede compartirá comigo— que, aínda que se faga durante 2017, xere efectos xa desde, cando menos, xaneiro deste ano.

Entón, é urxente definir que lle pedimos desde Galicia á revisión deste modelo, que lle pide sobre todo o señor presidente da Xunta e o seu Goberno, que demandas fai e cales son os obxectivos que traza para que Galicia poida ter un resultado razoable despois da revisión do modelo.

Non debemos ignorar que este modelo xa atende as necesidades de gasto, aínda que sexa de forma imperfecta. É un modelo que ten un compoñente redistributivo forte, non é un modelo que estea centrado nas capacidades tributarias das comunidades, non é así. É un modelo, ademais, que, polas ponderacións que introduce para definir e calcular as necesidades de gasto, xa ten en conta elementos tanto de custo como de demanda, é dicir, xa os ten en conta. Pode non gustarnos a ponderación, pero xa ten en conta a dispersión e ten en conta por exemplo o avellentamento.

Claro que pode ser mellorado. Eu mesmo, en escritos académicos ou periodísticos, defendín que ese modelo tiña obxectivos confusos, procedementos farragosos e que tiña problemas de inequidade residual, que había problemas de autonomía tributaria. Pero non debemos ig-

norar que, a pesar de todo, este modelo dá para Galicia uns resultados que non son desprezables. En termos de necesidades de gasto por habitante, aproximadamente estamos no punto 108, e en termos de financiamento por unidade de necesidade estamos tamén por enriba da media.

Por tanto, é importante non descoñecer estes resultados á hora de plantearnos unha revisión, e neste sentido a min me gustaría que vostede fixera unha avaliación dos resultados do modelo e un novo escenario cara a onde debe encamiñarse Galicia nos próximos tempos.

E, para isto, é moi importante tamén ser capaz de tecer complicidades, complicidades externas e internas en Galicia, políticas e da sociedade civil. O seu grupo, coa súa maioría, pois dixo que non á comisión parlamentaria especial sobre isto que nos propoñiamos, pero estou seguro de que vostede terá algún elemento para establecer un consenso político e social en Galicia que defenda a nosa posición.

Por iso lle pregunto: ¿que resultados espera obter da revisión deste modelo?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, estou de acordo co contido da súa exposición, empezando por subliñar a importancia dun modelo de financiamento autonómico para Galicia.

Efectivamente, señoría, recordará, no recente debate de investidura, que alí vostede e mais eu nos pronunciamos en relación con este plantexamento do modelo autonómico dende o punto de vista do financiamento.

Nós plantexabamos tres cuestións básicas: a primeira, a estabilidade do modelo; a segunda, a sustentabilidade do modelo; e a terceira, a progresividade do modelo.

¿Estable por que? Porque non pode haber un modelo suxeito a cambios de forma permanente, señoría.

Sustentable, porque non vale un modelo onde se lles diga ás comunidades autónomas que van ter diñeiro para todo, é dicir, frustrante e irreal, pero tampouco vale un modelo en que as comunidades autónomas sexan o parente pobre da estrutura do Estado en España.

E, por último, progresivo, progresivo porque así foi sempre entre as persoas, as que pagan máis e as que pagan menos en función dos seus ingresos, e en consecuencia tamén entre o conxunto das comunidades, que formamos o único Estado, o Estado das autonomías.

Por tanto, señoría, o modelo, en definitiva, non pode estar ao arbitrio de presións derivadas de xogos arbitrarios nin de posicionamentos políticos ou ideolóxicos por parte dos gobernos de turno de cada comunidade autónoma.

En definitiva, señoría, o modelo ten que falar do custo efectivo dos servizos que prestamos —ese é o plantexamento que me gustaría compartir con vostede—, o custo real dos servizos que prestan as comunidades autónomas, e o custo real ten moito que ver —moitísimo que ver— coa dispersión, ten moitísimo que ver co avellentamento da poboación e ten moito que ver coa evolución demográfica, que hoxe volvemos coñecer en relación con España e en relación con Galicia.

Señoría, ¿por que o custo real? Porque xa en Galicia temos máis do 24 % da poboación maior de 65 anos, cinco puntos máis que a media de España.

O custo efectivo, porque a dispersión poboacional en Galicia conta por exemplo co 14 % dos centros de saúde de toda España, tendo unha poboación do 6 %.

O custo real, señoría, porque, sen saír da sanidade, un facultativo de atención primaria atende quince entidades singulares en Galicia, e en España, dúas entidades singulares. Un custo real, señoría, porque o avellentamento e a dispersión da poboación en Galicia xera uns custos dende o punto de vista sanitario importantísimos. Un custo real, señoría, porque o transporte escolar en Galicia é catro veces máis que a media de España. E un custo real porque, por exemplo, en Galicia temos o 8 % do total dos centros escolares de España, mentres que temos un 6 % do total dos alumnos.

Polo tanto, señoría, estamos ante un debate técnico, certamente, pero tamén ante un debate político, e aí si me gustaría ter unha posición reforzada, e aí vostedes teñen un papel, e gustaríame contar con vostedes para esa posición reforzada.

Señoría, o debate de financiamento nada ten que ver con plantexamentos soberanistas e independentistas. Gustaríame que vostede estea de acordo con isto.

Señoría, o debate do financiamento nada ten que ver coas hectáreas dos territorios nin cos principios identitarios dos territorios. Co financiamento imos falar de maiores e de nenos, de cidades e de aldeas.

E, por último, señoría, creo que no debate de financiamento ten unha peza separada cada vez máis importante o sistema do financiamento da sanidade pública. O 42 % do gasto das comunidades autónomas é sanidade pública.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se non facemos unha peza separada do gasto sanitario, ao final non estaremos nos plantexamentos que vostede e eu de momento defendemos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, señor presidente da Xunta, espero que non o deducira das miñas palabras, eu dende logo non vexo de onde pode deducirse que o meu plantexamento ten algo que ver cos asuntos identitarios; máis ben o meu plantexamento claramente ten que ver coas necesidades de gasto, que vostede chama custo efectivo e eu chamo necesidades de gasto. Pero non me quedou claro se vostede aspira a que mellore a posición de Galicia nos seus resultados co novo modelo en termo de financiamento por unidade de gasto ou non, porque iso é decisivo.

Algunhas das cousas que plantexa sóanme ben. Nós temos feito tamén unha avaliación do modelo, e cremos que hai que mellorar o equilibrio vertical entre o Estado e as comunidades en favor das comunidades, xustamente porque soportamos os servizos básicos dende as finanzas autonómicas.

Cremos tamén que hai que reforzar a ponderación que ten a sanidade no modelo, que está bastante por debaixo do seu peso real, está no vinte e tantos por cento, e debería de ser como mínimo o 40 %.

Cremos que hai que introducir dous novos tramos para a poboación equivalente para efectos sanitarios e para a poboación tamén para efectos da seguridade social: maiores de 75 e maiores de 85, que xeran máis gasto.

Cremos que hai que facer moitas outras reformas que teremos oportunidade de discutir. Pero a miña pregunta é: ¿e, ao final disto, imos ter máis recursos por unidade de necesidade ou non? ¿Cal é o seu plantexamento? ¿Vostede defende que iso debe ser así ou cre que coa situación que temos é xa suficiente?

E, en segundo lugar, está ben tender a man para o consenso. ¿Que procedementos quere poñer en marcha? Vostedes dixeron que non a unha comisión parlamentaria, podo entendelo, pero díganme cal é o instrumento, e se ese instrumento é un instrumento equilibrado e sensato, inclusivo, no que esteamos todos os grupos políticos e despois podemos trasladalo á sociedade civil, sen dúbida tamén imos estar de acordo.

Non temos un plantexamento excluínte, nin moito menos, pero si queremos saber, antes de empezar, cales son os obxectivos que se plantea o Goberno da Xunta en relación con este tema.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, en ningún caso eu dixen que o seu plantexamento tiña que ver cos principios identitarios, o que si intentei translucir é que no seu partido si que hai eses plantexamentos, e eu vou sentarme alí cos presidentes das distintas comunidades autónomas, algúns deles do seu partido, e, en consecuencia, señoría, non tería moito sentido, para non enganar a ninguén, que vostede aquí me diga unha cousa pero que despois no Consello de Política Fiscal e Financeira o seu partido defenda xustamente a contraria, porque iso non sería útil para ninguén.

E por iso me agrada que vostede volva reiterar hoxe que o financiamento nada ten que ver cos principios identitarios e cos principios soberanistas e polo tanto que vostede está moito máis próximo aos plantexamentos deste grupo parlamentario maioritario que aos plantexamentos, por exemplo, doutros grupos parlamentarios que plantexan a autodeterminación, principios soberanistas e identitarios.

Tranquilízame, dende que vostede é portavoz, porque anteriormente vostedes estaban a favor de que se plantexara un sistema de concerto en Galicia. Si, señoría, votouse a favor. E iso, como sabe vostede, é un pésimo negocio para o país. Xa sei, señoría, que vostede non o defendía, vostede non estaba na Cámara e agora está; tranquilízame. Pero quero dicirlle que, cando lle plantexo este tipo de cuestións, é que, se o Partido Socialista Obreiro Español en Galicia e o Partido Socialista Obreiro Español na totalidade do Estado falan coa mesma linguaxe, podemos avanzar, señoría.

E eu vou defender os intereses de Galicia. Se hai algún presidente de comunidade autónoma do meu partido que defenda outros intereses, haberá enfrontamento, señoría. Gustaríame que vostede tamén plantexe esa cuestión dunha forma clara. E vostede, no que poida incidir no Partido Socialista en Galicia, incida, señoría. Eu, dende logo, pódolle asegurar que non vou en ningún caso desaproveitar a oportunidade de poñer en valor principios que vostede e eu compartimos.

Por exemplo, que o valor e o peso da sanidade no sistema financeiro suba. Por exemplo, que as estruturas etarias, efectivamente, se teñan en conta. Non é o mesmo o gasto sanitario en idade pediátrica que o gasto de 65 a 70 ou de 70 a 75 anos, ou de 75 a 80 anos, ou de 80 anos a 85 anos. Iso levámolo defendendo aquí antes de que vostede chegara nesta lexislatura que acabamos de comezar.

Polo tanto, señoría, coincidimos.

Mire, señoría, nós defendemos e defenderemos que é compatible un sistema bo para Galicia e para o conxunto de España. ¿Por que? Porque a igualdade é positiva para todos, e non imos pedir máis do que nos corresponda, señoría, pero non vou pedir menos do que lle corresponde a Galicia. Non é ningunha novidade. Díxeno na miña toma de posesión como presidente da Xunta de Galicia nun salón deste Parlamento, diante do presidente do Goberno de España.

Mire, señoría, do que se trata é de cambiar o actual modelo, imposto bilateralmente entre o tripartito da Generalitat de Cataluña, o Partido Socialista de Cataluña e o Partido Socialista Obreiro Español en Madrid, imposto unilateralmente a todos.

Mire, ¿Galicia é responsable? Si. ¿Galicia cumpre? Si. ¿Galicia vai defender a igualdade? Si. ¿Galicia defende a unidade do país? Si. ¿Galicia é unha comunidade seria? Si. ¿Somos bos? Si. Pero non somos parvos, señor Leiceaga.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os acordos do país anunciados polo Sr. presidente da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, durante o debate de investidura fíxenlle unha pregunta que hoxe vou repetirlla. Non sei se sente vostede nalgún momento algún reparo ao comprobar que a súa palabra non vale nada. Pregúntollo ante incumprimentos tan escandalosos como cando falamos do AVE, de Pemex ou cando falamos da AP-9.

No 2012 vostede anunciounos, por terra, mar e aire, unha alianza estratéxica con Pemex —non sei se lembra— nese ano electoral as súas promesas; iamos construír catorce remolcadores, floteis; a petroleira ía ter a súa base loxística en Punta Langosteira; falou de quimiqueiros... En fin, isto era jauja, señor Feijóo. A realidade foi moi diferente —e pode crerme que ben que o sinto—. Todo quedou en dous floteis e na venda a prezo de saldo dun estaleiro histórico para este país. As rías de Vigo e Pontevedra si están cheas, cheas de mentiras e de miles de persoas defraudadas, porque vostede estivo xogando coa súa esperanza.

Pero falemos dun segundo tema importante: a chegada do AVE. Vostede, nada máis ser electo presidente da Xunta de Galiza, firmou o pacto do Obradoiro; blindaba o AVE para o 2015, logo para o 2018, agora seguimos esperando. Eu, señor Feijóo, non sei vostede a quen cre: se ao ministro que nos anuncia que vai haber atrasos pola mañá ou ao ministro que nos di que todo era mentira pola tarde. Comprenderá, señor Feijóo, que isto non é serio cando estamos falando dun tema tan importante, e o que certificaron foi que o AVE non vai chegar a Galiza no ano 2018, como vostede dicía que blindara.

Mais non quedan aquí os éxitos desa reunión que vostede cualificou de histórica co ministro de Fomento, ese *ministro del norte*. Vostede tamén falou da AP-9. O ministro dixo que, en relación coa transferencia da AP-9, nada de nada. E vostede calou a pesar de que sabe que os vascos e os cataláns levan desde hai moitos anos xestionando transferencias similares. O ministro díxonos que, do rescate da AP-9, nada de nada, que os galegos teñen que seguir pagando unhas peaxes que son unha auténtica estafa. E vostede cala mentres o seu partido di que hai 5.000-6.000 millóns —o que faga falta— para rescatar unhas radiais madrileñas que son unha auténtica ruína.

E, como traca final, onte mesmo, no Congreso dos Deputados, a presidenta, deputada pola provincia de Pontevedra, asina o veto ao debate da lei que aprobaramos por unanimidade neste Parlamento para transferir a AP-9.

A conclusión, señor Feijóo, desta inmensa tomadura de pelo é que ou ben vostede toma a pitorreo os galegos e as galegas e a Galiza ou ben a vostede o toman a pitorreo no seu partido.

E eu hoxe pregúntolle se vostede vai seguir pola liña de culpabilizarme a min de todos os males habidos ou por haber ou realmente vai empezar a exercer como presidente deste país, dar a cara polos nosos intereses e demostrarnos, aínda que só sexa por unha vez, que a súa palabra vale para algo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, fagamos un pouco de memoria. Alá por 1976-1977... *(Risos.) (Aplausos.)*, si, señoría, aprobabamos a Lei de reforma política e despois a Constitución; por certo, a norma que nos permite estar hoxe aquí e que vostede sexa a portavoz dun grupo parlamentario e que eu sexa o presidente da Xunta de Galicia, a norma que nos permite ter un Parlamento e ter un Estatuto de autonomía.

O nacionalismo daquela mostrábase en contra da Constitución e o nacionalismo daquela mostrábase en contra da autoestrada do Atlántico. O nacionalismo segue en contra da Constitución —aí non variou moito— pero agora o nacionalismo parece ser que está a favor da autoestrada do Atlántico. Polo tanto, señoría, quero felicitarlle porque vostedes pouco a pouco vanse movendo na dirección correcta.

Mire, señoría, nós temos claros os nosos plantexamentos, non mudamos en función de quen estea no Goberno. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu son bastante máis serio co Goberno do meu partido do que vostede era co Goberno do Partido Socialista en Madrid cando gobernaba o PSOE. *(Aplausos.)* Por iso, señoría, non hai ningún problema en falar do posicionamento da autoestrada do Atlántico; para nós a transferencia da autoestrada do Atlántico segue sendo un plantexamento irrenunciable.

Segundo punto, señoría. Nos últimos quince días —dende que tiven ocasión de desfrutar da súa pregunta e vostede da miña resposta— *(Risos.)* en Galicia pasaron cousas en relación coa autoestrada do Atlántico, houbo efectivamente unha reunión co ministro de Fomento. Mire, voulle comentar o que había antes e o que hai agora. Ata agora, dende 1973 —data da concesión—, Galicia non tivo ningunha opinión na autoestrada do Atlántico. Agora, señoría, hai unha comisión bilateral —da que estamos concretando o alcance e contido— para a xestión conxunta da autoestrada do Atlántico. Primeiro cambio.

Segundo cambio. Señoría, de momento, ata o de agora, na autoestrada do Atlántico —titularidade estatal cando vostede estaba no Goberno— pagaban —e asinaron o convenio— 6

millóns de euros para financiar as peaxes dunha autoestrada estatal. Agora, señoría, Galicia non pagará un euro. Iso significa un aforro de 186 millóns de euros en favor do patrimonio da Comunidade Autónoma. *(Aplausos.)*

Señoría, en quince días pasamos da xestión unilateral do Estado á xestión conxunta entre o Goberno central e a Comunidade Autónoma. E pasamos de pagar 6 millóns de euros —levamos pagados 52 millóns de euros dende que vostedes asinaron o convenio— a Galicia aforrar 186 millóns de euros. Xa sei, señoría, que a vostede iso lle parece pouco, pero, dende logo, con 186 millóns de euros case se pode facer unha ponte nova.

Polo tanto, ¿cal é o plantexamento dos nacionalistas? O plantexamento nacionalista, señora Pontón, é votar en contra de solicitar a transferencia da autoestrada do Atlántico, como fixo vostede. Segundo, firmar con Madrid financiar as peaxes dunha autoestrada estatal, como fixeron vostedes, e nós tivemos que seguir co convenio ata que o denunciamos. E terceiro, señoría, a xestión compartida da autoestrada do Atlántico, o aforro de 186 millóns de euros en peaxes da Comunidade Autónoma de Galicia e o plantexamento irrenunciable da transferencia da autoestrada do Atlántico é o posicionamento deste grupo maioritario e deste goberno.

Máis nada, moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: A verdade é que, señor Feijóo, vostede sempre se supera a si mesmo cando se trata, si, si, de ser servil aos intereses de Madrid. E teño que dicirlle que nalgunhas ocasións o grave é que vostede roza o ridículo, e isto preocúpame, porque vostede é presidente da Xunta de Galiza.

Di que vostede non cambia de criterio. Mire, no ano 2012 o señor Núñez Feijóo dicía: "*No consentiré que el AVE se retrase más allá de 2018*". Isto é destes días, señor Feijóo: "*Si ponen el dinero, tendremos un AVE con un corrimiento de fecha razonable*". É vostede, señor, o rei do eufemismo e é o rei das traizóns a este país.

Mire, vostede fala de histórico unha comisión que ¿en que consiste exactamente? ¿En que vai vostede negociar con Audasa como se arreglan as fochancas? Pero, señor Feijóo, tómese a vostede mesmo un pouquiño máis en serio, porque creo que cando falamos da xestión da AP-9 estamos falando de algo moi importante. E vostede aceptou non só que o seu ministro —ese *ministro amigo del norte*— lle dea carpetazo á transferencia da AP-9, senón que tamén aceptou que a ex-ministra, deputada do seu partido, rompa a reclamación unánime deste Parlamento co veto da vergoña. ¿Vai vostede facer algo, señor Feijóo? ¿Ou vai simplemente quedar de brazos cruzados pensando que con propaganda e eufemismo dá igual o que pase neste país?

Pois, mire, eu anúnciolle que desde o Bloque Nacionalista Galego imos seguir traballando para que se consiga a modernización do ferrocarril no noso país e para que consigamos unha AP-9 galega e libre de peaxes.

E dígolle tamén —e podo dicirlle— que imos facer dúas propostas moi concretas: a primeira, o BNG vai traer a esta Cámara a presentación dun recurso ante o Tribunal Constitucional polo veto ante o debate da lei que aprobaramos por unanimidade. *(Aplausos.)* Agardo, señor Feijóo, ter o apoio de todos os grupos nesta Cámara para facelo.

E, en segundo lugar, ¿vai vostede facer algo ante o ridículo que está facendo, que nin tan sequera ten peso suficiente para que as leis que aprobamos aquí se respecten en Madrid? Pois eu xa lle digo: se non hai unha rectificación inmediata, desde o Grupo Parlamentario do BNG solicitaremos a reprobación da presidenta do Congreso pola aldraxe a este país, por cometer a irresponsabilidade e a soberbia de dicir "non" a unha lei que é beneficiosa para os galegos e para as galegas.

Señor Feijóo, ten que escoller de que lado quere estar: do lado de Galiza ou do lado daqueles que rompen cos acordos deste país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Iso de aldraxe sóame, señoría, *(Risos.)* era o que dicían vostedes cando se facía a autoestrada do Atlántico, e, polo tanto, agora seguen coa aldraxe pero en distintas versións. Mire, señoría, coñecémonos, e o importante é que os galegos nos coñecen a todos e por iso son presidente da Xunta de Galicia, señoría. *(Aplausos.)* Si, señoría, levamos oito anos gobernando, os galegos coñécenme ben e miden o valor da palabra de cadaquén. E por iso o 25 de setembro os galegos acaban de falar dunha forma clara e nítida.

Mire, señoría, alégrame saber que vostedes queren a autoestrada; é, dende logo, un cambio cualitativo importante no nacionalismo do país. Falan vostedes de rescates e falan vostedes doutras cousas. Supoño que vostedes saben que cando estaban no Goberno firmaban a responsabilidade patrimonial nas autovías da Comunidade Autónoma: na autovía do Salnés, na autovía do Barbanza, na autovía Brión-Noia... Si, señoría. O que agora están discutindo que o Goberno central fai, que é cumprir o contrato, eran os contratos que vostedes firmaban cando estaban no Goberno. Están aquí á súa disposición, señoría. ¿A quen queren enganar? ¿A quen queren enganar? Si, señoría, as autovías de Galicia con peaxe en sombra teñen unha responsabilidade patrimonial, igual que as radiais, no caso de que quebren, e eses contratos asináronos vostedes cando estaban no Goberno. E, polo tanto, non enganen a ninguén, porque a enganar a xente non ten dereito ninguén e moito menos un deputado ou unha deputada, señoría. *(Murmurios.)*

Pero sigamos, señoría. Claro que non vou enganar a xente á que me debo no tema do AVE. E por iso dende a oposición dixen que todas aquelas cousas que dicía o BNG e o PSOE de que o AVE estaría no ano 2012 era realmente unha aldraxe en sentido estrito. Vostede calaba, señoría, eu non. E non vou calar, señoría, porque estou defendendo o meu país con plantexamentos e con discurso político.

E sobre todo, señoría, estou defendendo o meu país. ¿Sabe por que? Porque me debo a el e a ninguén máis. E, como me debo a el, sei perfectamente que durante un ano de bloqueo do Goberno de España ninguén puido asinar ningún contrato no país porque a lei o prohibe. E agora pediríalle a vostede: ¿van vostedes bloquear o presuposto para o ano 2017? Porque se durante un ano bloquean a posibilidade de modificar ou contratar e durante o ano seguinte bloquean que España teña presuposto, ¿como imos facer o AVE, señoría? Espero que España teña presuposto no 2017 e non deamos posteriormente un plantexamento equivocado.

Mire, señoría, os galegos cren na miña palabra, e por iso nunca lles direi aos galegos que se conseguimos a titularidade da autopista as peaxes van ser gratis; iso déixollo a vostede e á súa conciencia. *(Aplausos.)*

E vólvolle reiterar, señoría: a estas alturas non hai que repensar o AVE, hai que facelo. O AVE ten que estar feito no ano 2018 e os problemas concretos dos tramos concretos teñen que ter unha resposta concreta. Pero, dende logo, non vou pasar por menos, señoría. ¿Sabe por que? Porque non vou cambiar de opinión, nin cando estaba na oposición nin cando estiven no Goberno nin agora que acabo de asumir as novas responsabilidades do Goberno. E no mes de xaneiro téñennos que dicir cales son os problemas concretos e como se resolven os problemas concretos. Pero, dende logo, eu nunca participarei nun Goberno onde dixen que o AVE estaría en Galicia no ano 2012; vostede, si.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a decisión de Pemex de abandonar o proxecto anunciado no porto exterior da Coruña

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, efectivamente, moita xente confiou en vostede nas pasadas eleccións, presentouse como militante de Galicia e moita xente confiou na súa palabra. ¿Cal é o problema da súa palabra? Que pasaron tres meses desas eleccións e xa vimos varios incumprimentos consecutivos desa palabra: incumprimentos na AP-9, incumprimentos no AVE, incumprimentos con Pemex... Parece que a súa palabra vale pouco ou non vale nada ou que a súa febleza política é moi alta, tanto aquí como dentro da estrutura do seu partido en Madrid.

Con relación á AP-9, non foi vostede quen de facer valer a posición unánime deste Parlamento á hora de defender unha posición política de país en relación coa AP-9, en relación coa infraestrutura estratéxica, e non puido evitar o veto do propio Parlamento feito polo seu partido. Esa é a súa febleza. Tampouco en relación co AVE foi capaz de facer valer os prazos que vostede mesmo se impuxera para a finalización das obras, e actuou máis como un delegado do Goberno, como un chico dos recados de Rajoy ou dun recén chegado ministro de

Fomento que como unha persoa verdadeiramente responsable polo seu país e presidente do seu país.

Pero é que, ademais, incumpriu tamén a súa palabra en relación con Pemex. Vostede vendeu un fume, vendeu unhas promesas de algo que non podía cumprir, de algo que non dependía de vostede, e fíxoo para facer pasar en toda Galicia como un éxito electoral propio e como un éxito político propio o que non dependía de vostede. O que fixo con Pemex, anunciando carga de traballo inxente para toda a ría de Vigo, que despois non puido cumprir, e do que aínda en Vigo están esperando explicacións por esa situación, é algo que lle debería facer reconsiderar como trata vostede as promesas electorais de asuntos que non pode cumprir.

E especialmente significativo foi tamén as promesas que fixo en 2012 en relación con Punta Langosteira, asegurando que se ía crear alí unha terminal de hidrocarburos, que Pemex traería a maior terminal de hidrocarburos para todo o sur de Europa, e quedou todo en nada.

Vostede o 3 de outubro de 2012 chegou a sentarse nunha reunión do Consello de Administración de Pemex celebrado aquí en Galicia, chegouse a sentar na reunión do Consello de Administración, pensou vostede que era conselleiro delegado de Pemex. Iso si, despois, por primeira vez en vinte e cinco anos da súa carreira política non fixo declaracións á saída, porque saíu un pouco ruborizado desa identificación completa da súa faceta empresarial coa súa faceta política, e quedou completamente desacreditado. Iso si, Enrique Losada, o presidente da Autoridade Portuaria, saíu por vostede a dicir que se sentou alí porque era de ben nacidos ser agradecidos. A partir de aí a súa campaña electoral xirou en torno a esa promesa que vostede se apuntaba como un logro propio. Ben, a xente confiou na súa palabra en 2012, en 2013, en 2014, e agora, hai quince días, ten vostede que saír a defender a Pemex, escusando a Pemex por non facer a obra de Punta Langosteira, unha obra que traería moitos postos de traballo para toda a área metropolitana da Coruña.

En vez de vostede exixir explicacións a quen incumpre os seus contratos e a quen incumpre as súas promesas, despois de enganar a vostede e facelo sentar no consello de administración, como se fose vostede un membro máis, directivo, do Consello de Administración de Pemex, en vez de exixir esas responsabilidades, vostede vai e compórtase como o conselleiro delegado que non é de Pemex, desculpando a propia empresa por non facer esa obra.

Vostede vendeu como propio un logro ao que non tiña dereito, porque non dependía de vostede nin dependía da Xunta. Se asumiu daquela como logro iso, ¿agora vai asumir o seu fracaso por non se ter producido ese investimento? ¿Vostede, que era militante de Galicia, vai asumir agora ese fracaso como propio? ¿O que antes asumiu como éxito agora vaino asumir como fracaso? ¿Que quedou de toda esa propaganda, señor presidente? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, dime vostede que non teño o liderado dentro do meu partido. Bueno, iso, como é natural, é a súa opinión. Eu creo que vostede si, cada vez ten máis liderado dentro do seu partido. *(Risos.) (Aplausos.)*

Pero, cuestións á parte, señoría, benvido ao mundo das empresas. Pero debería vostede distinguir os consellos de administración. Eu nunca me sentei nun Consello de Administración de Pemex, non sei a que se refire vostede. Creo que os consellos de administración de Pemex se celebran en Distrito Federal, en México. Polo tanto, nunca me sentei nun Consello de Administración de Pemex, nin como invitado nin como observador. Pero, probablemente, como vostede acaba de chegar ao mundo das empresas, aínda non distinga aínda que é un consello de administración. *(Risos.)*

Mire, señoría, o pasado mes de outubro comparecía no Congreso da Unión o secretario xeral de Enerxía do Goberno Mexicano. E dixo alí que os ingresos de Pemex caeran un 75 %. Pemex é finalmente unha empresa e, como tal, debe estar suxeita unha racionalidade económica. Como toda empresa, se decaen os seus ingresos nesta magnitude, necesita facer axustes. Isto é o que dicía o ministro de Enerxía do Goberno mexicano. É dicir, unha caída dos ingresos de Pemex do 75 %. Supoño que para vostede isto terá algún valor. Cando Pemex asinou o acordo en Galicia, o prezo do barril estaba a 114 dólares. En decembro do pasado ano estaba a 34 dólares e agora está cun repunte a 56 dólares. Por darlle datos sobre esa empresa, dado que vostede ten interese en coñecelos, no ano 2013 Pemex perdeu 11.000 millóns de dólares; en 2014, 15.400 millóns de dólares; en 2015, 40.000 millóns de dólares; e en 2016, 7.300 millóns de dólares.

Polo tanto, señoría, claro que nos agradaría que Pemex manteña todos os seus investimentos en Galicia, pero ¿vostede cre que unha empresa con este resultado pode manter todos os investimentos en Galicia ou en México ou en calquera outro lugar do mundo? Señoría, ¿agora son eu o responsable da caída do prezo do cru? Si, bueno... *(Risos.)*

Señoría, eu asumo todas as responsabilidades que vostede me queira implantar, pero os galegos sabemos ler e escribir, señorías. Mire, se vostede me di: ¡oia!, os contratos de Pemex, mire, nesta Cámara hai testemuña de todas as cousas que se dixeron: primeiro, que non había contratos, e, segundo —parafraseando a algún líder socialista— que o do flotel era "*un barquito chiquito*".

Mire, señoría, os floteis, o de Barreras-Vigo partiu para México e o de Navantia está finalizando a súa construción, 300 millóns de euros, tres millóns de horas de traballo. E a vostede isto parécelle un fiasco.

Contratos para renovar frota menor. Freire, contrato para o paquete de deseño, materiais e equipos para tres buques multipropósito. Armón, deseño e supervisión e asesoría técnica de dezaseis remolcadores. E unha presenza en Barreras, estaleiro que estaba en proceso de liquidación. ¡Que pena que ningún empresario galego quixera facerse cargo de Barreras, señorías!

Polo tanto, alégrame a súa pregunta, por varios motivos: o primeiro, porque empezan vostedes a crer no porto exterior da Coruña; o segundo, porque lles interesa o mundo das em-

presas. E ¿interésanlles a vostedes os traballadores do porto de Marín? ¿Interésanlles ou non? O 63 % das mercadorías do porto de Marín veñen de Ence. ¿Que lles dicimos aos traballadores do porto de Marín, señoría? ¿Que lles dicimos aos traballadores de Reganosa na ría de Ferrol, Mugardos? Señoría, ¿que lles dicimos aos traballadores de...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...PSA-Peugeot-Citroën, cando vostedes estaban en contra de que puidera ampliar as súas instalacións?

Mire, señoría, alégrome de que lles preocupe o porto exterior da Coruña. ¿Sabe o que máis me preocupa a min neste momento en relación con Pemex? Que Navantia entregue o flotel en prazo. ¿Sabe por que? Porque está fóra de prazo neste momento e, en consecuencia...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...señoría, creo que vostede e eu deberiamos estar preocupados primeiro por cumprir os contratos asinados.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Coa venia.

Dicía vostede que o sabiamos todo de vostede, non sabiamos todo, hoxe descubrimos algo. Descubrimos que vostede era o relacións públicas de Pemex, non era o consello delegado, senón o relacións públicas, o que é encargado despois de xustificar o por que si ou por que non das empresas.

Nós dixémolo sempre: vostede non podía facer ese tipo de anuncios, non podía apuntarse ese tipo de tantos, simplemente porque non dependían de vostede. Dicímolo agora e diciámolo antes. O que cambia o seu discurso é vostede, porque se apuntaba como propio un tanto que agora non pode defender. E en vez de pedir explicacións a quen lle fixo a vostede promesas, o único que fai é desculpalos.

Entón, parécenos moi ben que se desculpe agora no prezo do cru, pero iso xa se sabía no momento no que se firmaban eses compromisos. E, non obstante, vostede vendeu como propio na campaña electoral de 2012, seguiu vendendo despois en 2013 e 2014, vendeu outra vez na campaña electoral de 2016 unha serie de promesas que non puido cumprir, porque non dependían de vostede, pero presentouse a si mesmo como garante dese cumprimento, porque era a persoa que podía influír para poder facer iso, porque era a persoa que podía traer para Galicia ese investimento, porque era o militante de Galicia.

Pois ao militante de Galicia se lle escapan as empresas entre as mans, e descubrimos que quen estaba chamado a ser conselleiro delegado quedou nun simple relacións públicas, encargado de xustificar o que é moitas veces inxustificable, que é a utilización de algo que non depende de vostede como se fose un logro electoral propio.

E, polo tanto, está faltando vostede á súa palabra. A xente confiou en vostede, pero vostede está defraudando moita xente, e só levamos tres meses. Pemex é un exemplo. A AP-9 é outro exemplo. A incapacidade para poñerse á fronte dunha decisión unánime do Parlamento de Galicia é un exemplo. A incapacidade para mostrar a fortaleza para exixir que unha obra como o AVE se acabe en tempo, no tempo que vostede mesmo fixou e que modificou unha e outra vez porque sabía que non lle ían deixar cumprila nos prazos que vostede mesmo ía impoñendo nos sucesivos modificados.

Vostede fixo moitas palabras, moitas promesas, e agora estase vendo que as súas promesas valen máis ben pouco pola súa febleza política e pola súa incapacidade de facer valer o peso político do noso país alá onde fai falta, sexa cunhas empresas facéndoas pasar como propias cando non o son, sexa diante do seu propio Goberno máis alá do Padornelo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Di que eu xa sabía que o prezo do cru ía evolucionar de 114 dólares o barril a 34 dólares o barril cinco anos despois.

Señor Villares, benvido ao mundo das empresas, pero, por favor, sexa un pouco máis serio. Porque cando vostede colle a conta de explotación de todas as petroleiras do mundo e o plantexamento de investimentos de todas as petroleiras do mundo, atópase vostede con que a culpa de todo non a ten o señor Feijóo. Se Repsol inviste menos, non a ten o señor Feijóo; se BPI inviste menos, se Fina inviste menos, se Galp inviste menos, non a ten o señor Feijóo, señoría. Se os estaleiros en Galicia, que antes facían buques para as petroleiras, agora están mudando para facer ferris, ou para facer barcos de pesca, ou para facer remolcadores, ou para facer contratos militares, señoría, é porque o mundo do petróleo caeu dende o punto de vista do investimento como nunca na historia nos últimos dez anos.

Mire, señoría, cando vostede fala do porto exterior da Coruña, vostede sabe que Pemex constituíu un aval, e ese aval custou diñeiro, e custa diñeiro, e mantivo durante catro anos o aval. ¿Iso quere dicir que tiña interese por facer o investimento? Supoño, señoría, porque pagar un aval para nada, como vostede pode imaxinar, iso non o fai ninguén.

Cando Pemex está con resultados negativos de máis de 40.000 millóns de dólares, ¿que lle dicimos, señoría? Faga valer o seu plantexamento político. Mire, señoría, supoño que será unha broma esta frase. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Señoría, o que fixo esta compañía foi constituír un aval no porto exterior da Coruña...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...para reservar un espazo para facer un investimento, aval que mantivo durante catro anos. Señoría, 300 millóns de euros, tres millóns de horas de traballo en Galicia, ¿parécenlles a vostedes unha broma? Cando Navantia levaba sete anos sen facer un contrato e por fin conseguiu un contrato sete anos despois, ¿parécelle que iso non é velar polos intereses do país? Señoría, cando Barreras estaba en liquidación, levantar Barreras, facer un flotel, entregar o flotel, 150 millóns ingresados en Barreras e Barreras a punto de asinar outros contratos, ¿parécelle a vostede un fiasco?

Vou seguir traballando polo meu país, señoría. *(Aplausos.)* Con vostedes ou sen vostedes, señoría, vou seguir traballando polo meu país *(Aplausos.)* e dando a cara polo meu país sempre, porque creo que é o meu compromiso.

Nada me dixo do porto de Marín. ¿Que pasa? ¿Que a xente que traballa no porto de Marín non é da Coruña, señoría? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿É que acaso o porto de Marín non ten empresas, que depende ese porto da actividade desas empresas, as que vostedes queren pechar?

Mire, señoría, ¿a xente que traballa en Reganosa non é da Coruña? Xa sei, señoría, é de Ferrol.

Mire, señoría, e a xente que traballa en Citroën en Vigo ¿non merece tamén un respecto por parte de En Marea?

Señoría, hai dous floteis que son máis grandes que este Parlamento, vaian vostedes a velos, só lle queda unha oportunidade, o de Navantia, o outro xa marchou para México, señoría. Por certo, é moito mellor que vexa os floteis en lugar de falar do que lle contan. Porque ver o flotel significa que este presidente da Xunta de Galicia —eu si son director comercial de Galicia, si— vai defender o seu país en calquera sitio, e vou arriscarme en todos os sitios *(Aplausos.)* Si, señoría. Entre outras cousas, señoría, porque haberá dous floteis navegando polos océanos do mundo grazas ao esforzo deste país e grazas a que este país cre na súa xente.

Por certo, señoría, non lle dixen un tema menor: o que máis...

O señor PRESIDENTE: Remate, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...me preocupa neste momento é entregar o flotel en prazo, porque xa estamos fóra de prazo. Así que no que vostede dependa, señoría, axude para que Navantia —que non dubido que o finalice—...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...o acabe en prazo, porque, se non, vostede vaime preguntar —supoño— por que non se entregan os floteis que conseguimos para Pemex e Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto cuarto da orde do día, que se corresponde co de interpelacións.

Interpelación de Dª Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas, presidente.

Bo día.

Esta Cámara tampouco é tan pequena, non tan grande como un flotel, pero, en fin, impresiona un pouco a primeira vez.

Bo día a todos e a todas.

En Marea iniciou a lexislatura, como saben, con iniciativas sobre emprego, lembrando por exemplo eses 113.000 empregos destruídos nas dúas lexislaturas do señor Feijóo. Máis de 113.000 empregos dise pronto, ¿non? E así seguiremos nós tamén traballando por Galicia, polo noso país, como dicía o presidente da Xunta, traendo aquí a realidade laboral de Galicia, que, como saben, é máis precaria que no resto do Estado. E gustaríame, señor conselleiro, que queden con ese dato que se lles deu aquí nesta Cámara, que case a metade da clase traballadora galega se atopa en situación de precariedade.

Analizando concretamente a evolución salarial entre 2008 e 2014 —que é o último dato publicado polo INE—, o salario medio subiu en Galicia un 5 %, pasando de 19.156 euros a 20.196; non obstante, ben sabemos que as medias agochan a realidade. Os salarios medios —xa saben— que perciben as persoas menores de 35 anos permanecen con todo estancados en niveis previos á crise, 16.169 euros en 2008 e 16.312 en 2014. Pero é que, ademais desta conxelación salarial sufrida polas persoas mozas, algo terá que ver —e falarémolo despois— coa emigración e coa falta de peso demográfico, que penso que onte non querían relacionalo con esta situación, pero, ademais disto —dicía—, pois tamén os traballadores e traballadoras de entre 45 e 54 anos viron reducido o seu salario medio nun 0,6 %.

E segundo a enquisa trimestral de custo laboral do INE, a nómina media en Galicia en 2015 aumentou un 0,4 %, ata acadar os 1.775,83 euros brutos ao mes coas pagas prorrateadas. Non obstante, no Estado —e isto é unha constante— aumentou catro veces máis, o 1,7 %.

Estes datos —xa se lles dixo aquí nesta Cámara, neste mesmo pleno— amosan que Galicia se mantén como a cuarta comunidade co salario medio máis baixo, a cuarta comunidade por debaixo. Ademais, dicía que as medias disfrazan a realidade. As persoas asalariadas galegas que máis cobran son as que traballan na industria, un 35 % máis que quen se dedica aos servizos, con nóminas —as da industria— medias de 2.247 euros, fronte a 1.658 euros apro-

ximadamente. E esta brecha salarial entre os salarios de entre ambos os sectores segue a aumentar, non cesou a diferenza, xa que en 2015 na industria os salarios subiron unha media de 4,2, mentres que no sector servizos baixaron un 0,8. Na construción tamén o incremento salarial foi de 1,7.

Pero é que —volvemos a estas medias que agochan a realidade— máis de 300.000 persoas asalariadas galegas, o 31 %, percibe salarios inferiores ao salario mínimo interprofesional.

Así que, de todos os xeitos, con estes datos, percíbese —si— que os salarios galegos de media soben en todos os sectores. ¿Como se explica entón a perda salarial da clase traballadora galega? Pois, segundo o INE —xa o saberán—, o motivo de que, dándose unha perda salarial da clase traballadora galega, se produza esta subida do salario medio débese a que os salarios dos postos directivos, profesionais, técnicos, se incrementaron entre 2008 e 2014 en 2.000 euros, mentres o persoal administrativo e auxiliar, operadores e operadoras de maquinaria, traballadoras non cualificadas, perderon salario ou mantivérono igual que en 2008, sendo ademais precisamente estes sectores con peor salario os que máis foron castigados pola destrución de emprego.

Pero, ademais deste reducido aumento dos salarios en xeral, os custos laborais en Galicia, como complementos por baixas de enfermidade, indemnizacións, é dicir, o custo total por traballador para a empresa, caeu en Galicia un 0,3 %. Novamente, se o comparamos co Estado, o incremento foi de 1,2 %. E, claro, pois xa o dixemos tamén neste pleno: as reformas laborais, non só a de 2012, as reformas laborais e as políticas da mal chamada austeridade foron en detrimento da clase traballadora galega.

Pero é que se esta realidade é dura, esta realidade do emprego do noso país, peor o é aínda para as mulleres. O 25 de novembro En Marea rexistrou varias iniciativas orientadas a acabar coa desigualdade e a discriminación das mulleres en diversos ámbitos, porque sabemos que a máis brutal forma de discriminación, que é o feminicidio, se asenta sobre un sistema de relacións de dominio sobre a muller, unha discriminación secular. E unha das facianas contemporáneas desta discriminación é a desigualdade salarial, a brecha salarial de xénero, que en Galicia está representada por ese 23,4 % que as mulleres cobran de media menos que os homes. Ademais, esta brecha salarial en Galicia aumentou dous puntos dende o inicio da crise; é dicir, o salario medio anual dos traballadores galegos é de 22.505 euros, case 5.000 euros por riba do das traballadoras galegas, case 5.000 euros.

Deste xeito, unha muller galega tería que traballar 85 días máis ao ano e nunha vida laboral de 36 anos para poder xubilarse aos 65 supón que tería que traballar unha muller 45 anos para igualarse aos seus compañeiros. Tendo en conta, ademais, como dixen, que os salarios eran máis baixos no sector servizos, o 85 % das mulleres asalariadas galegas traballan neste sector. É dicir, estamos ante unha realidade complexa, unha realidade que implica tamén que as mulleres, o custo da hora de traballo das mulleres é 11,39 euros, o das mulleres galegas; é, por certo, o salario máis baixo do Estado despois de Cantabria, somos as segundas pola cola, fronte aos 13,61 euros/hora no caso dos homes.

A isto hai que engadir —xa saben— que as reducións de xornada, excedencias para coidado de familia son collidas maioritariamente polas mulleres. Hai que engadir tamén —xa se ten

comentado neste pleno— a pobreza das familias monomarentais, que acada o 53 % deste tipo de familias. Ou tamén as precarias condicións de moitas traballadoras públicas, que, por certo, manteñen conxelado o seu salario nestes orzamentos.

Entón, para ir rematando, diremos tamén que esta discriminación salarial, desgraciadamente, se padece toda a vida; na prestación por desemprego, un 18,2 % máis baixa para as mulleres galegas que para os seus compañeiros, ou na xubilación, con case 200.000 galegas xubiladas que cobran unha prestación media de 618 euros ao mes, 38 % menos que os galegos xubilados. Tendo en conta, ademais, que son as pensións máis baixas do Estado, temos entón en Galicia as traballadoras máis pobres do Estado, as xubiladas máis pobres do Estado, unha brecha salarial de xénero que aumenta.

Entón, consideramos dende En Marea que, ante esta pobreza material da clase traballadora, especificamente das mulleres, debe ser unha prioridade absoluta da Xunta poñer medidas enriba da mesa que rematen con esta discriminación.

Ben sabemos que é unha realidade complexa, non se vai solucionar nin cunha lei nin con máis papeis, nin sequera con que se cumpran as leis que están nese último decreto que se ten publicado, nin sequera coas iniciativas que lle imos presentar dende En Marea; tamén digo isto: nin sequera coas que podemos traer aquí a este Parlamento. Sabemos que é unha realidade que se asenta en séculos de discriminación, pero consideramos que debe ser prioridade número un da Xunta de Galicia.

E, ademais, queremos relacionala, porque onte nos deu a sensación de que non querían relacionar a perda demográfica galega con esta realidade de pobreza material da clase traballadora, tampouco a querían relacionar coa emigración, é como se este país tivera unha maldición bíblica. E non, existen unhas condicións materiais que fan que a mocidade e a xente en idade de ter fillos e fillas emigre e que fan que as mulleres non poidan ser libres de ter fillos.

É dicir, nós non precisamos dinamización demográfica —e cítoo, porque é así como denominan este programa—, senón que o que necesitamos é un plan para que retorne a xente moza. Vimos onte que non lles interesaba unha distribución equitativa de servizos no territorio para que se descompense esa falta de poboación do interior, ou a posta en marcha de medidas, posta en marcha de todos os mecanismos que ten a Xunta para recuperar e crear emprego de calidade. É dicir, é como se quixeran cargarnos sobre os úteros das mulleres esa ansiada recuperación demográfica; e non, non é así, teñen que darnos a posibilidade de elixir.

Por iso, ante esta situación material de pobreza da clase traballadora, especialmente das mulleres, pregúntolle, señor Conde, se ten o Goberno un plan de incentivación para a creación de traballo cualificado baseado no I+D+i e contratación de xente moza, que podería paliar esa emigración á que nos referimos; se a Xunta está disposta a abrir unha mesa de negociación coas centrais sindicais e a representación patronal para adoptar acordos que permitan iniciar xa a recuperación dos salarios galegos, ata acadar cando menos a media estatal, e para loitar contra a precariedade laboral; se vai a Xunta negociar coa representación legal das traballadoras e traballadores públicos a mellora das súas condicións laborais; e se

está disposto o Goberno a convocar, por medio do Consello Galego de Relacións Laborais, a patronal e os sindicatos máis representativos do ámbito territorial para promover unha negociación colectiva de ámbito galego. Sinalo isto, porque, como veu, o diferencial respecto do Estado é negativo en todos os indicadores.

E especificamente lle pregunto, señor conselleiro, que medidas vai impulsar o Goberno, nesta negociación colectiva de ámbito galego á que nos referimos, para que se acade a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Ten a palabra agora o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vázquez, en primeiro lugar trasladarlle a sorpresa pola súa intervención, porque a súa interpelación é unha interpelación de forma específica sobre a situación da negociación colectiva no eido laboral e a igualdade salarial efectiva, e fixo unha intervención que é un plantexamento de toda a política de emprego, de toda a política industrial. E, polo tanto, eu intentarei responderlle a todos os aspectos, pero xa digo que dunha interpelación específica sobre a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres vostede deu un percorrido por toda a política de emprego, por toda a política industrial, por toda a política económica do Goberno.

En calquera caso, como pode imaxinar, este goberno claro que está traballando e é a súa primeira preocupación precisamente non só o emprego, senón a calidade do emprego, pero tamén de forma moi específica o emprego igualitario, promovendo e velando en todo momento pola igualdade de oportunidades.

Polo tanto, eu agradézolle a interpelación, porque vaime permitir nesta Cámara lembrar todas as actuacións que a Xunta de Galicia xa puxo en marcha e todas as actuacións que a Xunta de Galicia está a poñer en marcha para acadar, efectivamente, unha maior igualdade entre homes e mulleres tamén no eido salarial.

Esta desigualdade, señoría —e vostede si fixo referencia—, non é un problema específico de Galicia. Esta situación, lamentablemente, é unha problemática estrutural, que non depende de ideoloxías. Eu lamento a súa referencia dende logo á política demográfica deste goberno, que vai seguir defendendo a dinamización demográfica, e que vostede vincule as políticas de dinamización demográfica coa capacidade de elección e de liberdade das mulleres, eu creo que sinxelamente non leu o Plan demográfico do Goberno; cando o lea, se quere, podemos discutir sobre el; pero, dende logo, facer aquí demagoxia e ideoloxía eu creo que non procede neste caso.

En calquera caso, si o que lle digo é que o que nos preocupa é seguir dando pasos, e estamos dando pasos. Galicia, señoría, é a quinta comunidade autónoma con menor desviación sa-

larial entre xéneros, e estamos máis de dous puntos mellor que a media do Estado. Temos que mellorar, pero cando vostede fai referencia — e así empezou a súa intervención— a que estamos nunha situación moito máis precaria que no Estado, eu dígolle que especificamente, en materia de atención salarial, estamos nunha mellor situación, en concreto dous puntos mellor que a media do Estado.

E, efectivamente, en materia de estrutura salarial estamos diminuíndo, señoría, a brecha salarial con España. Teremos que intensificar loxicamente esa diminución, pero ese é o dato, e estase constatando unha tendencia clara á recuperación do incremento salarial que se está pactando nos diferentes convenios, que pasou do 0,52 % no ano 2014 ao 0,82 % no ano 2015 e ata o 0,88 % en setembro do ano 2016. Polo tanto, hai unha mellora, que se pode constatar tamén cos datos, que son insuficientes, pero que marcan unha tendencia clara.

Como sabe, señoría, a lei prohibe a desigualdade e, polo tanto, os convenios non poden incluír ningún tipo de cláusula discriminatoria, e o labor da Xunta, loxicamente, é seguir e velar por esa situación. Pero o certo —e esa é lamentablemente a realidade— é que aínda nos atopamos con situacións claras de desigualdade. Ese é o diagnóstico, esa é a realidade e, polo tanto, temos que actuar. E o Goberno e todos os grupos temos a responsabilidade, primeiro, de sensibilizar a sociedade. Creo que esa é unha corresponsabilidade compartida por todos os grupos, tamén polo Goberno loxicamente, e o Goberno ten unha responsabilidade máis directa, loxicamente, na promoción do emprego, na inspección de traballo, para que se cumpra efectivamente a normativa, e tamén nun diálogo social entre os diferentes interlocutores con maior compromiso, entre sindicatos e empresarios, como vostede apunta, e que xa lle adianto que nós concordamos con ese plantexamento.

E, como lle dicía, nós estamos a promover ese emprego feminino, estamos a promover a igualdade de xénero, estámolo facendo con actuacións concretas. Nós dende o ano 2009 —para darlle unha referencia— o 55 % de todas as axudas para incentivación e contratación foron para empregar mulleres, o 55 % de todas as axudas deste goberno dende o ano 2009. E no ano 2017 imos seguir intensificando esa discriminación positiva cara ao emprego feminino. ¿Por que? Porque, en primeiro lugar, van ter unha maior intensidade de axuda as contratacións ás mulleres, fronte a outros colectivos; e, en segundo lugar —que é unha medida que xa trasladei na comparecencia de presupostos e que volverei insistir nela—, porque me parece especialmente relevante. Imos incluír nos criterios de valoración unha maior ratio de equilibrio entre homes e mulleres nos seus cadros de persoal. Polo tanto, nos propios criterios de valoración imos traballar para que, efectivamente, esa igualdade entre homes e mulleres teña unha discriminación positiva claramente para as mulleres.

E, en segundo lugar, ademais desa discriminación positiva, estamos potenciando os plans de igualdade nas empresas, porque as empresas teñen unha responsabilidade moi importante para, efectivamente, acadar unha maior igualdade. E, por iso, incrementamos o 28 % o orzamento das axudas que lles damos ás empresas. E, como lle dicía, estamos traballando cóbado con cóbado coa Inspección de Traballo, porque a Inspección de Traballo ten que actuar, ten que actuar co plan anual de inspección e ten que actuar tamén á demanda das diferentes denuncias que se poidan presentar. Este ano xa se planificaron 229 actuacións

dirixidas á persecución da discriminación por razón de xénero e atendéronse todas as demandas que se achegaron á propia Inspección.

E, como sabe, tamén instamos o Consello Galego de Relacións Laborais para que a patronal e os sindicatos establezan o que entendemos que deben de ser as liñas básicas para un acordo marco interprofesional de ámbito autonómico sobre igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, un acordo que nos parece indispensable, no que este goberno estará traballando co Consello de Relacións Laborais e que dende logo imos promover.

En definitiva, señoría, nós seguimos traballando, e no ano 2017 impulsaremos maiores medidas, desenvolveremos un plan de emprego feminino, porque entendemos que hai que apoiar as mulleres na consecución dese espazo que lles corresponde dentro do mercado laboral. Hai unha folla de ruta claramente prioritaria, queremos favorecer a inserción por conta das mulleres, equilibrar a súa participación en todos os sectores e dende logo fomentar o desenvolvemento da súa carreira profesional.

E todo isto, loxicamente, como pode imaxinar, nun contexto claro de aposta pola empresa, aposta polo emprego e aposta pola industria. A min paréceme moi ben que vostede veña aquí dicir cal é a política de I+D deste goberno, a política industrial. Eu xa lla trasladei na comparecencia de presupostos. Nós apostamos pola innovación, apostamos pola Industria 4.0, apostamos por Rozas, apostamos polo sector aeronáutico, apostamos polo gas natural, apostamos por Reganosa, apostamos por Ence, apostamos por Elnosa. ¿Onde está a posición do seu grupo en materia de política industrial, en materia de innovación?

Porque se eu seguise todas as propostas que vostedes plantexan en materia de política industrial, lamentablemente, señor Sánchez —que tanto xesticula e ao que lle gusta xesticular nas bancadas—, pois lamentablemente Galicia perdería 15.000 postos de traballo. ¿Cal é o seu plantexamento en política industrial? O noso é moi claro: aposta polo emprego de calidade, aposto polo coñecemento, aposta pola innovación, aposta pola Industria 4.0 e aposta, polo tanto, polo emprego de calidade.

E nese ámbito é onde o seu grupo vai encontrar este goberno, aberto a dialogar, a dialogar para identificar as mellores oportunidades para todos os galegos e as galegas. E eu loxicamente xa lle digo que en materia de igualdade, en materia de igualdade de oportunidades, este goberno está actuando. Os resultados están marcando unha tendencia positiva, aínda claramente insuficiente, pero a nosa responsabilidade vai seguir marcada por esa discriminación positiva, por seguir traballando para a igualdade de homes e mulleres e tamén para que esa fenda salarial cada vez sexa menor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda de réplica, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Ben, dende logo En Marea tamén imos seguir dialogando sobre esta cuestión, que é unha das que máis nos vai preocupar durante a lexislatura. Pero eu o

que me pregunto é que todas estas medidas non deron o resultado efectivo na medida en que somos a segunda comunidade —repito— que temos agora as traballadoras peor pagadas de todo o Estado. Eu non me referín a que tivésemos unha maior ou menor brecha salarial que o resto do Estado, senón que aquí, no noso país, esa brecha aumentou dous puntos dende o inicio da crise; é dicir, todo o que se fixo non é suficiente.

Tamén me gusta que diga que van seguir apostando por todas estas medidas, pero a realidade é que nos orzamentos presentados para 2017 —xa se dixo aquí neste pleno— os programas en materia de promoción de emprego respecto de 2009 sofren unha caída en termos reais, tendo en conta a evolución dos prezos, de máis do 50 %.

E tamén me gustaría resaltar que retiraron fondos tamén dos programas de acción para a igualdade, comparados cos orzamentos desde 2009. Son un dos programas que máis caen os de acción para a igualdade, protección e promoción da muller. Quixera lelo concretamente: cae respecto do 2009 un 87 % en termos reais; é un dos programas que máis cae. Pregúntolle tamén por que retiran fondos destes programas. En fin, que unha cousa é dicir as intencións e outra cousa é que se plasme nos orzamentos.

E falaba da Inspección. Nós, dende En Marea, por suposto reclamamos que a Inspección de Traballo debe ter moitos máis fondos e debe ser transferida aquí, a Galicia, termos as competencias plenas nesa materia.

Tamén sobre os traballadores públicos, aos que eu tamén me referín, que tamén sofren a precariedade laboral, nestes orzamentos tampouco se ve compromiso con que recuperen todo o perdido, porque unha cousa é que lles recuperen o complemento específico da paga extra, que o teñen que facer —non é unha graza do Goberno—, pero é que manteñen os seus salarios conxelados, e á vez —xa se dixo tamén neste pleno—, mentres o Goberno se aumenta o salario un 7 %, os traballadores e traballadoras públicas manteñen o seu salario conxelado.

A min non me gusta moito este debate sobre o aumento ou decrecemento dos salarios, pero non o abrín eu, abriuno o Partido Popular no 2008 ou no 2009. Lembren cando os chupitos de Cuba, que dicía o señor Tellado; onte relacionaban a crise coas sillas, cos Audis. Iso é unha auténtica demagoxia. A min non me parece que a crise vaia ir a mellor ou peor, un 7 % máis de custo deste goberno, que, por certo, xa se converte no sétimo máis caro do Estado, cando o salario son os cuartos máis baixos pola cola. Pero eu entendo que a clase traballadora, os traballadores públicos especificamente, estean con este debate, porque senten que non vai parello ese aumento coas súas condicións laborais. Por iso me refiro a iso.

O 50 % das axudas á contratación dixo para empregar mulleres e sinalou unha serie de medidas das que estaremos vixiantes e díxome que estaba de acordo coa miña proposta. Entón, entendo que van convocar o Consello Galego de Relacións Laborais e achegar alí medidas que leven á igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Eu non deixo de relacionar esta pobreza laboral especificamente das mulleres galegas —5.000 euros menos que os seus compañeiros homes— coa —digamos— situación demográfica ga-

lega. Non estou para facer demagoxia. ¿Como se pretende vivir co salario mínimo interprofesional e iniciar a aventura de ter familia? ¿Como pretenden que non relacione a emigración de xente en idade de ter fillos e fillas coa precariedade laboral? Onte parecía como que estaba desconectado e de feito no seu plan, que me dicía que non leramos o Plan este demográfico —téñoo aquí—, o Plan de dinamización demográfica, é significativo que non se mencione en ningún lado a elevada emigración galega ao analizar a estrutura demográfica galega.

Tampouco me dá moita esperanza ver que na súa Axenda 20 para emprego pois nin na diagnose das ameazas nin nas debilidades mencionan a brecha salarial de xénero. Isto dáme moita preocupación.

Por iso traemos esta interpelación, para poder empezar unha axenda de traer medidas aquí a este Parlamento, que xa dixen nin sequera as medidas que trae En Marea van ser suficientes para atallar este problema. Por iso abramos un gran diálogo —cóllolle a palabra—, non só aquí, senón con todos os axentes implicados no emprego, para que se acade esa igualdade salarial efectiva entre os homes e mulleres no noso país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Peche do debate desta interpelación, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vázquez, permítame un pequeno comentario, porque lle trasladaba que a súa primeira intervención é ampliar o espectro do debate en materia de política de emprego, en materia de política industrial, e na súa segunda intervención xa me traslada o debate á Consellería de Facenda e á Consellería de Política Social. Eu, encantado de se quere falar dos traballadores públicos e da política demográfica, pero entendo que a prioridade neste caso é falar de emprego.

Efectivamente, eu agradézolle enormemente esa posición de poder compartir iniciativas para mellorar loxicamente a propia capacidade de iniciativa do Goberno. Imos ter oportunidades, nesta lexislatura, precisamente, co debate nesta Cámara da nova Lei de emprego de Galicia, que entendo que vai ser un marco moi axeitado e idóneo para poder priorizar actuacións concretas aos colectivos que máis nos preocupan de cara á situación do mercado laboral, como son as mulleres, como son os mozos e como son os parados de longa duración —creo que son aspectos moi importantes—, e tamén, loxicamente, como seguir reducindo a propia temporalidade, precariedade laboral, que, efectivamente, será un dos obxectivos desa nova Lei de emprego. Xa digo que creo que teremos que trasladar ese debate e eu alégrome da súa posición. Igual que seguiremos traballando neste caso no Consello Galego de Relacións Laborais para ese acordo marco sobre a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

E todo iso, loxicamente, nun contexto claramente onde temos que incentivar a política de creación de emprego. Sen empresas non hai emprego. Isto temos que telo claro: sen empresas non hai emprego, e, polo tanto, teremos que seguir traballando nesta dirección.

Os orzamentos deste ano 2017 marcan un incremento do 8,5 %. Como sabe, e a prioridade da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e de todo o resto das consellerías, vai ser crear emprego, chegar a esa creación de 20.000 novos postos de traballo e sobre todo atraer novos investimentos e proxectos para Galicia.

E na área de emprego sabe que é onde máis crecen os orzamentos, o 16,4 %, e, polo tanto, aí teremos tamén oportunidade para fomentar ese emprego de calidade, ese emprego en igualdade. Creo que ese é o camiño, e dende logo é aí onde nos temos que atopar todos.

A folla de ruta está clara, a vontade loxicamente de chegar a acordos cos diferentes grupos tamén é clara, pero eu quero destacar hoxe, señoría, que Galicia está avanzando cara á igualdade. Claramente Galicia está marcando unha tendencia, onde estamos mellorando a posición dende o ano 2008, tanto en termos de desviación salarial como en termos da evolución do propio emprego das mulleres.

Eu voulle dar datos concretos: o paro feminino leva reducíndose trinta e sete meses, trinta e sete meses lévase reducindo o paro feminino, cun descenso anual —do último dato que coñecemos de paro rexistrado— dun 8,10 %. Esa é a realidade, en termos de datos. Igual que máis da metade do descenso dese desemprego feminino, señoría, corresponde a paradas de longa duración, que ten que ser un segundo obxectivo, non só as mulleres, senón as mulleres que levan máis de dous anos no desemprego.

Polo tanto, creo que é un labor de todos. A tendencia xa digo que é positiva, insuficiente pero claramente positiva, e dende logo a nosa principal preocupación no ano 2017 vai ser precisamente avanzar no crecemento económico, avanzar na creación de emprego e, polo tanto, darlles oportunidades para que os nosos traballadores teñan esas oportunidades e, loxicamente, que o mercado laboral cada vez sexa máis igualitario; e que esas oportunidades entre homes e mulleres cada vez sexan máis iguais para todos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e Dª Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Bo día.

Traemos a esta Cámara un debate que consideramos tremendamente importante e, lamentablemente, de actualidade, e aínda que sexa mediática ultimamente por algunhas cuestións graves, non deixou de ser actualidade en ningún momento, porque o leva sendo moito tempo. E traemos aquí este tema para intentar contribuír a que deixe de selo e que sexa unha problemática que poidamos resolver.

Temos neste asunto dous problemas. No primeiro caso, temos un problema evidente pola situación do consumo; un consumo de alcohol en menores que ve reducida a súa idade de inicio. Agora estamos falando de datos que nos indican que o inicio do consumo de alcohol está por debaixo dos 14 anos —lixeiramente por debaixo dos 14 anos—, que é unha idade excesivamente temprana, evidentemente.

Temos uns problemas asociados a isto. Algúns problemas son máis chamativos. Non deixan de ser graves por ser chamativos, e tampouco o son máis por ser máis chamativos, como algúns ingresos en urxencias, casos graves etílicos en menores, e nalgún caso, iso si, algúns casos tristes, non ocorridos en Galicia pero que todos coñecemos, como o que ocorreu na Comunidade de Madrid cunha menor que faleceu a causa dun coma etílico.

Temos outros problemas máis sutiles pero que son igualmente daniños, ou máis, a longo prazo. Hai estudos continuados que demostran o efecto de que o inicio moi temprano no consumo de alcohol provoca problemas médicos de varios tipos. Polo tanto, estamos ante unha situación moi grave no que significa o consumo de alcohol en menores. Hai certas causas que creo que é moi importante sinalar, e nas que creo que temos parado socialmente menos tempo.

A primeira e a máis importante é que hai unha tolerancia social cara ao consumo de alcohol que non existe sobre outras substancias, como pode ser agora o tabaco —logo falarei dese tema—, e que non hai contra outro tipo de drogas. Hai unha tolerancia social grave e moi importante. E é importante porque isto sinala que as culpabilidades —por dicilo dalgunha maneira— non están tampouco unicamente —ás veces incluso en menor caso— naqueles que consumen cando son menores, senón no contexto que os rodea.

Hai un problema máis, unha causa máis, asociada, que é a expectación positiva e o nulo sentido de risco; a nula ou moi baixa percepción do risco que supón o consumo por parte dos menores.

Evidentemente, o inicio temprano é unha causa de consumo continuado. Nalgúns casos algúns estudos apuntan ao caso das familias desestruturadas como problema, aínda que en menor medida do que comunmente se fala cando falamos en termos —e perdóenme a expresión— máis vulgares; moito menor que outros efectos como o da tolerancia social.

Dicía que temos un problema como consumo pero que hai outro, que é, precisamente, a percepción social sobre o problema; eu creo que enfocamos mal o problema.

Existen falsos debates; dous, concretamente. En primeiro lugar, confundimos o problema que significa o consumo co problema que significan os consumos intensivos en breves espazos, o que os ingleses denominan *binge drinking* ou o que aquí chamamos *botellón*.

Non estamos falando do mesmo —aínda que son problemas asociados— cando falamos do consumo en menores e do botellón. ¿Por que? Porque o consumo é un problema en si mesmo, e o botellón, ademais, pode ter outro tipo de problemas. Aquí a situación se encontra en que moitas veces asociamos este debate erroneamente e confundímonos considerando que o problema de

consumo é basicamente un problema de orde pública. Entón as queixas veciñais, ou os intentos de resolución, baseánse en debater sobre os problemas que produce o botellón en suciedade, en desorde, en ruídos, e parece que, se alonxamos eses problemas, desaparecen. Parece que, se non vemos un problema, desaparece. Isto eu xa sei que é moi habitual no presidente do Goberno Mariano Rajoy, pero non estamos nese tema. Polo tanto, aínda que o fagamos desaparecer, o problema non desaparece. Aínda que non falemos del, aínda que non o vexamos, non desaparece.

E hai outro problema eu creo que moi importante tamén, e é que, cando traballamos sobre este tema, facémolo dende unha perspectiva de idade. Hai un falso debate sobre o problema de consumo entre menores e maiores. Eu plantexo con vontade de debate que é o mesmo problema, ou incluso máis, que habendo calquera festa popular na que se instala unha carpa, unha barra, e hai consumos, evidentemente, excesivos, onde tamén quedan restos de suciedade, onde tamén se produce bastante ruído, bastante bulla —por dicilo dalgunha maneira—, tamén son malos exemplos para os futuros consumos dos menores, pero aí non estamos falando dun problema porque o consideramos, por aquela tolerancia social, menor, cando en realidade o problema do consumo tamén ten aí a súa orixe. Polo tanto, este non é un problema unicamente de menores.

¿Por que o digo? Porque se tende erroneamente a criminalizar unha xeración, e isto é un problema. Criminalizar unha xeración supón atacalos pola súa idade, e ás veces pode ser máis un atenuante que unha problemática a maiores.

Eu non quero exculpar a ninguén do que fai, pero si asumo que o consumo de alcohol en menores non é un problema nin de orde pública —aínda que o ten asociado— nin de idade —aínda que o ten asociado—.

Sobre isto existe —e este Goberno autonómico na anterior lexislatura construíu unha lei, a Lei 11/2010— unha lei da que os socialistas estivemos en contra. ¿Por que? Por que é unha lei —dixémolo entonces— insuficiente e que ía ser ineficaz, e creo que a realidade vainos trasladando que tivemos razón. Eu non creo que o Goberno construíse unha lei con vontade de que fose ineficiente, pero nós alertamos sobre algunhas cousas.

Dixemos, primeiro, que esta lei, aínda que se baseaba en dúas cuestións que consideramos acertadas, as intervención regulamentarias e as accións educativas, estaban desequilibradas no peso que tiñan naquela lei. Existía demasiada intervención regulamentaria e demasiada intención punitiva, e pouca intención educativa. Ben fundamentada no preámbulo da lei, bastante ben fundamentada, nótase que con interese e apoio de coñecedores do tema, pero non desenvolvida correctamente despois na lei, e dende logo esa acción educativa non desenvolvida despois na realidade.

As intervencións regulamentarias son ferramentas pero non son fins en si mesmos, e, polo tanto, temos un problema se as utilizamos incorrectamente. Se cremos que por anunciar sancións imos evitar un problema, estamos equivocados.

É excesivamente punitiva, e ademais pásalles as competencias aos concellos. A responsabilidade é dos concellos: de vixiar, de sancionar, de controlar, e neste sentido tampouco esta-

mos dotando —incluso tamén orzamentariamente— os concellos de ferramentas para isto. Estamos asociándolles unha competencia máis, unha competencia delicada, pero non lles damos ferramentas para iso. Os mesmos axentes de Policía teñen que facelo, os trámites por denuncias téñenos que facer dende os concellos, e non os estamos apoiando neste sentido.

Ademais, sexamos realistas, as intervencións regulamentarias non se cumpren. Hoxe en día, un menor non podería comprar alcohol. Sen embargo, ¿que facemos cando hai alguén que, recén cumpridos os 18, o fai dentro dunha pandilla no que hai moitos rapaces de 17? ¿Que facemos con iso? Semella que por impedir —segundo a lei— que compren alcohol os menores estamos solucionando o problema, pero a realidade dinos que non. A realidade dinos, ademais, que esa lei se incumpre; e ademais a realidade dinos que se compra alcohol máis alá das 10 da noite, aínda que non se poida.

Polo tanto, plantexamos unhas intervencións moi punitivas pero logo non facemos seguimento, e pasámoslles a competencia aos concellos para que eles sexan os malos da película. Incompleto. E ademais cremos que non hai seguimento sobre este tema.

Como dicía, as accións educativas non existen. Eu creo que podemos facer un exercicio de reflexión e pensar cantas accións educativas, pedagóxicas, coñecemos sobre o asunto que teñan incidido de verdade, porque de verdade significa que non sexan especialmente voluntarias. Se facemos accións voluntarias sobre o traballo de concienciación, sobre os problemas do consumo de alcohol, imos ter o problema de que, probablemente, a asistencia a esas accións sexa menor, imos ter o problema da baixa colaboración... Polo tanto, non hai un convencemento real sobre apoiar esta parte da lei, e nese sentido nós xa anunciamos e cremos que está incompleta.

Ademais, hai que facelo sobre as causas, precisamente sobre aquela tolerancia social. Polo tanto, nós reclamamos tamén accións educativas sobre o conxunto da poboación, non só sobre os menores, para incidir en non criminalizar unha xeración.

Póñolles o exemplo da lei antitabaco. Xa sei que non lles gustou a algúns grupos políticos, ou a algún grupo político, a lei antitabaco daquel Goberno do nefasto e infausto Zapatero, pero conseguiu algo bastante interesante, e é que hoxe exista unha conciencia social en contra do tabaco moito maior da que existía e que exista un consumo moito menor, o cal, ademais de ser socialmente bo e medicamente fantástico, é incluso economicamente rendible. Aquela lei foi un bo exemplo de como se combate integralmente, sen diferenciar idades —aínda que os consumos sexan máis dolorosos e máis preocupantes en menores— e facéndoo con convencemento.

Quería lembrar tamén aquela Educación para a cidadanía, porque creo que algunhas das cousas que se dicían non estaban mal para falar de mellores persoas e mellores cidadáns, pero xa sei que ese é un debate algo perdido.

En todo caso, nós cremos que é importante reformular aquela lei. Cremos que é importante tratar este tema co convencemento de que é posible. Eu estou convencido de que todos os

deputados, todos os grupos políticos, afrontaremos isto coa serenidade de que é un problema que temos que afrontar entre todos. E non parto de que ninguén deixe este problema como menor, non o asumo, con toda sinceridade, pero creo que, se temos a responsabilidade de dirixir e de construír leis que regulen a situación, o que si debemos é facelas correctamente, coa opinión de expertos, con coñecemento real, coa participación de todos, e facelas efectivas, o que significa incluso dotación orzamentaria..,

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TORRADO QUINTELA: ... –remato–, que neste ano —como xa puiden comentar na pasada Comisión 3ª o luns— non a vin por ningún lado.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Torrado, evidentemente quero transmitirlle que compartimos plenamente a súa preocupación polos problemas que está a causar o consumo de alcohol en grupos de xoves, especialmente cando esta conduta se dá en menores de idade, pero como ben di, non só en menores de idade. Hai que ter en conta que o alcohol é a substancia psicoactiva máis estendida entre os menores de idade, pero non é a única.

Desde a Consellería de Sanidade estamos a facer todos os esforzos para tratar de frear esta grave ameaza para a nosa mocidade, tanto desde o punto de vista do control da demanda como a través de programas de prevención en todos os ámbitos como do control da oferta.

No contido vostede non especificou tanto, pero por escrito si presentou unha serie de preguntas, e di nunha delas se a Xunta considera que os datos coñecidos amosan unha situación preocupante sobre o consumo de bebidas alcohólicas en Galicia na mocidade.

Pois ben, os datos aportados polos diferentes sistemas de información e vixilancia, que analizan periodicamente este fenómeno desde hai máis de vinte anos, expoñen unha situación preocupante, aínda que en proceso de mellora. Pola diferenza de datos que aporta, creo que estamos mellorando.

Como dicía a última enquisa publicada sobre o uso de drogas en ensinanzas secundarias, o Estudes 2014, que coñecerá, o 73,6 % da mocidade galega entre os 14 e os 17 anos consumiu alcohol nos últimos doce meses. Unha cifra moi alta que, como diciamos ao principio, nos preocupa. Sen embargo, estas taxas son 3,2 puntos por debaixo das do resto do Estado, onde están no 76,8 %, e 5 puntos inferiores ás referidas pola mocidade galega no 2012.

O 46,8 % dos estudantes galegos entre 14 e 18 anos, segundo o Estudes 2014, admite ter feito botellón nos últimos doce meses, estando menos estendido na nosa comunidade que a nivel nacional, que está no 57,6 %.

As taxas de borracheiras nos últimos trinta días tamén seguen unha liña descendente, importante ademais. Estaba no 30 % no ano 2010, cando se aprobou a lei, e está agora no 20,9 % no 2014.

Outro dato que fai pensar que estamos en boa dirección é o incremento da idade media do inicio de consumo —ese dato creo que o tiña vostede mal—, porque de comezar aos 13,9 anos agora se empeza aos 14,2; unha leve melloría, pero leve aínda.

É importante e preocupante subliñar que o 65,9 % dos menores de idade que quixeron consumir bebidas alcohólicas nos últimos trinta días refiren que as conseguiron eles mesmos, non a través dun terceiro, sen ter que recorrer a terceiras persoas —como diciamos antes—, pero tamén ocorre ese caso. Sendo os lugares principais de adquisición os bares ou pubs, as discotecas, supermercados e hipermercados.

En canto á percepción de risco, en Galicia soamente 6 de cada 10 estudantes opinan que tomar cinco ou seis cañas ou copas de bebidas alcohólicas a fin de semana pode causar bastantes ou moitos problemas. É para min aínda pouco, pero si é certo que están máis sensibilizados co perigo os rapaces galegos que os españois; pero segue sendo preocupante.

O número de ingresos por intoxicación etílica aguda en centros sanitarios acadou o seu máximo valor nos anos 1996-1997, con 16 ingresos cada ano. Sen embargo, este número aínda segue sendo alto, e no 2015 está en torno a 11 ingresos. Os menores atendidos polo 061 oscilan arredor dos 400. Iso está estabilizado, son cifras que si están estabilizadas.

Dicía que, aínda que mellores que outros anos, estes datos seguen sendo preocupantes, pois reflicten unha realidade na que o consumo de bebidas alcohólicas segue a estar demasiado normalizado na nosa sociedade.

En segundo lugar, tamén preguntan polo grao de cumprimento da Lei 11/2010, polos resultados despois desa lei. A valoración do grao de cumprimento é positiva, sendo conscientes de que aínda quedan cousas por mellorar. Xa se está a traballar cara a unha modificación normativa, e aquí podo anunciar que temos unha lei sobre drogodependencias moi antiga e imos actualizala. Actualizala non só falando do alcohol, senón das drogas en xeral, pero tamén das adiccións. Temas que están xurdindo novos como, por exemplo, o tema do xogo —especialmente preocupante en menores—, que queremos introducir dentro da nova lei.

Cremos que a lei, que está en vigor e en funcionamento, supuxo un avance moi importante na medida en que definiu unha regulación clara sobre os seguintes aspectos: as medidas de carácter preventivo que se deben de poñer en funcionamento —preventivo—; a prohibición de consumo de alcohol nos menores; a prohibición da venda ou subministración a menores, incluídas máquinas expendedoras; a venda directa entre as 22:00 e as 9:00 a persoas de calquera idade; a regulación do corpo inspector e do réxime sancionador; a prohibición da publicidade, promoción e patrocinio de bebidas alcohólicas —salvo as excepcións recollidas na

norma—: a famosa *happy hour* ou tres por dous. Todo isto deu visibilidade e mandou unha mensaxe clara e inequívoca do consumo, que debe ser un consumo cero entre a mocidade menor de idade e tamén recomendable no resto das idades.

Hai que seguir a traballar, entre outras liñas, nas seguintes: na regulación do consumo na vía pública, na restrición efectiva do acceso de menores de idade ás bebidas alcohólicas, e na desnormalización —como ben dicía vostede— desa tolerancia que o consumo de alcohol ten na nosa sociedade.

Debo destacar tamén que froito das actividades inspectoras, tanto dos corpos e forzas de seguridade como dos inspectores da Administración autonómica, desde a entrada en vigor —que foi o 28 de febreiro de 2011— ata o 31 de decembro de 2015 se detectaron máis de tres mil infraccións por incumprimento da mesma.

En terceiro lugar, pregúntanos se considera o Goberno da Xunta de Galicia que se está a facer un bo labor na execución da lei e se se está facendo un seguimento desta execución. Como diciamos antes, a Lei 11/2010 regulou a posta en marcha de dous tipos de medidas: as de prevención e as relacionadas coas limitacións da oferta de bebidas alcohólicas aos menores de idade. A execución do primeiro grupo de medidas implica o desenvolvemento dunha política preventiva integral que debe incluír actividades en todos os ámbitos. Un que vostede non anunciou, e que a min me parece fundamental, é a familia. E, evidentemente, a escola, a comunidade e, loxicamente, tamén o sanitario.

Neste sentido, a Consellería de Sanidade vén cofinanciando e desenvolvendo proxectos de prevención do consumo de substancias adictivas desde o ano 1994. Ata o 2012 facíase a través de convenios de colaboración, e desde o 2013 mediante convocatorias abertas de subvención en réxime de concorrencia competitiva. Froito destas axudas, a Consellería colabora cunha serie de entidades locais e outras sen ánimo de lucro no desenvolvemento de actividades preventivas, non só do alcohol, senón tamén de todo tipo de substancias adictivas.

Na convocatoria actual, que abarca actividades desde xuño de 2015 ata xuño de 2017, estanse cofinanciando xa 38 proxectos preventivos: 25 de concellos e 13 de entidades privadas sen ánimo de lucro. E as intervencións levaranse a cabo en 126 concellos, onde vive aproximadamente o 61 % da poboación galega.

En relación coas medidas destinadas á diminución da oferta, á marxe da actividade inspectora xa mencionada, que detectou máis de 3.000 infraccións desde a entrada en vigor —como diciamos antes—, a Consellería de Sanidade informa e asesora a todos os interesados sobre os preceptos regulados na normativa sobre consumo, venda e publicidade de alcohol. Ditou, ademais, a Orde do 1 de marzo do 2012, pola que regula a sinalización das limitacións no consumo, venda e subministración de bebidas alcohólicas en locais comerciais. Aprobou tamén o Decreto 126/2012, polo que se establece e se regula o sistema de información sobre o consumo de bebidas alcohólicas en menores. E aprobou o Decreto 88/2014, polo que se regula o sistema de substitución de sancións impostas por incumprimento da Lei 11/2010.

Ademais, imos crear un grupo de traballo multidisciplinar —parécenos fundamental, e creo que o señor deputado ten tamén esa sensibilidade—, onde debe estar a Consellería de Educación, as anpa, a Fegamp representando os concellos. Nós non tratamos de culpabilizar os concellos, senón de que os concellos colaboren en algo tan importante socialmente. Tamén asociacións, ONG e xente que está directamente implicada. E, loxicamente, imos estar en colaboración e en coordinación co Ministerio de Sanidade, onde a nova titular anunciou hai escasamente uns días que ía haber unha nova lei para evitar todo este tipo de problema social. Eu estarei nas próximas semanas, antes de acabar este ano, coa ministra, e, desde logo, imos facer especial fincapé en que haxa unha especial coordinación, tratando de levar os problemas que aquí coñecemos, que aquí analizamos, que aquí estamos detectando, ao nivel da normativa estatal.

Aínda teño cousas que dicir, pero creo que aínda temos un tempo adicional e podemos despois contar medidas que eu creo que son moi boas para todos os cidadáns, e especialmente para os menores de idade. Pero como dicía tamén o señor deputado, e cremos todos, temos que facer que a sociedade teña tolerancia cero con todo o que son drogas. Drogas máis ou menos introducidas na nosa sociedade e aquelas que se están introducindo nestes últimos tempos e das que aínda non temos demasiado coñecemento sobre elas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Si, señor conselleiro, coincidimos nalgunhas cousas, sen dúbida compartimos algunha. Vaime permitir que sexa un pouco máis exixente.

O dato que lle proporcionaba —se non lembro mal, pero vou consultar novamente a referencia— eu creo que é á inversa: descendeu a idade de inicio. Cito traballos recentes, publicados neste mesmo ano en revistas internacionais. Estou dicindo datos académicos, non institucionais, pero creo que están bastante ben fundamentados neste caso. E ademais cítoos de grupos de traballo que teñen a súa radicación aquí en Galicia. Temos grupos punteiros a nivel internacional que traballan precisamente sobre esta situación, sobre as causas e a análise psicosocial. Na propia Facultade de Psicoloxía hai dous grupos traballando: un no aspecto neurolóxico e de efectos do consumo; e outro probablemente máis centrado nas cuestións contextuais e tratamentos adiccións. En todo caso, estamos falando de décimas. Eu creo que compartimos que a idade é preocupante, polo tanto, nese sentido afrontamos igual o mesmo problema.

É certo que hai un problema —é evidente— co propio botellón. Insisto en que non o cingamos unicamente a unha cuestión xeracional, porque, se falamos só dos menores, parece que facemos esta táctica Rajoy —perdoe que llo repita—, que ocultamos os maiores e así parece que non... Eu creo que son igualmente preocupantes porque son exemplo. Ao final, o condicionamento e a aprendizaxe dos menores moitas veces vén dado pola imaxe que teñen na

casa ou no contexto, e os maiores tamén resultan preocupantes. Dígoo porque hai exemplaridades, ademais, que hai que dar. É moi difícil saír facer unha enquisa —vou poñer un exemplo, a min non se me ocorrería—, unha crítica ao botellón universitario, na Alameda en Santiago, e logo quedar durmido diante dun semáforo por ir en condicións lamentables. Quero dicir que sería moi triste e sería ineficaz. Supoño que iso neste país non vai pasar nunca. Polo tanto, creo que debemos non ocultar que hai unha realidade e que ademais parece que hai unha tolerancia, porque como non se culpabiliza a ninguén deste tipo de cousas...

É certo que pode haber algunhas melloras —eu mesmo o recoñezo na interpelación, hai algunha mellora, algúns datos mellores—, pero creo que son demasiado tímidas, demasiado, porque levamos unha lei que leva funcionando cinco anos —cinco anos e medio— e consideramos que as melloras son moi baixas, e, polo tanto, que existe un problema derivado desa certa ineficiencia da lei que nós consideramos inicialmente.

Eu claro que falo moito das causas, por suposto da familia; pero máis alá. É dicir, ¡se ás veces nin sequera nos pomos de acordo no concepto de familia...! Eu fágoo un pouco máis amplo. Falei dunha cuestión integral. Familia, contorna, amigos, evidentemente, e colexio, pero —digamos— é necesario que sexa integral porque existe tolerancia no contexto e porque non é un problema de idade. Volvo insistir, non criminalicemos unha xeración.

Citou moitos datos, citou moitas aplicacións regulamentarias, estou de acordo con todas as iniciativas que se fan. Eu son máis partidario de facer menos e ser eficaz, porque —insisto— creo que as melloras son poucas e porque, ademais, toda a realidade de todos os datos que estamos citando está aí, pero a realidade na rúa é outra. Vostede mencionou algunha cousa. É certo, hoxe en día os menores seguen podendo comprar, ninguén lles di nada —máis ou menos, sendo un pouco exaxerado—; poden consumir, hai consumos na rúa, todo o mundo sabe onde se consume. E a min, en min mesmo, considero que necesitamos educar sobre as consecuencias que ten. Porque eu si que creo que alguén que ten 17 anos e medio é tan maduro como o que ten 18 e un mes, e, polo tanto, non lle podemos atribuír a un unha capacidade de razoamento ou de decisión que a outro non. Polo tanto, por iso incido na cuestión non xeracional. E, polo tanto, debemos de asumir a realidade que existe. E non lles pasemos —insisto nisto— a responsabilidade aos concellos; ou incluso, en último caso, a alguén que, traballando en condicións precarias detrás dunha barra dun bar ás catro da mañá, teña que andar pedíndolle o DNI a alguén para ver se pode ou non pode servirlle. Iso é ineficaz. Podemos dicir que regulamos iso e sentirnos tranquilos, pero é ineficaz e o problema vai seguir existindo. Entón, fagamos cousas que sexan eficaces, e o máis eficaz é a pedagoxía. E nós consideramos que a pedagoxía sobre este asunto a lei a fundamenta ben no preámbulo pero non a desenvolve ben. E consideramos que non está desenvolvida en programas reais, que non teñen, ademais, partidas orzamentarias e nos que pode existir, incluso, un xogo de tenis sobre de quen é a responsabilidade —dos concellos, da Xunta... Non llelo pasemos ás organizacións non gobernamentais, que poden aportar e axudar pero non poden ser responsables de non facelo. Hai un baleiro legal sobre quen se ocupa de ensinar as problemáticas que existen.

Vostede citaba grupos multidisciplinares: anpa, colexios, educación. Novamente estamos falando unicamente aí dun espectro xeracional, fagámolo en todos. Eu creo que é necesario que o fagamos en todos. Creo que é necesario que afrontemos este problema con dimensión,

polo tanto, traemos a este Pleno unha moción facendo algunhas propostas sobre a mellora da lei e estamos abertos a redebater a lei para poder incluír nese sentido e falar incluso coa cantidade de persoas expertas —que as hai— que sexan necesarias.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Pecha o debate desta interpelación o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, presidente.

Sen acritude, señor Torrado, creo que —como ben dicía un deputado do seu grupo onte, que se puña moi serio cando se metían cunha presidenta dunha comunidade autónoma— a citación do presidente Rajoy está fóra de lugar nun tema tan serio. Eu creo, sinceramente, que deberiamos evitar este tipo de cousas.

Collo, desde logo, a man tendida porque nós tamén a queremos. Creo que na lei temos que facer axustes, sobre todo porque —digo— a Lei de drogas en Galicia ten moitísimos anos. E eu creo que hai moitas novas adiccións que están no ámbito, que están na sociedade, e aínda non chegaron. De todas formas, dicirlle que o tema das estatísticas, aínda que para min son orientativas sempre, o importante é traballar e traballar para mellorar a situación. No ESTUDES de 2014 —que é a nivel nacional, é un estudo moi serio, unha enquisa moi valorada— os datos que nos saen son estes. Cando son malos, hai que telos en conta, e cando son bos, creo que tamén. Pero, como digo, temos que seguir traballando.

Dicir tamén que ás veces vostede dicía que as leis non debían ser punitivas totalmente. Eu creo que teñen que ter unha parte moi importante preventiva. Esta, a de 2010, xa tiña claramente unha parte preventiva. Pero logo pon en valor vostede a lei Zapatero, a Lei antitabaco, que, desde logo, foi bastante punitiva e todos recoñecemos que os resultados foron bos porque diminuíron de forma importante o consumo. Polo tanto, creo que é importante.

Pero, como dicía tamén, a prevención para nós é moi importante. Como sabe vostede, no tema do tabaco temos unha campaña de prevención non punitiva que fala do fogar sen fume, da aula sen fume e tamén das praias sen fume. Polo tanto, creo que está ben que poidamos facer unha cousa e a outra, son complementarias.

As consellerías de Sanidade e de Educación estamos impulsando —porque preguntaba vostede sobre as accións concretas, sobre todo a nivel educativo—, e quería dicir que a Consellería de Educación está facendo un gran papel, non só nisto, senón noutras cuestións, no ámbito sanitario, que coñezo ben. Como digo, hai varios programas conxuntos de prevención, incluídos na carteira de servizos en materia de prevención do Plan Galicia sobre drogas, e lévanse a cabo a través de equipos de prevención municipais e das entidades sen ánimo de lucro. Inclúen intervencións adaptadas tanto a nivel de risco do alumnado como do seu nivel de maduración. Os indicadores de proceso utilizados para valorar a implantación e o seguimento dos programas amosan resultados satisfactorios.

No que se refire á súa efectividade, trátase dun campo no que é difícil asignar efectos concretos nos diferentes programas preventivos desenvolvidos. De todos os xeitos, na medida en que os programas seleccionados acumulan evidencia abundante sobre a súa efectividade e contan con estratexias e contidos amplamente testados e validados a nivel nacional e internacional, entendemos que están a producir efectos positivos na nosa mocidade.

Tamén nos preguntaba se cremos que están postos a disposición os recursos necesarios para as intervencións regulamentarias que implica a lei.

No que se refire a recursos económicos destinados especificamente á prevención de consumo de substancias adictivas, entre as cales o alcohol recibe un tratamento especial, destinou a nosa consellería 5,6 millóns de euros para as seis convocatorias de axudas, que abarcan un período de 2013 a 2017. Estamos a elaborar, neste momento, as próximas convocatorias de orde de subvencións para programas de prevención de trastornos adictivos, onde se van priorizar os programas de prevención do consumo de alcohol por menores, ademais dos relacionados co xogo patolóxico, especialmente a través de Internet, que é o que comentaba, que é algo que están introducindo actualmente na nosa sociedade e temos que ser —creo eu— moi vixiantes, estar moi enriba dese problema.

Remato dicindo que o consumo de alcohol por menores non é un problema xerado por eles, é un problema complexo asociado á tolerancia deste consumo polas persoas adultas, e se non se modifican certas actitudes, a loita será longa.

Deste xeito a solución pasa, necesariamente, por medidas lexislativas como a Lei 11/2010 —como digo, actualizada ás situacións actuais—, complementadas por outras a nivel estatal e local. Pero tamén pola necesaria implicación das familias, como diciamos; o compromiso por parte de distribuidores de bebidas alcohólicas á hora de permitir que estes teñan acceso ás mesmas; o desenvolvemento por parte das entidades locais de políticas activas de promoción da saúde, xunto con medidas de control do acceso de menores ao alcohol, tanto para evitar a súa adquisición como para impedir os denominados botellóns. En xeral, a colaboración de todos —incluído este Parlamento—, sendo este un tema no que coido que resulta desexable que academos un consenso.

Desde logo, acepto encantado a man tendida do seu grupo para poder traballar, para poder facer unha normativa que amplíe o espectro actual, e que poidamos dar a transmisión a toda a sociedade dun grave problema que está aí, e que, desde logo, entre todos temos que resolver.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de don Abel Fermín Losada Álvarez, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Interpelación de D. Abel Fermín Losada Álvarez e D. José Manuel Pérez Seco, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza enerxética

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que me alegro de ter freado ao meu compañeiro Xulio Torrado, porque, en relación coa iniciativa, que a chamada de atención sobre Rajoy lle pareceu improcedente ao señor conselleiro, el tiña pensado falar de Aznar e «viva el vino», aquela declaración institucional tan satisfactoria en Quintanilla de Onésimo Redondo. *(Aplausos.)*

Entón, a verdade é que estando tan acostumados a escoitar falar de Zapatero día e noite neste Parlamento, esta hipersensibilidade de pel do Partido Popular eu diría que resulta case obscena, eu diría que case obscena. Pero bueno, eu teño certo encaixe.

Imos á enerxía, á pobreza e aos resultados empresariais. Como falamos de empresas enerxéticas e falamos, polo tanto, de resultados empresariais, quero retomar unha empresa enerxética, que é Pemex, e algunha observación interesante que se fixo neste pleno ao inicio desta sesión.

Efectivamente, Pemex mercou o 51 % de Barreras por 5,1 millóns de euros e acaba de facturar por 170 millóns de euros un flotel. Iso significa que o 51 % desa facturación son 86,7 % e significa que, cunha taxa de retorno do 6 %, tería recuperado o seu investimento.

Despois do das caixas de onte, do día anterior, estamos vendo que Galicia para algúns é unha verdadeira terra de promisión en termos de rendibilidade dos investimentos financeiros, ¡unha auténtica terra de promisión! Falo neste caso de Abanca e supoño que de Pemex, se é verdade que esa facturación se produciu xa, se pagou. E é certo que o flotel xa non está na ría de Vigo, supoño que vai camiño de México.

Pobreza enerxética. Pobreza enerxética, señor conselleiro. Hai un novo marco europeo que cuestiona de maneira radical todo o que foi a política enerxética dun ministro de Industria nefasto, o señor Soria, que foi absolutamente en contra do que eran as liñas de actuación de todos os países avanzados. Porque quero recordarlle que a paralización das renovables, que é a vía que Bruxelas di que...

Por certo, sorprendentemente o señor Arias Cañete, nunha nova caída do cabalo vía Damasco... A verdade é que son unha auténtica embaixada de Siria, vostedes. Están todo o día camiño de Damasco. ¡A ver se caen do cabalo! O señor Arias Cañete, que era o que aplaudía ao primo de Rajoy que negaba o cambio climático, agora sae ao lado da comisaria de Medio Ambiente absolutamente encantado de que se prioricen de maneira estratéxica as enerxías renovables. Entón, este é un feito obxectivo. *(Aplausos.)* Pero é moi lícito cambiar de posición. En todo caso, existe. Tamén é verdade que o primo de Rajoy, ademais da cátedra de Sevilla, agora ten perfectamente *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, vou seguir falando do primo de Rajoy cando queira e estea no uso da palabra. E se a algún deputado do Partido Popular lle molesta, a min moléstanme moito máis algunhas referencias a presidentas de autonomías folclóricas... *(Aplausos.)* Polo tanto, vou seguir falando do primo de Rajoy. Insisto, se a alguén lle molesta, hai psicanalistas. Hainos, hainos.

O señor PRESIDENTE: Non, pero ese punto xa sabe que eu son especialmente... Non me gustan eses puntos.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Bueno, pois hai psicólogos clínicos...

O señor PRESIDENTE: Non, non, pero tampouco.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Estaba pensando niso.

O señor PRESIDENTE: Non, pero non me gusta ligar o debate neste Parlamento con eses temas, e vostede o sabe ben. É unha especial sensibilidade miña.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: O folclorismo da presidenta dunha comunidade autónoma elixida polos seus cidadáns si se pode ligar.

O señor PRESIDENTE: Iso está ben dito.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¿Iso está ben dito? ¿Parécelle ben?

O señor PRESIDENTE: Iso está ben dito. Iso pode dicilo vostede. Iso pode dicilo, non teño problema.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

O señor LOSADA ÁLVAREZ: A súa proverbial neutralidade, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Non, non, quero dicir que non teño nada en contra diso.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: A súa proverbial neutralidade.

O señor PRESIDENTE: Non imos discutir, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Ben, ben, pois non discutimos sobre iso.

En todo caso, hai un novo marco europeo e hai unha vella historia, que é a historia do prezo de enerxía en España e da pobreza e a desigualdade. E xa sei que o prezo da enerxía en España era moi alto no ano 2007, moi alto. Pero a taxa de desemprego era do 7,4 %, señor conselleiro. Agora o prezo da enerxía é máis alto e a taxa de desemprego en España é de case o 20 %. Entón, non me volva falar de Zapatero, que xa o sei, foi un presidente... Non, non, o que non pode ser é que vostedes poidan falar aquí de Zapatero o que queiran, e que un deputado fale de Rajoy sexa un tema que fire a sensibilidade do Partido Popular. ¡Oia!, ou ben un pouco de seriedade por parte de todos, ou ben, polo menos, de non facer o ridículo.

Efectivamente, o prezo da enerxía medrou. Tamén é verdade que —como vostede ben sabe como conselleiro de Innovación— a introdución de novas tecnoloxías renovables sempre é

máis custosa en inicio. Polo tanto, non digo que iso o explique todo, pero, desde logo, explica unha parte dese sobreprezo das enerxías renovables en orixe.

O certo é que, a pesar das reformas dese magnífico ministro que tiña unha ruta turística que era Panamá e a República Dominicana en hoteis de luxo a prezo de ganga... Non foi desmentido, polo tanto, intúo que durmiu alí, o cal está moi ben. Conseguir eses prezos significa que é un xenio absoluto.

O certo é que o prezo da enerxía segue medrando en España. Por certo, segue medrando de maneira relevante no último ano. É verdade que houbo unhas condicións climatolóxicas digamos que adversas. Pero tamén teñen que explicar entón, se cando non hai vento e hai escaseza de auga medra o prezo, é que as enerxías renovables non son tan ruinosas para os consumidores como nos dicían inicialmente. Porque o que non pode ser é que digan que cando hai moita enerxía renovable é malo porque sobe o prezo, e o prezo acaba subindo cando hai pouca enerxía renovable, que foi o que aconteceu neste último ano, que, como todos sabemos, tivo un comportamento climatolóxico anómalo.

Pois esta subida de prezos, que leva un incremento da enerxía para consumo medio dun 28 % dende abril —quero recordarlle que o IPC está practicamente en taxa 0—, vai acompañada dos resultados empresariais das grandes empresas eléctricas deste país. E doulle os datos de 2015, creo que a última vez lle din os do 2014; así permítolle estar actualizado e afórrolles o traballo aos seus asesores de buscarlle os datos.

Endesa, Iberdrola e Gas Natural tiveron máis de 6.000 millóns de euros de beneficios no ano 2015. España ten 46 millóns de consumidores. Alemaña ten 81 millóns de consumidores. E as tres grandes eléctricas alemanas, que teñen unha situación oligopolística parecida á española, tiveron unhas perdas exactamente iguais ás ganancias das empresas españolas. Co cal, eu creo que entre a correlación, non digo que causal —señor conselleiro, non me examine, ou espere a responderme para examinarme—, entre tarifas —entre as máis altas de Europa— e os resultados empresariais das empresas eléctricas, algunha correlación hai. Volvo repetir: neste afán de aprobar o exame por parte deste deputado, insisto en que a causalidade a podemos debater, pero a correlación existe.

Entón, imos á outra cara da moeda, que é a da desigualdade e a da exuberancia financeira do Goberno Rajoy. ¡Perdón!, do Goberno Feijóo.

No ano 2015, como vostede ben sabe, deixaron sen utilizar o límite de déficit —porque era necesario que o señor Feijóo se presentara como líder na xestión pública do Partido Popular en España— en aproximadamente o 0,13 % de PIB. Iso son 90 millóns de euros máis ou menos. Todo parece indicar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Algo menos, está ben. Pensei que medrara moito máis o produto interior bruto galego. *(Risos.)* Esta regra de tres... Estou magnánimo, xa ve vostede. Dá a sensación de que polo teito de gasto aprobado van deixar sen executar de novo un 0,1 % do PIB. É dicir... Si, teñen un 0,6, e por agora o que se votou aquí foi un 0,5, salvo que haxa unha realidade paralela fóra deste Parlamento. O que se votou aquí, e o que se debateu aquí, foi un 0,5. Non sei se o seu compañeiro de Facenda lle contou outra cousa, pero foi exactamente iso. Polo tanto, 57 millóns de euros máis que —digamos— non se aproveitan.

Ao lado diso temos —e perdoe que lle repita o dato, pero voullo repetir— un incremento de fogares sen ningún ingreso do 17 % no último ano: terceiro trimestre de 2015, terceiro trimestre de 2016. Datos EPA ou Instituto Nacional de Estatística, homologación Eurostat, pedigrí de cifras de primeiro nivel: 17 % de incremento.

A min gustaríame algunha resposta a isto. Temos 76.000 persoas que levan paradas máis de dous anos. Non sei cantos levan parados máis de nove, e xa estaban parados cando o señor Touriño deixou de ser presidente da Xunta. Ese dato non o recolle a estatística, laméntoo moito. Pero, desde logo, 76.000 persoas que teñen máis de dous anos de desemprego. Normalmente persoas, ademais, con certa idade e cun nivel de cualificación normalmente baixo. Polo tanto, con difícil inserción sociolaboral.

Fronte a isto, señor conselleiro, o que fixo o goberno do señor Feijóo foi exactamente un programa de axuda enerxética vía Internet enormemente complexo —é verdade que eu non son moi hábil coa informática, pero, evidentemente, complexo— que pura e simplemente non soluciona o problema da pobreza enerxética, da subministración tanto de electricidade como de gas, e tamén de auga, desta poboación vulnerable; que é moita a pesar de que o señor Feijóo nos conte aquí que había máis pobres en Galicia no ano 2009. Eu entendo que o diga. Por certo, podía trasladar que onte tamén nos contou a historia da emigración —ou hoxe, xa non sei cando foi—. Onte publicou a Axencia Tributaria os datos de mobilidade dos ocupados. Efectivamente, entran moreas de traballadores na Comunidade Autónoma de Galicia, como efectivamente dicía o señor Feijóo.

Polo tanto, señor conselleiro, eu o único que lle pido é un compromiso político de que se vai levar adiante unha política seria, coordinada e dentro dun plan integral...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...de erradicación ou de loita contra a pobreza. Un plan ao que, por certo, onte vostedes votaron en contra.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo tanto, gustaríame saber que nos ten que dicir.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Losada, a verdade é que esta mañá me están poñendo a cousa bastante difícil, porque onte nunha interpelación de emprego me falaron de facenda e me falaron de política social, e agora vostede, nunha de pobreza enerxética, fálame de Abanca, de Pemex e fálame de enerxías renovables, que é verdade que pode ter unha relación indirecta, pero entenda que me poñen a situación... Pero eu intentarei responder, sobre todo. Pero o máis importante, vou empezar polo final, é que xa lle traslado esa intención do Goberno e a intención do grupo parlamentario para, efectivamente, traballar conxuntamente para identificar novas medidas, máis aló das que xa ten implementadas este goberno, para afrontar unha situación moi sensible como é a pobreza enerxética. E, polo tanto, teremos un marco de traballo, que é a iniciativa lexislativa popular, onde poderemos identificar esas medidas. E xa lle traslado ese posicionamento por parte do Goberno para establecer unha política coordinada, non só a nivel dos grupos parlamentarios senón tamén por parte do Goberno, que impulsaremos a colaboración doutras administracións, nomeadamente dos concellos.

Ese é o camiño, porque a pobreza enerxética non coñece siglas, a pobreza enerxética e os consumidores vulnerables o que necesitan son respostas e, polo tanto, eu creo que nun problema tan sensible e tan complexo pois, efectivamente, temos que traballar nesa dirección.

Xa digo que nós, este goberno, levámolo facendo dende o ano 2014. Non é unha situación, polo tanto, novidosa para este goberno, senón que nós levamos dous anos intentando dar unha resposta a unha realidade e a unha sensibilidade vinculada á pobreza enerxética. E temos establecidas xa medidas específicas para paliar esa pobreza enerxética, tanto a través do tícket eléctrico social, co que xa temos axudado a preto de 5.000 fogares, como a través dunha axuda para evitar os cortes da subministración de electricidade, coa que a Xunta xa ten apoiado a preto de 900 fogares.

E, como saben —porque tiven ocasión de trasladalo na comparecencia de orzamentos—, a estas dúas medidas concretas, o tícket eléctrico social e a orde para evitar os cortes de subministración, ampliaremos este ano 2017 esas medidas para evitar o corte de subministración de gas natural. Polo tanto, garantiremos que toda a subministración enerxética das familias máis vulnerables poida ter unha cobertura en termos de axudas concretas por parte deste goberno.

Polo tanto, entendemos que ese é o compromiso, atender unha realidade; e, polo tanto, atenderemos esas solicitudes que nos poidan plantexar nos próximos meses e no próximo ano as familias máis vulnerables. E por iso lle dicía que nós estamos abertos a seguir traballando, a seguir traballando tanto nesta Cámara como fóra dela para seguir identificando máis solucións a esta cuestión, solucións coordinadas dende o punto de vista da corresponsabilidade por parte das diferentes administracións e, polo tanto, que os cidadáns teñan unha resposta concreta. Son axudas que, por certo, teñen unha visión claramente de goberno. E eu quero destacar esta mañá ese aspecto porque todas as medidas que eu trasladei están dentro dun paraugas, que é a Axenda Social de Galicia. Polo tanto, aínda que haxa diferentes departamentos da Xunta de Galicia implicados no obxectivo de paliar a pobreza enerxética —insisto—, responden a unha mesma política de goberno a través desta Axenda Social de Galicia.

Eu creo que podemos concordar, señor Losada, en que a pobreza enerxética é un tema complexo, que ten moitas arestas, pero, sobre todo, en que ten dúas orixes moi importantes que

eu creo que son as dúas sobre as que hai que traballar, que son a renda das familias e o custo enerxético. Creo que podemos estar de acordo nese diagnóstico e, efectivamente, aí é onde temos que dar solución.

Esas solucións, dende o punto de vista social, estanse abordando dende o Goberno; porque o Goberno ten, a través desta Axenda Social de Galicia, axudas concretas para axudar as familias máis vulnerables. Por exemplo, a Risga. Como sabe, a Renda de Integración Social de Galicia ten como un dos obxectivos precisamente paliar as necesidades dende o punto de vista enerxético. E hai outro tipo de axudas que ten o Goberno, como ese complemento para os titulares das pensións non contributivas e o resto de axudas que xa lle teño trasladado. Polo tanto, ese é o camiño. E o camiño complementario para dispoñer dunha maior renda é unha política de emprego e que, polo tanto, a través da política de emprego, efectivamente, os cidadáns teñan respostas concretas.

Pero vaiamos ao segundo eixo, que é o sistema enerxético. Vostede plantexou aquí a situación do sistema enerxético e eu recoñézolle esa decisión que tivo o Partido Socialista no ano 2009 de crear o bono social, que foi unha medida importante no seu momento precisamente para atender o mandato comunitario da protección aos colectivos máis vulnerables. Eu agradeceríalle que lle recoñeza ao Partido Popular que no ano 2013 fomos quen de mellorar ese bono social, pasando desa contía fixa a unha contía de porcentaxe en función da facturación. Polo tanto, señor Losada, temos traballado xuntos na mesma dirección nese sentido e, loxicamente, o bono social será un dos ámbitos nos que a nivel de goberno teremos que identificar medidas por parte dos grupos políticos, para que o bono social dea respostas tamén á situación da pobreza enerxética.

Pero, como lle dicía, o problema da pobreza non é só un problema de renda, senón que é un problema tamén de custo enerxético. E aí, claro, xa non imos estar tan de acordo. Eu voulle trasladar datos moi concretos, porque durante os últimos anos do Goberno socialista —voume remitir aos últimos catro, non ao período 2004-2012, senón 2008-2012— a factura eléctrica dos consumidores domésticos en España, señor Losada, subiu o 50 %, co Goberno socialista. E nos últimos catro anos o prezo da electricidade para o consumidor doméstico baixou en España o 0,2 %. Esa é a realidade dende o punto de vista da evolución dos custos enerxéticos segundo datos de Eurostat, que creo que están para poder compartilos entre todos. E esa situación responde a unha política enerxética no seu momento que foi errada. Esa é unha realidade, e houbo que corrixila. Co Partido Socialista multiplicouse por 10 o déficit de tarifa e, loxicamente, houbo que abordar esa situación.

Pero xa lle digo que nós temos que encontrar solucións e, polo tanto, temos que seguir avanzando en medidas que este goberno leva implementadas dende o ano 2014. E, polo tanto, aí é onde temos que traballar, vendo o funcionamento do tícket eléctrico e da orde de corte de subministración da electricidade e gas natural que xa están implementadas e están dando respostas concretas a preto de 6.000 familias en Galicia. E, a partir de aí, avanzar, avanzar sobre o diálogo nesta Cámara, sobre o diálogo coas administracións locais para a súa implicación e corresponsabilidade —non só en termos de información, loxicamente, senón tamén en termos de cofinanciamento para, efectivamente, dar unha resposta concreta—.

E temos a folla de ruta marcada, non hai que buscar ningunha folla de ruta. Esa folla de ruta é a tramitación da iniciativa lexislativa popular na que teremos creo que unha boa oportunidade. E nese contexto imos traballar. Eu creo que simplemente temos que chegar a un acordo para contextualizar o desenvolvemento da iniciativa lexislativa popular. Primeiro, tomar decisións, medidas, axustadas a dereito, e creo que aí podemos estar de acordo o Grupo Socialista e o Goberno. E, en segundo lugar, medidas realistas que se poidan levar a cabo a través da colaboración entre a Xunta de Galicia e os propios concellos.

Eu creo que ese é o contexto de traballo e eu o que espero é que loxicamente vostedes recuperen ese discurso dun partido con opcións de goberno e que, polo tanto, nun contexto tan delicado como é este, poidamos chegar a consensos no desenvolvemento desa iniciativa lexislativa popular e poder seguir avanzando a medidas complementarias ás que xa temos postas en marcha para darlles solucións aos cidadáns, sobre todo aos cidadáns máis vulnerables dende o punto de vista da pobreza enerxética.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Na rolda de réplica ten a palabra o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a verdade é que non sei moi ben por onde empezar. Mire, efectivamente, tomaron medidas no ano 2014. Tendo en conta que chegaron ao Goberno no ano 2009 e atoparon unha Galicia desolada por todo tipo de tornados socialistas e nacionalistas, gustaríame saber qué estiveron facendo exactamente durante cinco anos. Como período de reflexión, parece a Comisión das caixas. Eu creo que xa chegou.

A corresponsabilidade de diferentes administracións paréceme moi ben. A ver se vai resultar que quen ten competencias, que é a Xunta, pide que os concellos paguen. Por se acaso. É que hai algún antecedente, como en termos de transporte metropolitano, en que é así, e non me gustaría que se repetira tamén en temas de pobreza enerxética.

E, efectivamente, é un tema complexo que ten que ver con rendas familiares e con custo enerxético. Ao final, dáme a razón, ten que ver exactamente cos resultados financeiros das empresas eléctricas e ten que ver cun modelo económico que leva a que a poboación que está en paro teña uns niveis de ingresos que non permiten saír da pobreza. Coincido plenamente con vostede, estase aproximando perigosamente á socialdemocracia, teña coidado.

Onte mesmo votaron en contra de considerar a Risga un dereito subxectivo. ¡Oia, aclárense! Eu sempre pensei que a Risga era a mostra... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Agradezo a clase particular, señora Rodríguez Arias, pero a interpelación é directamente co conselleiro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Agradecería, presidente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Por favor, manteñan silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Dereito subxectivo. Subxectivo significa que, polo tanto, está sometido a unha interpretación e, polo tanto, para min, para os socialistas ou para a esquerda a integración social é un dereito subxectivo, señora Rodríguez Arias. *(Aplausos.)* Infórmome como vostede queira. Polo tanto —insisto—, estaría ben que se aclararan.

A verdade é que a subida no último goberno Zapatero do 53 % da tarifa eléctrica é unha subida moi alta, é certo. Eu sinto moito que subira dende abril deste ano un 28 %, señor conselleiro. A ver se vai resultar que en catro anos un 53 % é moito e en sete meses un 28 % forma parte da dinámica de mercado. Claro, entón a ver se sabemos... Si que sabemos perfectamente do que falamos, ¡home!, ¡vaia se sabemos!

Bono social. Efectivamente, implantouno o goberno de Zapatero, mellorouno o goberno do señor Rajoy. Preocúpame moito unha cousa agora, porque é verdade que o novo ministro de enerxía parece que ten un novo talante, e pasamos o bono social dos produtores a todas as comercializadoras —350 empresas—. Moi ben, só me preocupa unha cousa: que se converta nun imposto indirecto e que ese custo do bono social acabe pasando, vía prezos, a que o paguen todos os cidadáns non dependendo da súa renda. E pasamos ao tema da gratuidade dos libros de texto: vía impostos, ¡vía impostos! Eu non quero que as empresas paguen o bono social, eu quero que as empresas paguen impostos polos seus resultados económicos, polos 6.000 millóns de euros. *(Aplausos.)* E xa sei que Europa di que é posible, pero non obriga, non obriga. E volvo repetir: un goberno socialista fíxoo cando a taxa de paro era do 7 %. E non vou defender todo o que fixo o Goberno socialista, que probablemente en cousas se equivocou; pero, insisto, impostos, impostos a eses beneficios empresariais escandalosos. E con iso finánciase dende o público o bono social perfectamente, como vostede ben sabe.

Hai 12.000 familias vivindo en chabolas en Galicia; delas, 10.000 sen inodoro. Ano 2016: Cidade da Cultura, bosque autóctono galego plantado aí, ao lado. Dígoo porque hai que enmarcar os temas, porque, se non, dá a sensación de que estamos falando dos mundos de Yupi, e non estamos falando dos mundos de Yupi. Insisto: 10.000 vivendas —non sei se é un dereito subxectivo ou obxectivo, señora Rodríguez Arias— que non teñen inodoro. *(Murmurios.)* Despois, explícamo, que llo agradezo, por suposto.

E en termos de orzamento —eu comprendo o compromiso do goberno de Feijóo coa pobreza enerxética, pero ao mellor linos mal ou ao mellor hai algunha partida que me escapou, porque é verdade que tamén pode ocorrer, e gustaríame que me contestara—, o ano pasado para o ticket eléctrico social había 2.100.000 euros, e eu este ano só atopei 1.193.115 euros. A verdade é que me sorprende a precisión, recoñezo que quedei absolutamente estupefacto da capacidade de afinamento dos presupostadores do Goberno Feijóo. Aproximadamente é a metade de fondos, ou o 60 %, dos do ano anterior. Pero, iso si, o número de fogares sen ingresos é un 17,7 % máis. Polo tanto, eu creo que non estaría mal que aproveitaran esa marxe de déficit que graciosamente lles concede o Goberno Rajoy. É verdade que neste último caso pois coa axuda do Partido Socialista en Madrid. E, de feito, os datos do programa «Eficiencia enerxética e enerxías renovables», onde está este tícket eléctrico, inexplicablemente, pois baixan —dos poucos que baixan, é certo— un 15 %.

Non está nada mal para un ano en que o presuposto medra de maneira expansiva, como vostedes din.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vaia rematando, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Vou rematando, señor presidente.

No tema dos concellos, insisto, toda a cooperación. Pero non vaia ser que a Xunta invite e os concellos paguen, porque vexo o talante.

E logo encántame o de «cooperación de todas as administracións». Será por iso que o goberno de Rajoy levou ao Tribunal Constitucional a Lei de pobreza enerxética catalá, nun exercicio de aproximación á problemática catalá. Non vou entrar aí, que non é un tema que me competa, pero eu creo que se a maneira de aproximar administracións é recorrendo ao Tribunal Constitucional...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vaia rematando, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato, señor presidente—, pois non parece a vía máis axeitada.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor Losada, centremos os debates, porque o Goberno levou a lei do Goberno catalán ao Tribunal Constitucional, e o Tribunal Constitucional sancionou que efectivamente era inconstitucional a normativa que Cataluña quería establecer para que as empresas asumiran ese custo, porque unha comunidade autónoma non pode regular aspectos que afectan ao sistema eléctrico de España. E, polo tanto, o que non podemos facer —que era o que lle quería trasladar— é facer nós o mesmo. Xa sabemos o que podemos facer e o que non podemos facer. Non caiamos nun erro que xa está dirimido polo propio Tribunal Constitucional, e non pretenda —se esa é a intención que eu quixen entrever— traer a esta Cámara unha iniciativa que o Tribunal Constitucional xa dixo que é inconstitucional. Polo tanto, eu creo que é ao que precisamente me refería antes, que hai que centrar ben as cuestións e, sobre todo, ser realista se queremos chegar a un acordo.

Pero, mire, teño que dicilo, porque fala vostede dos beneficios das empresas. Vaime perdoar, pero en España páganse impostos, todas as empresas pagan impostos. Iso creo que non ten ningún tipo de dúbida. Pero, fíxese, voulle dar dous datos. Porque vostedes gobernaron en España. É que parece que vostedes non gobernaron. E o Bloque Nacionalista Galego, ao que vou facer referencia, apoiou ao Partido Socialista. Mire, o Goberno socialista foi o que instalou en 2008 unha potencia de 3.000 megavatios en paneis fotovoltaicos, que eran paneis

que tiñan un custo sete veces superior ao obxectivo que se marcaba e, que, polo tanto, derivou, señor Losada, nun déficit tarifario, que aínda estamos pagando, de 28.000 euros. Polo tanto, esa é unha realidade.

A segunda é que, cando falen das empresas, teñan un pouco de pudor, un pouco de pudor, porque vostedes —Partido Socialista, co apoio do Bloque Nacionalista Galego— perdoáronlles 3.000 millóns de euros ás eléctricas cando non quixeron reclamar o cobrado de máis polos custos de transición á competencia. ¡Un pouco de respecto! E iso está perfectamente dirimido tamén nos tribunais.

Entón, señor Losada, creo sinceramente que, se falamos de pobreza enerxética, falemos cun pouco de seriedade. Entón, falemos do problema que teñen os cidadáns e de como lles podemos trasladar solucións aos cidadáns. Vostede non falou nada do ticket eléctrico, non falou nada do corte de subministracións, porque están funcionando ben, señor Losada, están funcionando ben. E nós, nunha semana, garantímoslle a unha persoa que lle queiran cortar a subministración que non lle corten a subministración, nunha semana. Non hai ningún sistema que eu coñeza en España que, de forma automática sobre unha base reguladora establecida, nunha semana se dea esa orde para que non se lle corte a subministración a unha persoa beneficiada dunha axuda da Xunta de Galicia. ¡Nunha semana, señor Losada!

Entón, creo que hai que falar tamén cun pouco de rigor dende o punto de vista do que supón a tramitación administrativa das propias axudas. ¿Pódese mellorar? Sen dúbida. Nós temos á disposición todos os servizos da Xunta de Galicia. Temos chegado a acordos con Cáritas e con Cruz Roja. E eu estaría encantado con que os concellos, todos os concellos de Galicia, colaborasen na tramitación destas axudas. Non o quixeron facer, pero eu estarei encantado, loxicamente, de incorporar a todos os concellos e a todos os servizos sociais para que nos axuden a darlles respostas aos cidadáns.

Señor Losada, preguntábame qué fixemos durante cinco anos. Bueno, estamos pagando 2.000 millóns de euros que vostedes deixaron sen pagar —recórdollo: un orzamento ficticio de 2.000 millóns de euros—, entre outras cousas. Fixemos moitas máis, pero unha foi esa.

En definitiva, señor Losada, si lle traslado, como comezaba a miña intervención, unha invitación ao diálogo, unha invitación ao consenso e, sobre todo, unha invitación para identificar unha axenda de novas medidas que nos permitan darlles respostas aos cidadáns. E iso significa que, a través desa iniciativa lexislativa popular, temos unha boa oportunidade para dar novas respostas, para sentar bases de futuro e, sobre todo, para que os cidadáns teñan na Xunta de Galicia e nas diferentes administracións unha resposta clara para poder afrontar un problema, que é o problema da pobreza enerxética, onde temos que traballar tanto nos niveis de renda como tamén na evolución dos custos enerxéticos a nivel nacional.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos ao punto 6 da orde do día, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de Dª Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego respecto dos convenios asinados por Augas de Galicia cos concellos no segundo cuadrimestre de 2016

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

A verdade é que eu, nestes dous meses e pico que levo neste Parlamento, teño a sensación de vivir nun mundo paralelo, nunha especie de Galiza paralela. E máis hoxe, que eu veño de Pontevedra e os grupos da oposición acaban de anunciar unha moción de censura encuberta. *(Aplausos.)* Non lle vou preguntar, loxicamente, a vostede por esa cuestión, pero si polos convenios de Augas de Galiza.

Dicía que teño a sensación de vivir nun mundo paralelo, nunha Galiza paralela, porque vivimos aquí nun réxime de maioría absolutista. Dinos o señor presidente —polo menos o deste Parlamento, o desta Galiza paralela— que este é o mellor lugar do mundo para nacer. Díxoo aquí en sede parlamentaria. É o país do crecemento, do traballo, do benestar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Bará, vaia á cuestión, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Eu pensei que se refería ao paraíso dixital das novas tecnoloxías, pero vexo que é o paraíso dixital tradicional, o do dedo.

E, ademais, utilizan a Lei de transparencia para poñer en evidencia a opacidade. E refírome aos convenios publicados por Augas de Galicia no DOG o 3 de novembro de 2016. Non lle vou falar dos investimentos que están facendo, por exemplo, no Plan hidrolóxico Galicia-costa para intentar poñerlle remedio, con moita lentitude, por certo, con moitos atrancos, á situación crítica na que están as rías, e doutros convenios que teñen tamén co Estado para facer obras de infraestruturas nas cidades. Refírome a estes 66 convenios asinados con entidades locais de Galiza, que se publicaron o día 3, cumprindo a Lei de transparencia, e curiosamente, deses 66 convenios, 56 foron asinados con concellos gobernados polo Partido Popular. Non sei se aplicaron aquí o sistema dixital das novas tecnoloxías ou o tradicional. En todo caso, eu quérolle preguntar qué criterios se seguen para decidir os convenios e por que este uso absolutamente discrecional, escurantista, partidista e opaco —por moita Lei de transparencia que digan que teñen— para asinar estes convenios e para facer estas obras. E quixera preguntar tamén —non sei se coñece o caso— por que non se incluíu nesta listaxe de convenios unha petición do Concello de San Sadurniño e do Concello de Narón para facer unha infraestrutura conxunta. Vostedes presumen moito de primar e de apoiar as obras que se fan por medio da cooperación entre concellos. ¿Por que este proxecto, que leva máis de oito anos trasteado polos despachos da Xunta, o ano pasado o señor director de Augas de Galicia lles comunicou aos alcaldes que non se ía realizar e, en cambio, pois si teñen porta ancha para entrar nos despachos de San Caetano e para ser aprobados e tramitados os convenios de concellos gobernados polo Partido Popular?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a señora Mato.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas presidente.

Señor Bará, eu, efectivamente, coincido co meu presidente en que Galicia é un paraíso, e, efectivamente, tamén podo presumir de que foi este goberno e non outro o que fixera pública a Lei de transparencia na nosa comunidade, pola que vostede está a preguntar.

Quería tamén nesta intervención ter algo presente —por parte de todos os deputados e, evidentemente, por min, como membro do Goberno—, e é que as competencias están claras en materia de augas. A Lei de augas dío claramente, e, efectivamente, a competencia en saneamento e abastecemento é unha competencia exclusiva dos concellos, onde a Xunta de Galicia e mesmo tamén o Goberno do Estado pode, se así o entende, participar activamente. E así o fixemos dende sempre, dende que estamos no Goberno, no ano 2009, e así o fixemos tamén neste ano 2016, no que, como dicía vostede, asinamos 66 convenios en Augas de Galicia, no segundo cuadrimestre. Pero tamén no terceiro cuadrimestre asinamos 6 convenios máis. É dicir, 71 convenios asinados durante o ano 2016, aos que temos que engadirlles 6 actuacións máis que se fixeron por decreto en colaboración con 5 concellos. É dicir, 75 concellos da nosa comunidade terán comprometidas —dende o ano 2016—obras ao longo dos próximos meses —e tamén anos, porque algunhas obras son importantes—; 75 concellos, señor Bará, significa que un de cada catro concellos, ¡un de cada catro concellos!, na nosa comunidade terá un investimento realizado pola Xunta de Galicia nunha competencia exclusiva dos concellos.

E, como dicía vostede, nestes investimentos, nestes compromisos de convenios e decretos, investimos e comprometemos preto de 50 millóns de euros. Se vostede me seguía, ao principio do ano 2016 eu anunciei un investimento de 61 millóns de euros en materia de augas na nosa comunidade. É dicir, quedaron sen executar, sen comprometer, 11 millóns de euros, 11 millóns de euros que se corresponden estritamente co Concello de Ferrol, que aínda a día hoxe, e dende o 2 de agosto, ten o convenio na súa mesa e non sabemos nada del, que ten un investimento comprometido de 7 millóns de euros e onde, como vostede moi ben sabe, non goberna o Partido Popular; que se corresponden co Concello de Sanxenxo, onde dende xullo ten un convenio enriba da mesa con 400.000 euros de investimento e no que tampouco, como sabe vostede moi ben, goberna o Partido Popular; e que se corresponden con 6 millóns de Poio, onde a día de hoxe non é que teña convenio, é que non sabe nin sequera onde quere investir eses 6 millóns de euros. E, polo tanto, xa lle adianto, para cando me pregunte vostede por que non se executaron os 61 millóns de euros dos que falaba, que, evidentemente, aí ten a resposta. Xa me adianto.

O 33 % destes investimentos foron para concellos non gobernados polo Partido Popular. Pero gustaríame destacar que a media do investimento nos concellos non gobernados polo Partido Popular desta consellería é dun millón de euros por concello, a media.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): E a media de investimento nos concellos do Partido Popular é de medio millón de euros.

Rematarei a intervención despois, na segunda parte. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Ben, señora conselleira, di vostede que Galiza é un paraíso. Supoño que non será un paraíso para as máis de 600.000 persoas que en Galiza teñen dificultades para chegar a fin de mes e que viven en situación de pobreza e de exclusión social. Supoño que non se referirá a esas persoas cando fala do paraíso.

E, desde logo, nos non cuestionamos a necesidade nin a oportunidade de facer todas estas obras que foron asinadas mediante convenio, o que lles estamos cuestionando é que utilicen a técnica dixital, é dicir, decidir a dedo qué convenios se fan e cales non. E citeille o caso de San Sadurniño e Narón, e vostede non me puido replicar nada ao respecto. Espero que na segunda intervención me poida dicir algo.

Dime vostede, como unha proba de grande xenerosidade e magnanimidade, que fan convenios cun terzo de concellos que non son do Partido Popular. Paréceme, desde logo, unha cantidade extraordinaria, tendo en conta a repartición que hai despois das últimas eleccións de 2015, onde vostedes levaron un bo batacazo electoral coa repartición que hai no poder municipal.

A verdade é que non nos estraña nada esta cuestión da opacidade, da falta de transparencia, da discrecionalidade e do partidismo, porque a aplican tamén a outras convocatorias, neste caso, que fan a través do DOG, como o Plan Hurbe, no que tamén aplican absolutamente a discrecionalidade.

Espero que me dea algunha resposta a respecto do caso de San Sadurniño e de Narón, porque me parece extraordinariamente grave que, cando dous concellos —cousa que é bastante difícil— se poñen de acordo para afrontar obras como as deste tipo —nas que hai ademais moitos litixios e moitos enfrontamentos por estas cuestións de lindes—, cando se poñen de acordo dous concellos e dous alcaldes, que lles pechen a porta e que o señor director de Augas de Galiza chame os alcaldes para dicirlles que esa obra non se vai executar porque seica xa fixeron moitas obras nesa zona.

Polo tanto, paréceme que o camiño que están seguindo, desde logo, non é o axeitado, non é respectuoso cos dereitos dos cidadáns e cos dereitos que teñen os concellos a poder executar estas obras coa colaboración da Xunta de Galiza. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a réplica, por parte do Goberno, a señora conselleira, dona Beatriz Mato.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Pois si, señor Bará, sigo pensando que Galicia é un auténtico paraíso, e tamén é un lugar de esperanza para todas estas persoas.

Falaba vostede da representación política que temos nos nosos concellos. A verdade é que é oportuno, porque efectivamente o Partido Popular está a gobernar a máis do 52 % dos concellos actualmente, e tamén estaba a gobernar en preto do 52 % dos concellos no ano 2007, cando, por certo, na Xunta de Galicia gobernaba o Bipartito, do que vostede non formaba parte pero a súa formación política si, o BNG... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ah!, ¿vostede tamén? ¡Pois mire que ben!, aínda mo pon máis ao meu favor. Porque, ¿sabe cal foi a porcentaxe de investimento do Bipartito, en materia de augas, nos concellos do Partido Popular? O 25 %, o 25 % do investimento foi para máis da metade dos concellos de Galicia, gobernados polo Partido Popular. É dicir, señoría, iso si que era ter unha política de técnica dixital e non o que estamos a facer agora. E o que estamos a facer agora, grazas á Lei de transparencia que puxo en marcha este goberno, teno vostede publicado; e mesmo tamén na Lei de presupostos, onde ten identificados claramente os investimentos. E a min gustaríame, dos 71 investimentos dos 71 convenios que temos asinados, destacar algúns investimentos altamente destacados e onde, efectivamente, a Xunta de Galicia vai estar: o de Ferrol, onde o emprazo a que, se pode, fale con alguén da súa formación política a ver se ten a ben firmar ese convenio; o de Viveiro, evidentemente, tamén con 1 millón de euros, que será unha EDAR de 3 millóns de euros e onde no ano 2017 teremos 1 millón de euros; o de Pontedeume, onde tamén teremos 4,3 millóns de euros; Cedeira, onde tamén haberá un investimento de saneamento; Ortigueira; Rianxo. En definitiva, señoría, eu podería relatar todos os investimentos que dende esta consellería se están a desenvolver en colaboración con todos os concellos.

E fíxese ben, se vostede quere falar de San Sadurniño, e mesmo de Narón, pois evidentemente pode vostede facerme preguntas, como me pode preguntar por Vilagarcía, como me pode preguntar por Pantón, como me pode preguntar por Portomarín, como me pode preguntar por toda a relación de concellos que dende o ano 2009 se teñen presentado ante o Goberno da Xunta de Galicia para pedirlle colaboración nunha competencia que é exclusiva dos concellos.

A Xunta de Galicia vai estar, pero ten a prioridade —e nestes investimentos o estamos a marcar— de complementar todos os investimentos e apoio para o saneamento das rías de Galicia. E aí nos van ter.

Polo tanto, señoría, cando temos que falar da execución, o que ten que facer esta conselleira e esta consellería é responder a estas necesidades. Un de cada catro concellos, nun só ano, teñen comprometido un investimento en materia de saneamento, e eu creo que ese é o fito máis destacable.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Antón Sánchez García, do G. P. En Marea, sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento no proxecto denominado Centro de Xestión Ambiental de Lousame das normativas europea, estatal e autonómica vixentes no referido á xerarquía do tratamento dos residuos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

O proxecto do Centro de Xestión Ambiental de Lousame é unha fuxida cara adiante, unha patada a seguir, é pechar os ollos e seguir incidindo no erro. Estamos diante dun novo macrovertedoiro que non aporta nada novo ao insostible modelo Sogama, ese modelo que a señora conselleira di, unha e outra vez, que é un exemplo internacional, nun empeño titánico por defender o indefendible. Pero os datos son os que son, señora conselleira, son datos que poñen este modelo á cola de Europa.

Das preto de 100.000 toneladas de residuos tóxicos e non tóxicos que recibirá anualmente a planta, case un 80 % rematarían no vertedoiro, mentres que só un 22,5 % dos refugallos poderán ser recuperados para outros usos, como a propia Consellería de Medio Ambiente sinala. Nin tan sequera sabemos se os custos de transición da suposta valorización do 10 % que serían transformados en combustibles serían rendibles, debido á opacidade coa que nos atopamos. Non sabemos os custos enerxéticos de transformación e transporte dos mesmos, pero podemos sospeitar, polos recentes datos do informe de Sogama, que tampouco se acadarán os niveis de valorización enerxética.

Atopamos que, malia a insistencia de presentalo como unha instalación de reciclaxe e aproveitamento dos materiais contidos nos residuos, a súa verdadeira función é a de soterrar a maior parte do lixo nun inmenso vertedoiro.

Dende logo, as cifras que estamos a manexar están moi lonxe do obxectivo do 50 % de residuos reciclados para o 2020, polo que ninguén comprende como se pode nin tan sequera plantexar levar adiante esta obra, en vez de acometer de forma decidida o cambio de modelo de xestión baseado na xerarquía «reducir, reutilizar, reciclar e recuperar», que non eran suficientes erres para a señora conselleira na comparecencia dos orzamentos do pasado venres, que dicía que tamén queren refabricar, reparar ou redistribuír, por exemplo.

Pois ben, señora conselleira, de momento conformariámonos con ver como sacan adiante proxectos que se centren en avanzar nos erres «reducir, reutilizar, reciclar e recuperar», que, desde logo, non se conseguen construíndo macrovertedoiros e conformándose co modelo Sogama, que tan só recicla o 3,34 % dos residuos xestionados. Repito, ese exemplo internacional tan só recicla o 3,34 % dos residuos xestionados. As súas políticas nesta materia son as da defensa dun único erre: reincidir; reincidir no erro, reincidir nun modelo que non

é sustentable, reincidir nun modelo que é caro desde moitos puntos de vista, que externaliza custos e que non xera emprego.

A xestión da que se gaba a suposta planta traducirase maioritariamente na acumulación de residuos e, en menor medida, na incineración; un modelo que non se diferenza moito do existente na década dos setenta, o cal contradí a lexislación europea, que, co horizonte 2020, insiste na redución desta actividade e na aposta pola reciclaxe.

Polo tanto, vemos como en vez de avanzar cara a políticas sustentables de redución en orixe, reutilización e reciclaxe para rebaixar a incineración e a vertedura directa, foméntase unha tecnoloxía de políticas públicas tóxicas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, señor Ogando.

O señor CAL OGANDO: Remato.

Por todo o dito, facémoslle a seguinte pregunta: ¿considera que o proxecto do Centro de Xestión Ambiental de Lousame, promovido pola empresa Gestora de Residuos del Noroeste S. L, se adapta aos principios da normativa europea, estatal e autonómica de residuos en canto ao cumprimento da xerarquía do tratamento de residuos?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moita grazas.

Ten a palabra, para contestar, a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Señor Cal, esta é a segunda vez que teño a oportunidade de responder neste Parlamento por esta mesma cuestión, e é a terceira que a Consellería responde por esta mesma cuestión. Pouca novidade máis lle teño que engadir ao que lle dixen a este Parlamento hai quince días, aproximadamente, máis que reiterar unha vez máis o firme compromiso desta consellería de cumprir e facer cumprir, obviamente, a lexislación vixente nesta materia.

Volvo reiterarlle que, se houbera ao longo da tramitación deste expediente un só informe desfavorable para a implantación desta planta, evidentemente esta consellería non o vai asinar. E hai unha cousa que dalgunha maneira parece que vostedes non queren entender, na que este goberno cre, que é que, efectivamente, hai libre competencia e libre mercado e, polo tanto, a Administración, así porque si, por vontade e por gusto, non lle pode dicir a ningunha iniciativa privada que non a unha actividade, por gusto. Porque iso ten outro nome e ademais está penado xudicialmente. Calquera empresa —como este é o caso— pode emprender a actividade que sexa pertinente, obviamente contando con todas as licenzas e permisos, e cum-

prindo —reitero unha vez máis, que parece que fai graza— a lexislación —que disto deberían saber todos os deputados— vixente.

Este expediente, que é dunha empresa privada, foi presentado xa hai tempo, e pouco lle podo avanzar —como lle dicía— nestes últimos quince días. Debería tamén coñecer que as autorizacións ambientais non son procesos curtos no tempo, son procesos que requiren de moita información e de moitos informes, e que levan bastante tempo. Polo tanto, cando vostede me fai unha pregunta sobre se se adapta ou non se adapta á normativa, a día de hoxe non lle podo responder porque aínda queda bastante tempo de tramitación. Pero non teña dúbida, señor Cal, que aplicamos e aplicaremos as mesmas exixencias que temos con calquera outro proxecto que se presente nesta consellería para o seu trámite ambiental.

Creo que este tema foi respondido na Comisión, mesmo aquí tamén no Parlamento, e podo responder as veces que faga falta. O que si lle pediría é certo rigor na súa intervención, porque falar de residuos industriais —que é o que se presenta neste expediente— mesturándoo con residuos urbanos non ten absolutamente nada que ver. Vostede fala dun modelo de xestión e de tratamento de residuos urbanos, que, como pode vostede entender, non ten vinculación ningunha co proxecto polo que vostede está a preguntar a día de hoxe, e nin sequera ten vinculación ningunha nin na lexislación vixente nin na súa tramitación.

Pola miña parte, nada máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica do señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Como a exixencia que teñan con este proxecto sexa a mesma que a que teñen con Sogama, pois mal imos. Por iso fago a comparativa, por iso recordo o modelo que están defendendo e por iso me preocupa que este novo modelo vaia na mesma liña.

Este modelo que están defendendo non se diferenza moito dos vertedoiros que tiñamos nos concellos hai unhas décadas, nos seus niveis de reciclaxe, no tratamento de residuos en vertedoiros e incineración.

Pero, ademais disto, este proxecto de Lousame, ademais de ir en contra da xerarquía dos residuos, está conseguindo poñer a todo o mundo de acordo: asociacións ecoloxistas, plataformas veciñais, sindicatos e partidos políticos. Grupos ecoloxistas están denunciando irregularidades: os regatos e nacentes do entorno aparecen máis afastados do vertedoiro do que realmente están, non concorda o estudo xeolóxico, non define o destino final dos lixiviados, os valores ambientais do terreo corresponden cunha realidade moito máis rica da que se expón no proxecto, non hai un estudo arqueolóxico nin de impacto sobre o patrimonio, e os núcleos de poboación no proxecto aparecen máis afastados do que están na realidade.

O Sindicato Labrego tamén deu a voz de alarma, facendo fincapé nos posibles prexuízos para a ducia de explotacións agrarias que funcionan na contorna máis próxima, e que xeran case un cento de empregos nos concellos de Lousame e Rois. Destaca que centos de hectáreas de terreos contiguos ou próximos ao vertedoiro son o sustento fundamental das explotacións que se concentran nas aldeas veciñas de Lousame, un concello declarado zona de especial interese agrario.

Tamén son varios os plenos municipais que xa aprobaron mocións de rexeitamento da instalación: Noia, Lousame, Rois ou Frades, e tamén o fixo o Pleno da Deputación da Coruña. A alcaldesa de Lousame, do seu propio partido, sinalou que o documento elaborado polo Concello ofrecía argumentos contundentes para que esa empresa non se implante en Lousame, pois atopara carencias e defectos moi graves no proxecto. A alcaldesa do PP, non das Mareas, concluíu que o proxecto é irrespectuoso co territorio, co medio e coa paisaxe. O goberno local de Lousame encargou tamén a elaboración dunha auditoría ambiental externa para complementar este informe técnico. Parece que nin a alcaldesa do seu partido se fía ao ver como se está xestionando esta cuestión.

Señora conselleira, dea marcha atrás e non siga reincidindo, non permita que este proxecto se converta noutro punto negro nas políticas de xestión de residuos da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Eu creo que é importante falar, como dicía ao principio, con rigorosidade sobre un tema. Se quere vostede falar do modelo de Sogama, podemos falar cando queira do modelo de Sogama, e do modelo de Nostián e do modelo de Lousame, desas plantas que están de residuos urbanos, porque, como digo, pertencen de feito a un compromiso, que é o plan de residuos urbanos da nosa comunidade, e que, polo tanto, eu creo que non procede, se queremos ser rigorosos e levar o debate realmente en serio, mesturar ambas as dúas cousas, porque é como quen fala de temas absolutamente distintos.

Non quero aproveitar este tempo para defender o modelo Sogama, porque dicía vostede que reciclan o 3,4 %. Pois si, reciclan o 3,4 % en material, é unha cifra aproximada. Pero non fala vostede da reciclaxe e da valorización enerxética —porque parece que diso non quere— levando o 25 % ao vertedoiro, o 25 %. Das toneladas que entran en Sogama o 25 % vai a vertedoiro.

Creo que vostede aposta por outros modelos onde o vertedoiro aínda crece máis e aínda se enche máis de residuos —que parece ser que é o que quere—, que se contradí coa preocupación que di que ten vostede cun novo vertedoiro. Polo tanto, eu creo que é importante que aclaren se o modelo que queren é desviar o 50 ou o 60 % —que é o que desvían a vertedoiro as outras plantas de xestión de residuos urbanos de Nostián e Lousame— e incrementar ano tras ano o vertedoiro ata o momento de que non cabe xa no vertedoiro —no de Nostián, por exemplo, non cabe e teno que mandar fóra— ou se o que queren é realmente defender que non haxa vertedoiros na nosa comunidade.

E estes vertedoiros na nosa comunidade —dos que vostede fala— pertencen neste caso a unha solicitude por parte dunha empresa feita ante esta Administración. E, efectivamente, coñezo moi ben as inquedanzas que están a provocar na sociedade. E eu, como responsable deste goberno, o que teño que facer cunha solicitude por escrito a unha administración é tramitala e darlle curso. Todos os informes dos que vostede me falaba —incluído o da alcaldesa— pódolle garantir que formarán parte dese expediente, todos os informes. E con todos eses informes será como esta consellería terá a capacidade de responder nun sentido ou noutro.

O que si teño claro é que o noso compromiso é seguir avanzando nesa economía circular que contempla o «multi-R», efectivamente —como dicía vostede—. E para facelo teremos na nosa comunidade por primeira vez —se quere falar desta solicitude desta planta de xestión de residuos industriais— un novo plan de xestión de residuos industriais na nosa comunidade ata o ano 2022, por primeira vez. Non o houbo ata o de agora e haberá nas próximas semanas un novo plan de residuos industriais, que contará cun investimento de 3,6 millóns de euros neste ano 2017.

Recentemente acaba de ser aprobada a súa declaración ambiental estratéxica. E, por suposto, esta declaración culminarase coa avaliación ambiental e coa presentación deste proxecto, que, como digo, o faremos en breve para ter unha folla de ruta e cinguirnos estritamente á legalidade. Cinguirse á legalidade é unha obriga que temos os que xuramos un cargo público e tamén os deputados.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): E, evidentemente, facela cumprir. E iso é o que vai facer esta consellería.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de Dª Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do estado medioambiental da ría de Arousa

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Patricia Vilán Lorenzo, do Grupo Parlamentario Socialista.

Cando queira.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Conselleira, en 2011 e en 2013 o Tribunal de Xustiza da Unión Europea sancionaba a España polos seus incumprimentos sobre depuración e saneamento, tamén en Galicia. Cando en febreiro de 2013 viñeran aquí varios eurodeputados do Parlamento Europeo, quedaron sorpren-

didos da depuración e a contaminación das rías galegas. E aínda que as nosas rías —segundo dicían eles— son moi produtivas, están en grave perigo porque non hai medidas que se estean a tomar por parte dos gobernos. Hai un informe preliminar que era moi duro no seu momento, e que se relaxou na súa redacción, foi suavizado, polo eurodeputado conservador que o acabou redactando de maneira definitiva. E, aínda así, dicía este tipo de cousas: que a finais de 2014 a Comisión Europea anunciaba de novo que ía sancionar a Galicia perante o Tribunal de Xustiza polo mal tratamento das augas de residuos urbanos na nosa comunidade autónoma, porque non hai un sistema axeitado de tratamento e porque hai risco para a saúde pública. E no pasado mes —hai uns días— de novo a Comisión Europea pide ao Tribunal de Xustiza unha nova sanción económica a España pola falta de tratamento de residuos líquidos en Santiago, en Vigo e en Ribeira. Esta é a nosa realidade, conselleira. E vostedes levan gobernando en Galicia vinte e nove anos dende que comezou a democracia na nosa comunidade autónoma; polo tanto, algunha responsabilidade probablemente teñan.

Un exemplo máis deste desleixo é a situación da ría de Arousa. Os profesionais do marisqueo levan anos nunha situación dramática propiciada pola caída de capturas nos bancos de libre marisqueo. Cómpren xa —din os profesionais— medidas concretas e excepcionais para afrontar esta situación. O sector está ao límite e posiblemente haxa campañas futuras que estean estragadas porque vostedes non toman medidas como goberno. A única resposta sempre é un compromiso que nunca se chega a materializar: nin dragados, nin sementeiras, nin actuacións contra os depredadores, nin novos estudos que tiren algunha consecuencia sobre por que morre o berberecho dende hai case dous anos por un parasito foráneo que tamén agora está a afectar a ameixa. En concreto, en Cambados e en Carril —que son as dúas zonas de extracción de berberecho e ameixa con maior incidencia económica nas Rías Baixas— seguen morrendo estas dúas especies. A marea roxa e a toxina ano a ano estrangulan economicamente este sector e tamén ultimamente os produtores de mexillón.

Conselleira, vostede está nun goberno, e este goberno é o que ten que poñer os medios para analizar a situación e qué é o que está a ocorrer non só na ría de Arousa, tamén nas outras rías de Galicia, determinar os factores que inflúen nesta situación e adoptar, dunha vez por todas, medidas correctoras de maneira inmediata. Lamentablemente, seguimos esperando. Cómpre o saneamento integral da ría de Arousa e cómpre que vostedes aporten solucións inmediatas, medidas inmediatas, para a depuración dos concellos que verten á mesma.

Agardamos a súa resposta sobre o que ten que dicirnos vostede, como membro do Goberno...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...e responsable de Medio Ambiente, sobre a situación medioambiental da ría de Arousa.

Grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Pois moitas grazas, presidente.

O que lle teño que dicir, señora Vilán, é que estamos a traballar e estamos a traballar arreo coa ría de Arousa e con todas as rías da nosa comunidade dende o ano 2009. E, evidentemente, isto contémplase xa en realidades e en feitos que están xa presentes na nosa ría.

E tamén o que lle teño que dicir —xa que a vostede lle preocupa esa visita que houbo no ano 2013, relacionada coa visita dos eurodeputados ás nosas rías que deu lugar a estas denuncias— é que eu, señora Vilán, teño a firme esperanza, a firme esperanza, de que os datos que lle imos facilitar ao Goberno do Estado para que poida o Goberno do Estado xustificarse ante Bruxelas fagan que esa denuncia quede en nada e non sexa unha sentenza en realidade sobre os emprazamentos que lle tocan a Galicia. Porque, como dicía vostede moi ben, esa denuncia está sobre o reino de España en dezasete aglomeracións, tres delas están na nosa comunidade —das que vostede falaba—, que son Santiago, Vigo e Ribeira. E a min gustaríame destacar que nesas cidades en concreto se ten investido moito en materia de saneamento, o cal espero que sexa suficiente para que os datos que aportemos fagan decaer esa denuncia.

En Vigo, en concreto, fíxose o maior investimento —volvo repetir: o maior investimento— da historia da Xunta de Galicia en materia de saneamento, con 230 millóns de euros na cidade de Vigo para unha EDAR que estará a piques de funcionar e que pronto poñeremos en probas. En Ribeira temos tamén unha nova EDAR —que agora mesmo está en probas— con máis de 19 millóns de euros investidos. En Santiago tamén tamén na EDAR da Silvouta se investiron preto de 4 millóns de euros que están a dar xa datos totalmente distintos aos que había no ano 2013 nas condicións e parámetros que precisa Europa para avaliar a calidade das augas. E na Coruña, evidentemente, tamén se investiron preto de 21 millóns de euros na EDAR.

En definitiva, estamos a facer os deberes e a facer posible que se modifiquen as circunstancias que acompañan as rías da nosa comunidade. Como lle dicía, teño o firme compromiso —porque é un compromiso de goberno e é un compromiso do presidente da Xunta de Galicia— de que cando remate o ano 2020 estean todas as obras en materia de saneamento nas nosas rías que quedan pendentes para mellorar a calidade da auga executadas ou en execución, e que, polo tanto, se poidan poñer á disposición e modifiquen substancialmente a calidade das augas. Porque a este goberno preocúpalle expresamente a situación da calidade das augas, sobre todo polo que ten que ver con ese sector, efectivamente, que é tan importante na nosa comunidade —do que viven máis de 18.000 persoas—, que é o sector das mariscadoras e dos mariscadores. Grazas ao investimento da Xunta de Galicia —que foi de máis de 1.000 millóns de euros, 600 nas nosas rías— puidemos mellorar as condicións dos bancos marisqueiros e incrementar a súa clasificación, pasando de C a B en máis dun 30 %. Polo tanto, eu creo que esta é a senda pola que temos que camiñar.

Na resposta falareille, en concreto —na segunda parte—, da ría de Arousa, que é pola que vostede me pregunta hoxe. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica da señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Conselleira, eu non quero unha primeira resposta xenérica e unha segunda resposta pola ría de Arousa, quero a primeira e a segunda sobre a ría de Arousa porque sobre iso vai a pregunta. A pregunta é moi clara: ¿que pensan vostedes da situación medioambiental da ría de Arousa?, non do resto das rías. Do resto das rías xa me falou vostede na Comisión o outro día e xa me dixo —como me acaba de dicir aquí para ese titular que ten que saír na prensa de novo— que todas as obras estarán feitas ou en execución no ano 2020. Eu xa lle respondín naquel momento que eu non creo nos *pajaritos preñados*, e supoño que vostede tampouco. Vai ser moi difícil pero, bueno, se me quere volver contestar o mesmo... Eu pregúntolle sobre a ría de Arousa, conselleira.

E quero saber se vostede pode afirmar que as augas de residuos urbanos da ría están tratadas de maneira correcta agora mesmo, se sabe vostede se están contaminadas con bacterias e con virus nocivos, se sabe vostede que hai unha proliferación de algas que están asfixiando precisamente a ameixa e o berberecho e que pode ter que ver con que haxa elevadas cantidades de nitróxeno ou de fósforo, se sabe o seu goberno se se están a orixinar riscos para a saúde pública, non só para o medio ambiente, para as augas interiores, para o entorno mariño.

Non me diga que son os responsables os concellos do saneamento, como nos contestaron en xullo de 2015, e como insinuou na primeira pregunta que lle fixeron hoxe nesta Cámara. Dígame qué van facer vostedes, que son responsables do tratamento das augas de residuos. Non me diga tampouco que dende 2009 investiron 30 millóns de euros, porque esas cousas xa as sabemos, conselleira. É o que din de maneira continua para eses titulares. Eu pregúntolle pola ría de Arousa, que me conteste da ría de Arousa, e que me diga en que melloraron os bancos marisqueiros na ría de Arousa, que é sobre o que lle estou a preguntar.

E, conselleira, nada ten que ver a nova denuncia da Unión Europea, da Comisión ao Tribunal de Xustiza —a nova, que ten que ver con Santiago, Vigo e Ribeira—, con ese informe dos europarlamentarios que viñeron a Galicia, que só viñeron a Ferrol e a ver a ría do Burgo. Era outra cousa diferente. Houbo unhas denuncias previas en 2011 e en 2013...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...viñeron en 2013, e logo vén a denuncia de 2014.

Grazas.

Resposta concreta, por favor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Pois, señora Vilán, invítoa a que vaia visitar en Ribeira a EDAR para ver se cre que é un titular. Invítoa a que vaia visitar no Grove a EDAR para que vexa se é un titular. Invítoa a que vaia visitar en Corrubedo a nova EDAR para que vaia ver se é un titular tamén, para que vexa vostede se todo o que estou a falar de, por exemplo, Ribadumia e Boiro son titulares, titulares como os 55 millóns de euros investidos dende a Xunta de Galicia na ría de Arousa dende o ano 2009. Poderá vostede chamalo titular, pero se vai por todos estes concellos, un por un, poderá ver ese titular do que vostede fala. E poderá tamén dicir que é un titular dicir que no novo Plan hidrolóxico de Galicia-costa ata o ano 2020 se investirán preto de 23 millóns de euros nesta ría. Vostede chamarao titular, pero o que eu si sei é que isto é algo xa comprometido, un plan onde estarán 23 millóns de euros comprometidos nesta ría, onde xa no ano 2017 sacaremos en Boiro 2,1 millóns de euros, en Rianxo, 337.000 euros, e en Ribeira continuaremos para rematar ese investimento que temos pendente de 2,8 millóns de euros.

Mire, señoría, nós o que fixemos dende o principio, máis alá dese total —ata o ano 2020 máis 70 millóns de euros que imos investir na ría de Arousa, 55 xa investidos e 23 por investir—, foi un plan de saneamento e marcar esa folla de ruta, como dixemos na última pregunta que me fixo vostede da ría de Pontevedra, para saber onde temos que investir dentro desta ría. E agora na ría de Arousa hai cinco zonas, é dicir, hai cinco plans de saneamento, que foron os que puxemos en marcha; cinco plans de saneamento en cuxa redacción se investiron 3,6 millóns de euros para podelo redactar. Neses plans está Catoira e Vilagarcía, por unha banda; Vilanova e Cambados, por outra banda; Meaño, Sanxenxo e O Grove, por outra banda; Ribeira e A Pobra, por outra banda; e Boiro e Rianxo, por outra banda.

En definitiva, señoría, o que fai a Xunta de Galicia é traballar, traballar por dar resposta ás necesidades que teñen os concellos de Galicia. E, sobre todo, por garantir a mellora da calidade das nosas augas. Fixémolo na pasada lexislatura con máis de 1.100 millóns de euros investidos, 600 nas nosas rías, e seguirémolo a facer nesta.

Se vostede quere saber como está a calidade das augas en cuestións de marisqueo, esa é unha pregunta que lla pode responder mellor ca min a Consellería do Mar. Pero si que podo presumir, como membro do Goberno da Xunta de Galicia, de que temos o mellor centro tecnolóxico na nosa comunidade, que é o Intecmar, que avalía a situación na que se atopan día a día cada un dos bancos marisqueiros. E son os que evidentemente nos están a facilitar eses datos polos que eu podo presumir —despois de todos estes investimentos— de que Galicia mellorou a súa situación dos bancos marisqueiros grazas a estes investimentos dende o ano 2009. ¿Queda por mellorar? Obviamente. E para iso investiremos na ría de Arousa, da que vostede fala, 23 millóns de aquí ao ano 2020.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Imos esperar a que se retiren os visitantes que temos.

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e catro deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do funcionamento da implantación da Tarxeta Xente Nova desde a súa activación

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Esta pregunta está motivada porque estamos a piques de rematar o ano 2016 e así imos intentar facer balance daquelas iniciativas que puxo en marcha o Goberno ao longo deste ano.

E unha desas iniciativas é a implantación da Tarxeta Xente Nova —como todos vostedes saben—, que é unha medida dentro do transporte metropolitano de Galicia. Efectivamente, o transporte metropolitano de Galicia responde a unha necesidade básica da nosa comunidade autónoma, que é a conectividade entre os nosos concellos e, particularmente, naqueles concellos que están situados na área de influencia dalgunha das grandes sete cidades, que, como tamén saben vostedes, son polo de atracción no eido laboral, no eido do ocio, no eido de todos os servizos docentes, compras, etc.

A dispersión xeográfica, tan característica da nosa comunidade, non debe ser unha penalización para as persoas que decidiron establecer a súa vida fóra dos grandes centros urbanos. Por iso todas as medidas tendentes a facilitar, a mellorar a accesibilidade e a mobilidade entre os servizos públicos deben ser valoradas positivamente. Neste sentido, unha medida que se valora a priori positiva é a creación e posta en marcha, precisamente, desta Tarxeta Xente Nova a finais da lexislatura pasada.

Cando esta proposta foi debatida, mesmo nesta Cámara, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, comentaba que con esta tarxeta pretendía acadar varios obxectivos principais: promover o transporte público, axudar as economías familiares, educar os mozos e mozas na cultura do uso do transporte colectivo e mesmo poderiamos engadir outros beneficios, como dar maior autonomía e independencia á xuventude galega, como contribuír á mellora do medio ambiente, como reducir a presión do parque móbil sobre os centros urbanos, etc.

Naquel momento pensábase que esa medida podería beneficiar un universo de preto de 200.000 persoas, rapaces e rapazas de entre 4 e 18 anos, cunha incidencia especialmente relevante para aqueles que non están no ámbito do ensino obrigatorio, porque, como xa saben, o transporte escolar aos centros educativos públicos é gratuíto.

Tamén se valoraba positivamente a incidencia que podería ter no aforro para as economías, especialmente nun momento de recesión e restrición económica. Agora mesmo esta medida está implantada practicamente en todas as áreas onde existe transporte metropolitano, é dicir, as áreas da Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo e Vigo, e hoxe, cinco meses despois do inicio

da vixencia desta tarxeta, solicitamos da conselleira de Infraestruturas e Vivenda a valoración da Consellería do uso e os beneficios da mesma.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, foi o pasado 26 de agosto, no *Diario Oficial de Galicia*, cando a Xunta activa unha nova medida social de grande importancia para as familias, pero sobre todo de grande importancia para os mozos galegos; é o programa Xente Nova, que supón a implantación da gratuidade do transporte metropolitano interurbano aos menores de 19 anos. Polo tanto, unha nova bonificación para os mozos e mozas galegos de menos de 19 anos, e que a Xunta de Galicia puido implantar grazas a un superávit de responsabilidade, é dicir, grazas a que a Xunta de Galicia foi quen de cumprir o déficit e, polo tanto, de adquirir e conseguir eses recursos adicionais como consecuencia do cumprimento do déficit.

O programa Xente Nova —como dixen— está dirixido aos menores de 19 anos, pero en concreto é para os nenos entre 4 e 18 anos, porque, como saben, os de menos de 4 anos xa desfrutan dese transporte metropolitano interurbano de balde.

Polo tanto, supón unha nova tarifa, unha nova tarifa de 0 euros para as viaxes de carácter interurbano nas áreas nas que está implantado o transporte metropolitano. Polo tanto, os mozos galegos menores de 19 anos poden desfrutar de balde dun máximo de 60 viaxes no transporte metropolitano interurbano, que significa, polo tanto, que teñen garantida unha viaxe de ida e volta todo o mes de forma gratuíta, incluídas as fins de semana, e tamén teñen garantida a gratuidade do transbordo interurbano e urbano; é dicir, teñen gratis os desprazamentos que se realicen entre os servizos interurbanos e urbanos nas áreas da Coruña, Santiago e Ferrol, cando formen parte dun percorrido interurbano na viaxe metropolitana.

Polo tanto, unha nova iniciativa que vén reforzar, incrementar as vantaxes que xa por si ten o Plan de transporte metropolitano, que xa está implantado en cinco áreas, sesenta e cinco concellos, que permite aforros de ata 600 euros ao ano aos usuarios frecuentes e que, incluso, pode chegar a 1.000 euros ao ano cando empregan tamén o autobús urbano.

Polo tanto, a Tarxeta Xente Nova ofrece as máximas vantaxes aos máis novos das familias, ten unha clara compoñente social, unha clara compoñente educativa e tamén de concienciación e sensibilización, porque o que se aprende de pequeno, dende logo, non se olvida nunca, e queremos que os nosos nenos, os nosos mozos medren sabendo, sendo conscientes das vantaxes do transporte público.

E dende a Xunta de Galicia estamos satisfeitos desta iniciativa, cunha grande acollida dentro da xuventude galega, porque en menos de tres meses e medio nos que leva funcionando este programa de Tarxeta Xente Nova foron 31.000 os que dispoñen xa da tarxeta e preto de 400.000 viaxes xa que teñen bonificado esta Tarxeta Xente Nova.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Antón.

A señora ANTÓN VILLASÁNCHEZ: Si, grazas, señor presidente.

Pois, señora conselleira, agradézolle a súa explicación, pero a min si que me gustaría que na súa segunda quenda afondara un pouco máis sobre os resultados e a implantación desta tarxeta para a xente nova: unha valoración por área, unha valoración sobre a acollida do programa, os números de usuarios, mesmo os orzamentos destinados no ano 2016 e, sobre todo, os orzamentos que vai destinar a súa Consellería para este programa no ano 2017.

E tamén lle pediría que trasladase aos concellos cabeceira das áreas metropolitanas que se sumaran a esta iniciativa do transporte urbano, agora tamén que están eles preparando os seus orzamentos, para que non haxa unha desigualdade entre os mozos e mozas dos propios concellos cabeceira, como dicía, e o resto da área metropolitana que está sumada ao transporte. Porque é paradigmático que precisamente neses concellos onde gobernan —como ben saben— partidos diferentes ao Partido Popular pois desafortunadamente esa tarxeta non pode estar implantada no transporte urbano.

Tal é o caso de Vigo. Bueno, en Vigo xa non temos transporte metropolitano, como puidemos escoitar hai dúas semanas nesta Cámara, co cal, se non temos transporte metropolitano, malamente imos ter tarxeta. Polo tanto, primeiro o transporte e despois a tarxeta.

Como é o caso da Coruña e Lugo, malia que presentou o Partido Popular unha moción para que se incluísen ou para que se sumasen os concellos ao transporte urbano a esta tarxeta, pois tampouco hai resposta, non se sabe nada do que pensan facer.

E xa paradigmático é o caso de Santiago, onde tamén no mes de xuño o Partido Popular levou unha moción que foi aprobada polo pleno pero que tampouco se fixo nada neste sentido. Eu espero que agora que o señor Duarte ten minguadas as súas competencias debido á súa imputación lle dedique máis tempo á competencia de mobilidade e poida facer cumprir os acordos do pleno.

Polo tanto, vemos que coa súa intervención o único que vén resaltar é que realmente a única administración que ten unha política social, unha política para a xuventude, unha política na que se pensa no aforro nas familias, unha política que se interesa polos mozos e mozas é a Xunta de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón.

Turno de peche, señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

Perdoe, pero temos un problema aquí, que o ordenador acaba de fallar e non teño posibilidade de controlar o tempo, vouno controlar máis ou menos polo reloxo *(Risos.)*, non teño outra alternativa, pero é que deixou de funcionar o aparato este, e entón imos ir co tempo. Ten vostede tres minutos, imos tratar de controlalo, que tampouco é unha cousa... *(Risos.)* Entón, por un tempo de tres minutos, conselleira, o turno de peche.

¿Non funciona o seu? Non sei que pasou aquí, o meu funciona, creo. Déanlle voz ao escano da conselleira, por favor. Non vai. A ver se o dan arreglado. Probe nese, pero... A ver, déanlle voz a algún escano dos do Goberno para que poida contestar a conselleira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Pode facelo desde o meu, se quere.

O señor PRESIDENTE: ¡Home, non! Dende aí non, non sería... *(Risos.)*

O señor VILLARES NAVEIRA: Por unha vez, a voz da oposición.

O señor PRESIDENTE: Pode facelo desde a tribuna, a ver se funciona o da tribuna. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O tempo será aproximado, xa controlo eu, non se preocupe.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, señoría, como dixen na miña primeira intervención, son case 31.000 mozos os que xa dispoñen desta Tarxeta Xente Nova para desprazamentos de maneira gratuíta no transporte interurbano metropolitano.

No caso concreto da área de Coruña, é a que máis tarxetas ten distribuídas, a metade de todas as tarxetas, 12.000 tarxetas.

En canto a concellos, pois, sorprendentemente, curiosamente, é o concello de Vigo o que máis tarxetas distribuídas ten para a xente nova, en total máis de 3.000 tarxetas no concello de Vigo.

Polo tanto, unha nova iniciativa este programa Tarxeta Nova, que suma novas vantaxes ás vantaxes que xa ten o Plan de transporte metropolitano, que permite aforros adicionais de ata 1.000 euros. E, por poñer exemplos, un mozo que queira trasladarse de Redondela ata Vigo ou de Narón a Ferrol, é dicir, un salto, pode ter aforros anuais de 120 euros; cando é unha viaxe de dous saltos, por exemplo, un mozo que queira ir de Betanzos a Coruña ou de Baleira a Lugo, pois ese mozo pode permitirse aforros de ata 800 euros anuais, grazas a esta

Tarxeta Xente Nova; e se son tres saltos, por exemplo, un mozo entre A Estrada e Santiago pode ter aforros de ata 1.120 euros anuais.

O número de tarxetas, como digo, son 31.000 as tarxetas distribuídas e xa teñen bonificado preto de 400.000 viaxes no transporte interurbano metropolitano.

Polo tanto, boa acollida e interese deste programa, e o que agardamos é que a finais deste ano sexan xa medio millón as viaxes bonificadas coa Tarxeta Nova, polo tanto medio millón de viaxes no transporte público.

Eu creo que é un acerto nas políticas de mobilidade e seguiremos, por suposto, impulsando este Plan de transporte metropolitano, transporte público e orzamento do ano 2017, para o Plan de transporte metropolitano, que incrementa un 4,3 % e acada os 10,4 millóns de euros.

Por suposto que tamén seguirá a Tarxeta Xente Nova, este programa, porque apostamos, desde logo, por iniciativas que faciliten e abaraten os desprazamentos.

Consideramos, dende logo, o que dicía vostede, que os concellos galegos con competencias no transporte urbano nesas áreas onde está integrado o transporte metropolitano estendan esta medida á gratuidade do transporte urbano. Así o entendeu tamén esta Cámara. Dirixinme eu persoalmente aos alcaldes deses concellos para que implantaran esta medida.

Eu quero aproveitar a oportunidade que teño hoxe aquí para facer un novo chamamento a estes concellos que aínda non se sumaron a este programa, a esta medida da Xunta de Galicia da Tarxeta Xente Nova, e que se sumen para que esa medida sexa completa e que permita á xente nova, aos nosos mozos galegos de menos de 19 anos que poidan beneficiarse do transporte urbano gratuíto. Porque estamos a falar dunha medida social, educativa e de concienciación para os nosos mozos, os nosos mozos galegos, que son realmente o futuro de Galicia.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta do señor Villares Naveira, do Grupo Parlamentario de En Marea.

Cando queira. A ver se funciona agora. Temos un problema. Dende a tribuna, se quere.

Pregunta de D. Antón Sánchez García e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística en relación coa pobreza enerxética

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Como poden ver, a disposición do Grupo Parlamentario de En Marea a colaborar tamén no bo funcionamento da Cámara é total sempre que faga falta; polo tanto, vannos ter aí sempre niso. Sabemos que, ademais, é posible colaborar en moitos temas que son de interese común

e, polo tanto, non quere ser un chamamento baldío. Aínda estamos aí vendo se pechamos unha declaración institucional e aínda confiamos en que sexa posible colaborar en moitos ámbitos.

Aínda que se falou moito durante esta mañá da pobreza enerxética, a nosa pregunta ao Goberno insiste neste tema, porque sabemos que é algo que non soamente preocupa a nivel social, senón que preocupa dentro dos propios fogares, dentro das propias familias de Galicia.

A pobreza enerxética, como saben, é a incapacidade de poder satisfacer as necesidades térmicas dos fogares do noso país. Sabemos... —¿Non se escoita? Tampouco. A ver logo... Os de atrás quéixanse de que non—.

Dous factores concorren á hora de avaliar o concepto de pobreza enerxética: o primeiro deles, os ingresos familiares dos fogares; e, en segundo lugar, a tarifa eléctrica. Pode haber un baixo nivel de ingresos pero tamén unhas tarifas eléctricas baixas e pode haber unhas tarifas altas combinadas cuns ingresos altos e despois a peor das condicións, que é a que se está dando en moitos fogares do noso país neste momento, que é a de baixos ingresos e altas tarifas eléctricas. Polo tanto, cremos que é necesario atallar isto desde os dous factores.

A pregunta vén determinada polos datos que coñecemos do INE, do Instituto Nacional de Estatística, onde se reflectía que o 15,4 % dos fogares de Galicia sofren o que se coñece como pobreza enerxética; unha situación de risco na que a OCDE pon o acento da súa existencia a partir da necesidade de dedicar máis do 10 % da renda dispoñible ao pago deste tipo de facturas do fogar.

Sabemos que concorren estes dous factores, sabemos que a precariedade laboral e a situación de imposibilidade de traballar, a inexistencia de prestacións de carácter social para o caso do desemprego están influíndo negativamente no ámbito da pobreza enerxética, pero tamén sabemos que o réxime tarifario, o incremento da tarifa eléctrica, está supoñendo tamén outro gran problema que non se dá atallado.

Sabemos que a Xunta puxo o tícket solidario, pero sabemos que iso non está chegando. Primeiro, porque a cantidade subvencionada é notoriamente insuficiente para satisfacer as demandas eléctricas básicas dos fogares e, en segundo lugar, porque estes datos están amosando que, efectivamente, ese impacto é notoriamente insuficiente, ademais de que se está detectando por parte dos servizos sociais que capas de poboación que obxectivamente estarían dentro deste bono non o están recibindo, entre outras cousas porque non son detectadas polos medios que teñen os propios servizos sociais e non se lles pode prestar a atención debida e, polo tanto, non se poden satisfacer esas necesidades, o que redunda polo tanto nestes datos que acabamos de coñecer do INE.

Como estou en vermello, vou ir acabando xa, pero, en todo caso, a pregunta que queremos trasladar ao Goberno é como avalía o Goberno o feito de que, a pesar de ter posto estas medidas das que falaron xa durante a mañá, se produzan estes datos, que están contrastados por un instituto imparcial como é o Nacional de Estatística, dun 15,4 % de fogares galegos con pobreza enerxética.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, creo que o Partido Socialista lle tomou a dianteira ao formular a interpelación sobre pobreza enerxética, pero eu, en todo caso, agradézolle enormemente a oportunidade para reiterar unha vez máis o compromiso deste goberno con todas as persoas en situación de vulnerabilidade e, polo tanto, o que está a facer este goberno para dar unha resposta concreta, porque a resposta nós estámola dando con feitos.

Vostede dá o dato do ano 2016 e debería de trasladar tamén como ese dato está mellorando dende o 2014. Dalgunha forma, esa mellora vén derivada seguramente, ou polo menos en gran medida, pola recuperación económica, polo tanto pola recuperación do emprego, e tamén, loxicamente, polas medidas que se están introducindo por parte do Goberno.

E, polo tanto, eu creo que nese sentido temos que poñer en valor o que estamos a facer, esas medidas do tícket eléctrico, a medida da orde de corte de subministración, que garante que efectivamente ás persoas que están nunha situación de vulnerabilidade non se lles pode cortar esa subministración, que este ano ampliamos ao gas natural.

Polo tanto, este ano 2017 introducimos unha nova medida. Eu o que si lle diría é que lle trasladen un pouco como funciona o tícket, a propia orde de subministración, porque funciona con total transparencia, con total axilidade e, loxicamente, os concellos coñecen perfectamente a medida. Polo tanto, os servizos sociais dos concellos poden perfectamente colaborar co Goberno para que estas axudas cheguen a todos os cidadáns. E, polo tanto, desde o punto de vista orzamentario tamén sabe que non hai límite, porque nós ampliaremos a partida o que sexa necesario para atender todas as solicitudes que se presenten tanto na orde do tícket eléctrico como na orde de corte de subministración.

Efectivamente, estamos falando dun problema de renda e estamos falando dun problema de custo enerxético. O custo enerxético en España está baixando dende o ano 2014 de forma ininterrompida. O IPC de produtos enerxéticos, dende novembro de 2014 a novembro de 2016, está baixando de forma ininterrompida, derivado dunha política enerxética ordenada por parte do Goberno.

E, loxicamente, dende o punto de vista da renda non só estamos introducindo medidas no eido da pobreza enerxética de forma directa, senón tamén para paliar as necesidades de renda. Aí está a Risga con 52 millóns de euros este ano, aí está o complemento das pensións non contributivas e aí está tamén o bono social; un bono que hai que reformular, que nós estamos de acordo nesa reformulación, porque a reformulación do bono social debe de permitir chegar ao maior número de consumidores vulnerables.

Creo que ese é o contexto no que estamos a traballar e nós —xa o trasladei na interpelación previa— estamos dispostos a marcar un escenario de diálogo cos grupos parlamentarios, coas administracións, para que, efectivamente, a través da iniciativa...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...lexislativa popular, poidamos seguir dando respostas concretas aos cidadáns máis vulnerables, que son a nosa principal preocupación. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Perdoe que o contradigamos nos datos que utiliza vostede como presuposto de partida. A evolución á baixa do prezo da electricidade, do custo enerxético dos fogares, non baixou. É dicir, nos últimos dez anos o incremento tarifario eléctrico para os fogares foi dun 76 % e no último ano o prezo do quilovatio subiu o 28 %. Polo tanto, non podemos estar de acordo co presuposto da súa propia afirmación.

En segundo lugar, mentres isto sucede, a ganancia das eléctricas, evidentemente con ese incremento de prezo, segue sendo maior. Temos o 15 % dos fogares en pobreza enerxética, mentres somos excedentarios como país nun 33 % na nosa produción eléctrica. Polo tanto, temos unha riqueza enerxética que está mal repartida. E o traballo das administracións públicas é a redistribución desa riqueza precisamente para que todo o mundo teña as mesmas oportunidades, tamén en relación ao quentamento dos seus propios fogares.

O bono social non é suficiente, porque os datos do INE están demostrando isto. Os datos da Cruz Roxa, con máis de 1.000 facturas pagadas no que vai de 2016, están demostrando isto, e, ademais, sabemos que para paliar a pobreza enerxética, á parte de pagar os bonos, que é unha das finalidades que se debe de cubrir para o paliamento da pobreza enerxética, non é suficiente; é necesaria tamén a existencia de obradoiros de eficiencia enerxética, para que nos fogares a xente teña, mediante as campañas de sensibilización e as campañas de aprendizaxe, a posibilidade de saber manexar mellor a forma de manexarse enerxeticamente.

En segundo lugar, a promoción de puntos de información enerxética, a promoción de asesorías domiciliarias e, desde logo, tamén a renovación de instalacións, que en moitos casos e con medidas moi básicas daría lugar a que moitos fogares, precisamente os máis necesitados, puidesen ser máis eficientes enerxeticamente.

Todo isto redundaría nunha situación diferente, onde a pobreza enerxética podería pasar a ser unha cuestión practicamente residual. Pero iso necesita un compromiso máis decidido do Goberno, que entendemos que ata agora é insuficiente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, eu remítome aos datos do Instituto Nacional de Estatística —aquí os ten á súa disposición—: dende novembro do ano 2014 ata novembro do ano 2016 de forma ininterrompida todos os meses o IPC de produtos enerxéticos ten baixado. Pero se quere datos máis concretos nos últimos... Vostede refírese aos últimos dez anos. Eu pódolle dicir que dende o ano 2004 ao ano 2011 —Partido Socialista— o prezo enerxético subiu o 93 %, o dos consumidores. Nos últimos catro anos —pódolle dar o dato concreto— o prezo da electricidade para o consumidor doméstico baixou o 0,2 %. Esa é unha realidade e eu remítome aos datos, que sería bo que os coñecera.

Fálame vostede das eléctricas. Eu vólvolle recordar o apoio do Bloque Nacionalista Galego, e, polo tanto, moitos dos seus compañeiros actuais de En Marea, salvo que reneguen agora os seus compañeiros —ao mellor renegan—, pero salvo que reneguen os seus compañeiros, estiveron apoiando *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* como o Partido Socialista non lles reclamou ás empresas eléctricas 3.000 millóns de euros polos custos de transición á competencia; perdoáronlles 3.000 millóns de euros. Esa é a realidade dende o punto de vista das grandes empresas.

A realidade deste goberno é que estamos defendendo os consumidores, e, cando falamos de protección dos dereitos dos consumidores e falamos da actuación do Instituto Galego de Consumo, voulle dar un dato para que o coñeza. Na lexislatura do Bipartito ¿sabe cantos expedientes sancionadores abriron ás eléctricas? *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, son os seus compañeiros. Nove. Non, pero escoiten o dato, que é interesante, é interesante; cando falan vostedes das grandes eléctricas, é interesante. Miren, nove expedientes... *(Murmurios.)* Sei que non lles gusta escoitar aos seus compañeiros. Nove expedientes sancionadores, 97.000 euros. ¿Sabe cal é o balance deste goberno? 2.369 expedientes sancionadores, con 22 millóns de euros de sancións ás empresas eléctricas. Esa é a realidade, isto é defender os consumidores, señorías. *(Aplausos.)*

E, como lle dicía, nós seguiremos traballando nas medidas, creo que temos moito que facer, creo que hai medidas concretas, que este goberno está actuando, que este goberno lles están dando respostas aos consumidores vulnerables con medidas concretas, con axudas á renda e, loxicamente, temos que seguir traballando.

Pero temos que seguir traballando —eu volvo insistir na mensaxe— no contexto da iniciativa lexislativa popular, con tres requisitos. Primeiro, en medidas que se axusten a dereito, porque temos que dotar de seguridade xurídica todas as medidas que nós poidamos aplicar; e o Tribunal Supremo xa nos ten dito o que podemos facer e o que non. En segundo lugar, temos que loxicamente plantexar medidas realistas, plantexando colaboración dende as diferentes administracións e, loxicamente, dándolles esa resposta aos cidadáns. E, finalmente, por

unha referencia que vostede di, efectivamente hai un terceiro ámbito onde se pode actuar, que é na eficiencia enerxética das vivendas: a renda, os custos enerxéticos e a eficiencia enerxética.

E nós estamos traballando. Como saben, hai un plan de eficiencia enerxética nas vivendas. Nos últimos dous anos beneficiáronse 7.000 fogares e hai que seguir reducindo o custo. E no ano 2017, por darlle un dato concreto, activaremos unha nova edición do plan de aforro e eficiencia enerxética nas vivendas con 8,7 millóns de euros, incrementando un 10 % a partida orzamentaria que dedicamos no ano 2016.

Polo tanto, seguiremos traballando na pobreza enerxética nos tres eidos e seguiremos traballando con medidas concretas para que esa situación de vulnerabilidade cada vez sexa menor en Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Tal como se falou cos interesados, substanciamos agora a seguinte pregunta.

Pregunta de Dª Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego en relación coa xestión que está a levar a cabo a Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señores e señoras deputadas.

Quero aproveitar para dar tamén a benvida aos membros da Xunta de Persoal do Complexo Hospitalario de Ourense que hoxe nos acompañan para escoitar, señor conselleiro, a resposta que nos vai dar sobre un tema que preocupa —e moito— na nosa cidade.

En novembro volveuse repetir unha vez máis a saturación do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario de Ourense. Pasou en novembro —a principios, a mediados, a finais— e volveu pasar outra vez durante este mes. Este é un feito habitual. Ante esta situación, vostedes o que fixeron foi abrir a sala de tránsito e a unidade de preingreso, que non estaba dotada nin de dependencias de aseo e de hixiene nin coas infraestruturas necesarias para atender as persoas que estaban ingresadas alí. E, mentres tanto, seguen pechadas unidades no Hospital Santa María Nai, esa planta do Hospital de Piñor que vostedes prometeron abrir cando houbera algún tipo de saturación e que perdera no seu momento xa setenta camas.

E nós querémoslle preguntar hoxe que vai facer o Goberno galego ante esta situación, que tipo de medidas vai poñer en marcha para evitar que esta situación siga ocorrendo unha vez e outra.

E, sobre todo, preocúpanos porque os días en que se produciu esta saturación do servizo de urxencias non houbo ningunha circunstancia, ningún pico de actividade que a xustificara, non houbo ningunha epidemia. O que si que hai dende hai anos no complexo hospitalario é unha enfermidade que se está cronificando, que é a incompetencia da xerente deste centro *(Murmurios.)*; unha persoa, señor conselleiro, que pilota todo pero que non conduce absolutamente nada; aínda que, bueno, conducir si que conduce: a colapsos neste centro hospitalario; a faltar ata o dereito á intimidade dos pacientes, atendéndoos en corredores en camas que están a unha distancia de menos de 20 centímetros entre uns e outros; a sobrecargar física e emocionalmente, con episodios mesmo de ansiedade, os profesionais da sanidade pública e tamén deste complexo hospitalario, con contratos ás veces de dúas horas, con cambios na ubicación do seu posto de traballo, hoxe nunha unidade e mañá non saben en que servizo estarán. E, por suposto, para os usuarios, para os pacientes e tamén para as súas familias, porque, por exemplo, hai persoas —e isto vén sendo un feito recorrente do Servizo de Cardioloxía— que son pacientes que tiñan que estar nese servizo e que acaban ingresados, señor conselleiro, no Servizo de Urxencias. Isto vén sendo unha práctica habitual, e nestes servizos de urxencias non hai os equipos necesarios para atendelos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Formule a pregunta por favor, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Si. A miña pregunta é clara: ¿que valoración fai sobre a xestión da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas.

Saúdoa a vostede, señora deputada. Saúdo tamén á Xunta de Persoal do CHOU de Ourense.

A verdade é que temos un moi bo sistema sanitario, por calidade e por accesibilidade. E canto máis se viaxa, máis se coñece, de verdade —a comparativa é importante—, e temos un bo sistema sanitario. E precisamente quero aproveitar esta oportunidade para agradecer aos profesionais do sistema sanitario o labor que fan; un magnífico labor.

Os servizos de urxencias son parte fundamental do sistema sanitario, imprescindibles pola atención que prestan. No noso sistema, a patoloxía urxente aténdese tanto nos puntos de atención continuada, coñecidos como PAC, como nos servizos hospitalarios de urxencias. O seu obxectivo: diagnosticar, tratar e estabilizar, na medida do posible, este tipo de patoloxía. O Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense está dotado estruturalmente de dependencias coa capacidade axeitada para atender o número de urxencias

que recibe: unhas 69.000 urxencias ao ano; 190 urxencias diarias de media, con picos que poden chegar a 256 pacientes por día e con mínimos en torno a 155 por día.

A atención aos doentes que demandan asistencia sanitaria urxente realízase de acordo coa planificación funcional establecida, realizando a recepción, acollida e clasificación dos cidadáns, o que permite asignarlles un nivel de urxencia. En función da triaxe, do nivel de urxencia asignado, os pacientes son ubicados nos lugares definidos pola súa asistencia: áreas funcionais, consultas, boxes etc. Dita asistencia realízase polo persoal facultativo de enfermería.

A cuantificación de efectivos está calculada e dimensionada segundo cargas de traballo e hora do día para cada área en concreto. Compre subliñar que o tempo medio de estancia en urxencias é de algo menos de cinco horas. En calquera caso, en todos os hospitais da rede do Sergas temos implantados sistemas de priorización de triaxe para que os máis graves se vexan no menor tempo posible. Noutras palabras, aténdese segundo o nivel de gravidade, non por orde de chegada.

Debemos sinalar que a dotación de persoal, tanto facultativo como de enfermería e auxiliar do Servizo de Urxencias, é o axeitado segundo os estándares que marca a Sociedade Española de Medicina de Urxencias e o propio Ministerio de Sanidade no documento *Unidade de urxencias hospitalarias: estándares e recomendacións*. De feito, a última ampliación do cadro de persoal realizouse hai un ano, incrementándose dúas enfermeiras na quenda de noite.

Hai que remarcar tamén que as salas da Unidade de Tránsito e Unidade de Preingreso, ás que fai referencia a pregunta formulada, non están ubicadas fisicamente no Servizo de Urxencias. Debo aclararlle que non dependen do citado Servizo de Urxencias, son —como o seu nome indica— salas onde se sitúan doentes con cama asignada en espera de que esta quede libre cando puntualmente hai situación de sobreaforo do hospital. Non poden estar dotadas de persoal de xeito rutinario porque só se empregan, como sinalei, en caso de sobreaforo, e nese momento é cando se dotan do persoal necesario.

Os pacientes ubicados en ditas salas están a cargo dos servizos correspondentes nos que foron ingresados, e son facultativos deses servizos os responsables deles. A estancia dos doentes nestas salas non supera as doce ou vinte e catro horas como máximo. Só excepcionalmente, por indicación do facultativo que realiza o ingreso, o cidadán é situado na Unidade de Observación de Urxencias. Soen ser pacientes que necesitan monitorización electrocardiográfica, e a indicación da súa estancia na citada unidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...realízase co cardiólogo de garda, que é o responsable.

Aproveitarei a segunda quenda para poder rematar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Acabo de volver vivir un *remake* de «no me chilles que no te veo», que suele ser habitual nesta Cámara cando se fai algún tipo de pregunta ao Goberno. Eu non lle estou preguntando polos protocolos de atención, eu polo que lle estou preguntando é pola política sanitaria do seu departamento. É por iso polo que lle estou preguntando, señor conselleiro. Por certo, o da orde de prioridade de atención aos pacientes vén xa dende a Primeira Guerra Mundial, non é unha novidade e non é un éxito do señor Feijóo.

Eu non sei se é que sufro algún tipo de problema de ubicación no espazo e no tempo, ou de comprensión lectora, ou é que, como terceira opción —igual practicamente seguro que non—, vostedes menten.

A ampliación do complexo hospitalario en setembro de 2014 ía estar lista para finais de 2015. En marzo de 2015 ía estar lista para o primeiro semestre de 2016. En setembro de 2015 ía estar para o verán do 2016. Eu entendo, se non me equivoco, que estamos en decembro de 2016 e aínda non se abriu, e a min gustaríame saber cando, señor conselleiro. E gustaríame saber cando se van reunir coa xunta de persoal, cos traballadores e traballadoras, para informalos de cousas tan importantes como que vai acontecer coa cociña, se vai haber unha liña fría ou non; ou que vai pasar cos aparcamentos, se se van acabar convertendo nun problema como foi no Álvaro Cunqueiro.

Pero mire, señor conselleiro, o máis grave de todo do departamento que vostede dirixe —e teño que dicirlle que ao noso grupo nos indigna de maneira especial— é que non escoiten. Vostede estivo inaugurando unidades, que é o que fai habitualmente cada vez que vén a Ourense, o 21 de novembro. Ese día había unha pancarta e estaban os traballadores e traballadoras protestando. Vostede pasou de largo, señor conselleiro.

Eu doulle, con total humildade, dous consellos. Primeiro, cese dunha vez por todas e deixe de protexer a xerente do complexo hospitalario de Ourense. E o segundo, a próxima vez que vaia facer algunha plublirreportaxe...

O señor PRESIDENTE: Remate. Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...pare a falar con eles e pregúntelles que se entende en Ourense por prima de risco, porque se lle aseguro, señor conselleiro, que non se trata de ningún termo económico.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas.

Sempre na segunda intervención aparece este tipo de teatro que quere a señora deputada ensinarnos. Mire, cando vostede sexa conselleira de Sanidade, cando sexa, decidirá a política sanitaria da Xunta de Galicia, polo momento non. Pero mire, é triste que faga chistes fáciles sen saber exactamente o que fun presentar ao hospital de Ourense. Cando alguén quere falar comigo, simplemente ten que dicir que quere falar comigo. Se estou nun acto sobre depresión infantil —paréceme algo moi serio—, que vostede non coñecía... Vostede só fala do que lle interesa, facer un pouco de teatro aquí, no Parlamento, para que digan en Ourense ¡que ben fala, deputada!, *(Aplausos.)* pero non ten ningún interese en resolver os problemas de Ourense, de sanidade, nin de nada, e descoñece absolutamente o que é un sistema sanitario. Cando saiba a actividade que fan os equipos que están traballando, desde o primeiro ao último, nos hospitais e nos centros de saúde poderá falar, pero, desgraciadamente, non o coñece.

Mire, o triaxe —dígoo a nivel informativo— non é da Primeira Guerra Mundial. O triaxe vén da guerra de Vietnam e vén do exército americano, que o utilizou. Polo tanto, por favor, ten que saber de onde vén o triaxe antes de falar por falar.

Teño que dicir neste momento que o Hospital Santa María Nai non ten camas pechadas. As dúas unidades ás que fan referencia na pregunta suman 46 camas e non 60; están á total disposición dos pacientes aos que lles indican a hospitalización os profesionais. Non dependen da xerencia as indicacións de ingreso, dependen dos profesionais, que con criterio profesional solicitan as necesidades.

Os servizos de urxencias teñen grandes problemas, por iso teño moi en valor a todos os profesionais que traballan alí, porque é o único servizo que non se pode planificar. Fanse estimacións segundo estatísticas doutros anos, pero non temos unha planificación, porque o Servizo de Urxencias, precisamente, o que busca é resolver os problemas que precise o cidadán en calquera momento do día, e aí estamos. Por iso temos medidas, tanto organizativas, espaciais, como de profesionais, para poder adaptarnos á demanda. E hai picos, ¡evidentemente que hai picos! Hai picos aquí, en Vigo, en Coruña e en calquera área sanitaria, porque —como digo— é o único servizo público onde o cidadán elixe o momento en que o necesita, e para iso estamos e para iso nos adaptamos.

Se vostede vén aquí non para arreglar os problemas sanitarios de Ourense, se vén para outra cousa...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...é o seu problema. Nós, na Consellería de Sanidade, estamos traballando para resolver os problemas sanitarios da cidadanía de Ourense.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Retomamos a orde do día.

Pregunta de Dª Noa Presas Bergantiños, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co incumprimento pola empresa Pemex dos seus compromisos de construción naval nos estaleiros de Barreras, así como as posibles consecuencias para o sector naval galego

O señor PRESIDENTE: A ver se pode ser desde a tribuna.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Esta pregunta foi rexistrada con carácter de urxencia debido a que os tempos desta Cámara impiden tratar moitas veces con suficiente axilidade os temas de actualidade. Pemex volvía estar de actualidade hai apenas unha semana, aínda que o certo, visto o nexo común dos moitos incumprimentos das promesas do Partido Popular no día a día dos galegos e das galegas, poderiamos xa os grupos da oposición rexistrar unha pregunta á semana que pregunte directamente canto vale a palabra do Partido Popular. Que credibilidade ten este Goberno ou que ten pensado facer, se é que nalgún momento vai facer unha valoración do que aconteceu con Pemex. Esas grandes promesas que ademais xa foron xulgadas no seu día pola Xunta electoral central a respecto de Pemex.

Poderiamos falar tamén dos anuncios de Navantía antes das últimas eleccións municipais etc. Pero o tempo corre, así que deixémolo en que o naval é para o Partido Popular, en campaña electoral, un atrezzo máis. Outra xente pon cartaces, o Partido Popular anuncia investimentos no naval: reiteradas promesas incumpridas —recórdolles— como os 14 remolcadores, os dous quimiqueiros, os tres buques-tanque, unha atuneira. Teño tan pouco tempo que non me dá tempo de resumilo todo. Tamén poderiamos recordar a diferenza entre os postos de traballo prometidos; por exemplo, os 3.000 postos prometidos en 30 meses entre Navantia e Barreras, que finalmente quedaron en arredor de 600 para Vigo e un aumento de arredor de 500 para Ferrol. Poderiamos falar tamén do incumprimento a respecto deses 2.000 postos de traballo de diferenza. Mais, realmente, o máis importante xa non é nin sequera esa noticia de actualidade de que Pemex anula ese segundo flotel, senón que realmente vemos como non hai estratexia de futuro a respecto do naval.

¿Quen tiña estratexia respecto do naval? Pois, por exemplo, México, que xa en 2013, cando se acordou esta cuestión con Pemex, dicían literalmente nos seus acordos que o obxectivo era transferir o coñecemento tecnolóxico de Barreras a México para resucitar o naval mexicano. É dicir, de México viñeron aquí cunha estratexia, a de absorber o noso coñecemento a cambio dun cheque de só cinco millóns e de só dous floteis, permitido isto por parte do Partido Popular. Sería interesante que desde este Goberno nos explicasen que valoración fan dos últimos acontecementos, que revelan que isto quedou en papel mollado, que foi simplemente unha estratexia de pan para hoxe e miseria para mañá. E agora o noso coñecemento emigrado a respecto do naval ten a incerteza de que pasará cos postos de traballo, que pasará a respecto do naval en Vigo e que pasará tamén, nun futuro máis cercano que lonxano, co naval en Navantia.

Eu non lles vou dicir que teñen que estar no Consello de Administración de Pemex, loxicamente, pero tampouco estaba mal —xa que saíu o tema pola mañá— que nalgún momento se dedicasen a cumprir a Lei do naval e a integrarse nos consellos de administración do naval público e a implicarse, realmente, co naval neste país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señora Presas, eu non sei se o Bipartito é responsable ou non pero, xa que falamos de tecnoloxía, eu invítoa a que se incorpore á política industrial deste Goberno, da industria 4.0, e como podemos modernizar e reindustrializar a través dunha aposta clara pola industria, cousa que, lamentablemente, non está a facer o seu grupo.

Mire, sinceramente, cústame moito entender a posición do seu grupo, esa negatividade, esa desconfianza, incluso esa acritude, pero xa non me custa entendela por parte do Goberno. Sinceramente, eh, creo que é unha falta de respecto ao sector naval galego. Mire, o sector naval galego pasou por moitísimas dificultades —pode que vostede estivera mirando para outro sitio— pero moitísimas dificultades, e tivo que ver, lamentablemente, as súas gradas baleiras, tívoas que ver. E este Goberno chegou coas gradas baleiras; e este Goberno chegou e non había contratos; e este Goberno chegou e un comisario do Partido Socialista abriu un expediente *tax lease* que case leva por diante o sector naval galego. Esa é a realidade que atopou este Goberno. E, mire, aquí houbo un traballo conxunto. O Bloque Nacionalista Galego non estaba, nin se lle espera, lamentablemente, pero houbo unha unidade de acción entre os estaleiros, entre o Goberno, entre a industria auxiliar, entre os propios traballadores... e nesa unidade de acción saímos adiante; e saímos adiante para sacar un novo sistema de *tax lease* e, tamén, saímos adiante, señoría, para encher as gradas de contratos.

Cando vostede fala con tanta frivolidade de que se acadaron dous contratos, como foron os contratos de Pemex, para construír dous floteis, vostede estalle faltando ao respecto á xente que quería traballar e que quería ter un futuro no sector naval e que nunha situación onde non había contratos este Goberno conseguiu eses contratos *(Aplausos.)* E, polo tanto, señoría, creo que o sector naval merece un respecto. E merece un respecto, tamén, Pemex —aínda que lles pese— porque Pemex nesa situación de dificultade foi quen de darlle carga de traballo aos estaleiros galegos. E nesa situación de dificultade permitiulles a dous estaleiros, como son Armón e Freire, participar na renovación da flota menor de Pemex, que está participando nesa renovación da flota menor de Pemex, e entrou a formar parte de Barreras. Señoría, nun estaleiro privado, non se olvide, nun estaleiro privado, a prezo de mercado privado, que determinaron os accionistas. E permitiu que, efectivamente, Barreras hoxe siga coa súa reconversión e siga pensando en futuro. Polo tanto, sinceramente, creo que a situación do sector naval hoxe é totalmente diferente, os floteis de Pemex son unha realidade —aínda que lles pese— e os floteis de Pemex, señoría, serviron para darlle un pulo ao sector naval galego, e hoxe o sector naval galego mira con outra perspectiva.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben. ¡Home!, que cumpriran con dúas das múltiples promesas e anuncios electorais que fixeron, pois, ¡home!, unha media de 1 de cada 10 pois tampouco está mal. Desde logo que nós nos alegramos de que houbera esa carga de traballo, agora ben ¿a que prezo? ¿Ao prezo de vender o coñecemento do naval galego a prezo de saldo? ¿A prezo de non poñer condicións sobre a mesa para que se manteña a medio e longo prazo carga de traballo? ¿A prezo de que, a diferenza do que pasa con outras administracións e outras partes do estado, non se aposte por sectores que teñen valor engadido e que van ser o futuro cando o mundo do petróleo non o sexa, como é a cuestión do gas ou do investimento en I+D+i e na creación de coñecemento e a aposta por esa vía? Pois ¿que quere que lle diga? Eu xa aprendín hoxe que seica no BNG estamos en contra das autovías, agora tamén estamos en contra da industria, pero, mal que lles pese, non imos ser os do non nesta Cámara e terán máis propostas a respecto do naval nesta lexislatura que iniciamos.

Faime graza, tamén, que falen de unidade de acción cando vostedes mesmos teñen sido cómplices da estratexia de Navantia de culpar dese retraso, do que nos falaban pola mañá, aos propios traballadores e traballadoras que tiñan denunciado, ademais, a desorganización e a demora que houbo nesa actualización do traballo. Miren, a estratexia que teñen vostedes é ir desmantelando progresivamente —moitas veces parece que iso é o que queren— o noso naval, porque a menor volume de traballo, a menor carga de traballo, pois tamén menor conflitividade social. Entón, claro, vostedes o que deben de estar pensando é que agora, cando Vigo, cando Barreras quede sen carga de traballo, que será fácil silenciar estes cincocentos traballadores e traballadoras. Pero desde logo que nós, que confiamos no noso pobo e en que sexan capaces de organizarse e de responder, confiamos en que iso si que teña resposta social e que iso si que implique que, por fin, a Xunta teña que comprometerse en serio co naval. Porque, efectivamente, cando falamos de Barreras falamos do naval privado pero, tamén, habería que falar moito máis do naval público e da nula implicación que ten a Xunta de Galicia con iso, que o único que fai é facer promesas electorais para logo que non queden na concreción e, desde logo, diso non terá a culpa o BNG. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Ten tanta incoherencia o seu discurso de política industrial que, lamentablemente, ten que dicir cousas baleiras de contido, simplemente slogans e, lamentablemente, non queren falar de política industrial.

Agora vén aquí trasladar a aposta do Goberno polos sectores estratéxicos. Pero se nós claramente o vimos trasladar. Nunca escoitei o apoio determinante do Bloque Nacionalista Ga-

lego ao proxecto de Rozas para desenvolver un proxecto aeronáutico de I+D+i, por exemplo. Pero se quere falamos doutras iniciativas, como Reganosa, que tamén están en contra, están en contra de Ence, están en contra de Elnosa. *(Murmurios.)* Pero como vostede sempre vén aquí, señora Presas, para criticar todo, para criticar todo... Dá igual, critican; se non facemos critican pero se facemos tamén. Critican se conseguimos carga de traballo e se non a conseguimos, tamén. Critican se Pemex aposta por Galicia e se hai risco de que se vaia, tamén. Dá igual. A vostedes dálles igual, veñen aquí simplemente porque parece que ese é o obxectivo que os motiva.

En calquera caso, señoría, a aposta polo sector naval, creo que a este Goberno non lle ten que dar lecciónes, o que ten que darlle son apoios e iniciativas, nada máis. Pero vostede sempre que vén aquí falar do sector naval é para criticar o propio sector naval *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Polo tanto, nós seguiremos traballando polo sector naval, seguiremos traballado e apoiando a innovación. Vexo que non coñece o proxecto Naval 4.0, que non coñece o proxecto Estaleiro 4.0; os dous que están en materia de innovación apoiados por este Goberno. Seguimos apoiando os estaleiros, apoiamos a Barreras, nunha situación que estaba nun proceso de concurso de liquidación e este Goberno apoiou cun préstamo, tamén, a Barreras para que puidera saír dese concurso. Seguiremos apoiando, polo tanto, o sector naval e nunha situación, señoría, na que nestes momentos Galicia está liderando as contratacións de buques cun 66 %. Conseguimos diversificar o sector naval. Non quere agora falar de Astano. Astano levaba 10 anos sen carga de traballo e, nestes momentos, son, señoría, 240 millóns de euros de contratación na eólica *offshore* que se está a desenvolver por parte de Navantia en Astano. E, polo tanto, señoría, unha situación na que Pemex xogou un papel determinante, insisto, Pemex xogou un papel determinante na recuperación do sector naval e Pemex segue apoiando o sector naval coa súa participación en Barreras e promovendo novos contratos para o sector naval. Polo tanto, señoría, nada de promesas incumpridas, feitos concretos e unha realidade do sector naval que hoxe non ten nada que ver coa que nós nos atopamos no ano 2009 despois de 4 anos de abandono do sector naval por parte do Bipartito.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. José Manuel Lago Peñas, do G. P. de En Marea, sobre a deterioración existente en Galicia na distribución do emprego por idades

O señor PRESIDENTE: Pregunta do señor Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Alégrome porque penso bater o récord da pregunta máis breve da historia do Parlamento de Galicia:

No terceiro trimestre do ano 2007, en Galicia traballaban 459.600 persoas menores de 35 anos. Agora, no mesmo trimestre do 2016 fano tan só 257.300. Faltan 200.300, ¿onde están?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Dálle resposta o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señoría, sabe que a vostede eu lle teño moito respecto desde o punto de vista do seu coñecemento do mercado laboral. Pero se pretende simplificar desa forma a realidade que supón o mercado laboral e, polo tanto, todos os elementos que inflúen na propia evolución, eu creo que estaremos facendo, sinceramente, un diagnóstico errado e, polo tanto, se temos un diagnóstico errado non imos poder atopar as solucións axeitadas. *(Aplausos.)*

A realidade do mercado laboral, señoría, é que, efectivamente, estamos marcando unha tendencia de recuperación do emprego clara —no último ano de 20.000 empregos—, que se falamos dos mozos e das mozas —que é o dato que vostede reflicte—, no que vai de ano 10.500 recuperaron a súa ocupación e, o que é máis importante, tamén, o 78 % —por dar un dato complementario— ten unha contratación a xornada completa. Polo tanto, estamos falando —insisto— dun tema complexo, non só hai que falar de ocupados porque entón podemos falar tamén do índice de envellecemento, podemos falar da taxa de natalidade e poderiamos falar, tamén, dos datos migratorios, que, como sabe, teñen un balance positivo para Galicia nos últimos anos. Polo tanto, eu creo que, xa digo, que cando falamos dos menores de 30 anos, temos que falar de como temos que acompañar as medidas para que efectivamente poidan recuperar as súas perspectivas laborais. E creo que aí estamos traballando; creo, sinceramente, que aí estamos traballando.

O 47 % dos traballadores contratados con apoios da consellería teñen menos de 30 anos, o 47 %. Ademais, como sabe, dende hai dous anos estamos desenvolvendo o Programa de garantía xuvenil, que está dotado con 16 millóns de euros. Estamos facendo unha inserción importante a través dos orientadores laborais, estamos dándolles formación — importantísima formación— aos máis xoves, preto de 10.000 alumnos con menos de 30 anos participaron nos cursos de formación. E estamos facilitándolles, tamén, aos menores de 30 anos o emprendemento e, polo tanto, os incentivos para o traballo por conta propia. Eu creo que ese esforzo ten resultados. Temos nestes momentos —por dar un dato que permita compensar o seu— a metade de mozos desempregados menores de 30 anos que tiñamos ao inicio da primeira lexislatura, a metade. E, polo tanto, eu creo que —xa digo— estamos dando pasos... eu creo que o que temos que facer é nese Plan de garantía xuvenil, onde esta mesma semana tivemos unha reunión co Goberno e imos traballar conxuntamente para unha maior accesibilidade ao Plan de garantía xuvenil e vanse dotar máis recursos no propio Programa de garantía xuvenil para darlles oportunidades a eses xoves para que poidan encontrar esas oportunidades e que se poidan incorporar ao mercado laboral.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Lago.

O señor LAGO PEÑA: Nin facendo a pregunta concreta e concisa é posible obter unha resposta, señor conselleiro.

202.300 persoas menores de 35 anos que non están traballando neste país. Elixín o ano 2007 para ver —como fixo Olaia— se non era o problema de repartir as culpas, ¿non? Elixín o ano 2007. Faltan 202.300 persoas no país. Algunhas non naceron, outras están fóra. É difícil entender que teñamos un saldo migratorio positivo cando faltan 202.300 persoas novas. Se aínda, por riba, temos un saldo migratorio positivo, non sei onde está o problema.

Señor conselleiro, están fóra moitos deles, e os que están dentro están desanimados porque, como vostede sabe ben, a taxa de actividade das persoas menores de 35 anos baixou en seis puntos —32.000—; e ademais están en paro. Vostede fai un truco —coñéceo e decepcióname— porque utiliza o dato de 2012, en que estabamos abaixo de todo. Utilice o dato do ano 2009 ou do 2007, en que non estaban vostedes gobernando: hai 35.000 parados máis menores de 35 anos. E ese é o problema co que este país se está enfrontando, que ten que ver coa demografía pero ten que ver, sobre todo, co nivel de emprego, de calidade de emprego, de oportunidades de vida para a xente. E estamos construíndo unha sociedade, conselleiro, inviable. No ano 2007 as persoas menores de 35 anos supoñían o 37 % sobre o total do mercado de traballo, un de cada tres traballadores era unha persoa nova; agora xa é un de cada cinco.

E remato. A sensación que teño eu, conselleiro, é que o Goberno da Xunta neste tema é como a orquestra do *Titanic*.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LAGO PEÑAS: Imos camiño das pedras...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Hoxe saíu a noticia de como foi a evolución demográfica nos seis primeiros meses do ano. Imos camiño das pedras e vostedes seguen como a orquestra do *Titanic*, tocando a canción.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Turno de peche. Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor Lago, datos do ano 2007. Mire, no ano 2007 foi o maior volume de emigración xuvenil que se produciu en Galicia de toda a serie última: 13.970 mozos abandonaron Galicia. Entre o ano 2008 e o 2015 —datos do Instituto Nacional de Estatística— entraron en Galicia 3.916 mozos máis dos que saíron. Ese é o dato de emigración xuvenil, é o dato, Instituto Nacional de Estatística.

¿Que é certo que a situación do mercado laboral é moi complexa? Acéptoo. ¿Que é certo que hai que falar tamén do Plan de demografía? Acéptoo. ¿Que hai que falar efectivamente de como abrir novas oportunidades a estes xoves para que atopen un emprego de calidade e

que, polo tanto, poidan desenvolver actividades dende o punto de vista laboral vinculadas a novos empregos en materia de innovación e novas tecnoloxías? Acéptoo. Pero o que non podo aceptar simplemente é que vostede pretenda facer da excepción a regra; non, non podo aceptalo. Nin tampouco que cun dato me faga unha tendencia porque iso non é rigoroso. E eu téñoo por unha persoa moi rigorosa e, polo tanto, creo que nin a excepción fai a regra e ningún dato fai a tendencia.

A tendencia que temos neste momento —iso si é unha tendencia— é que nestes momentos en Galicia atopan traballo cincuenta persoas ao día, esa é unha tendencia. E que temos que traballar para que haxa máis oportunidades e que haxa máis oportunidades de calidade estou totalmente de acordo, e no caso dos xoves, especialmente. E aí temos un contexto onde traballar: o Programa de garantía xuvenil; un programa que leva dous anos, que está permitindo abrirlles oportunidades aos xoves en todos os ámbitos —en materia de formación, en materia de emprendemento, en materia de economía social, tamén— e que, xa digo, co acordo que se alcanzou esta semana, vai permitir unha maior accesibilidade dos menores de 30 anos para este programa e imos dispoñer de máis fondos. E aí é onde temos que traballar, ver como podemos abrir esas oportunidades en materia de emprendemento, en materia de economía social, en materia, tamén, a atender os parados de longa duración —que tamén se ven afectados neste tramo de idade— e que, polo tanto, temos, sinceramente, moito que traballar. Pero creo que hai unha política clara, unha Axenda 2020, hai unha política industrial clara, hai unha política de innovación clara e hai unha política, polo tanto, económica pensando, precisamente, en marcar como prioridade a creación de emprego. E, dentro desa prioridade, os xoves, as mulleres e os parados de longa duración, dende logo, creo que son as tres principais prioridades.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Remata aquí a orde do día, toda vez que a última pregunta, que era do Grupo Parlamentario Popular, foi retirada. E antes de dar por finalizada esta sesión teño a ben ler unha declaración institucional que me fan chegar os grupos e que leo textualmente:

Declaración institucional relativa á petición do indulto de Carlos Rivas e Serafín Rodríguez

«Dende hai máis de dous anos convócanse en Vigo mobilizacións e concentracións para pedir o indulto de Carlos Rivas e Serafín Rodríguez, traballadores que hoxe nos acompañan, que foron condenados a tres anos de prisión ao aplicárselles o artigo 315.3 do Código Penal, atentando contra os dereitos da clase traballadora, cando estaban a participar nun piquete informativo legal nunha folga do sector do transporte en 2008.

En decembro de 2013, o Consello de Ministros denegoulles a Carlos e Serafín a concesión de indulto que solicitaran as centrais sindicais CIG, UGT e CCOO, xunto co aval de milleiros de sinaturas da cidadanía galega, o que motivou unha nova petición de indulto, que recibiu o apoio unánime do Parlamento de Galicia en febreiro de 2014.

Carlos Rivas e Serafín Rodríguez seguen condenados e pendentes de que se resolva a segunda petición de indulto, polo que o Parlamento de Galicia reitera a súa solidariedade con eles e coas súas familias e pronúnciase a favor de que o Consello de Ministros tome en consideración inmediatamente a petición de indulto parcial para Carlos Rivas e Serafín Rodríguez coa finalidade de evitar o seu ingreso en prisión.».

Esta é a lectura.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Apróbase por asentimento.)

Levántase a sesión. Isto xa rematou.

Remata a sesión ás dúas e oito minutos da tarde.

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25